

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 132

Sesión plenaria
4 de xullo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate e votación do Ditame, elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do Proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (doc. núm. 53362, 11/PL-000022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 491, do 09.05.2023

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 512, do 23.06.2023

Publicación do ditame da Comisión e mantemento de emendas, BOPG nº 513, do 27.06.2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 54824 (11/CPP-000136)

Do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar das liñas de acción na área de deportes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

Punto 3. Mocións

3.1 54977 (11/MOC-000167)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a loita contra a violencia machista. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 54173, publicada no BOPG núm. 506 do 14 de xuño de 2023, e debatida na sesión plenaria do 27 de xuño de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 517, do 03.07.2023

3.2 54978 (11/MOC-000168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a planificación da atención sanitaria na época estival (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 54065, publicada no BOPG núm. 506 do 14 de xuño de 2023, e debatida na sesión plenaria do 27 de xuño de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 517, do 03.07.2023

3.3 54979 (11/MOC-000169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 54234, publicada no BOPG núm. 506 do 14 de xuño de 2023, e debatida na sesión plenaria do 27 de xuño de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 517, do 03.07.2023



Punto 4. Propositions non de lei

4.1 52462 (11/PNP-004346)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación das rías galegas e do marisqueo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

4.2 52881 (11/PNP-004377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización da vivenda baleira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

4.3 54255 (11/PNP-004507)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España no que atinxe á planificación da rede de transporte eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

4.4 54422 (11/PNP-004516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre acordos que se propoñen para a súa adopción por parte do Parlamento de Galicia ante a apertura de dilixencias no xulgado contra varios directivos da CRTVG por acoso moral e laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

4.5 54478 (11/PNP-004524)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a materialización por parte do Goberno galego das promesas de axudas directas aos produtores da indicación xeográfica protexida Ternera Gallega logo das súas mobilizacións do mes de abril de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

4.6 54496 (11/PNP-004526)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandarlle ao Goberno de España dirixidas a acabar cos déficits de persoal facultativo na especialidade de medicina familiar e comunitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023



Punto 5. Interpelacións

5.1 5627 (11/INT-000381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 52, do 25.11.2020

5.2 53835 (11/INT-002594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 499, do 31.05.2023

5.3 54463 (11/INT-002635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 54825 (11/POPX-000113)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións estratéxicas do seu Goberno ata o final desta lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

6.2 54829 (11/POPX-000114)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a atención do Goberno galego aos retos que Galicia ten por diante

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 53546 (11/POP-008229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a situación administrativa dos axentes ambientais pertencentes ás consellarías do Medio Rural e de Medio Ambiente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023



7.2 51347 (11/POP-007941)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e dous deputados/as máis**

Sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

7.3 54347 (11/POP-0082318)**Grupo Parlamentario Popula de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a situación en que se atopan os servizos e as infraestruturas ferroviarias en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

7.4 54813 (11/PUP-000349)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia ante a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula a adxudicación de transporte escolar a Monbus

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

7.5 54241 (11/POP-008307)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis**

Sobre a xestión que o Goberno de España está a realizar dos fondos europeos de recuperación no ámbito da industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 506, do 14.06.2023

7.6 54822 (11/PUP-000350)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre o cumprimento da lexislación vixente no caso da mina de San Finx en Lousame

Publicación da iniciativa, BOPG nº 514, do 28.06.2023

7.7 52215 (11/POP-008067)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre o novo modelo de competencias profesionais docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

7.8 54629 (11/POP-008345)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaseis deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura dunha vacante no cadro de facultativos do Centro de Saúde de Lousame

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 510, do 21.06.2023



7.9 46095 (11/POP-006915)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego para dar cumprimento á Lei 5/2001, de impulso demográfico de Galicia, no que respecta ás familias monomarentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 435, do 11.01.2023



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que se manteñen para o Pleno as emendas presentadas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos (Pomar Tojo). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 12.), Sra. Fernández Gómez (BNG) (Páx. 17.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 23.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 27.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 30.)

O señor presidente comunica que a señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto) solicita unha intervención, e dálle a palabra. (Páx. 32.)

Intervención da señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 32.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos —da 1 á 3, a 6, 7, 9, da 12 á 17, 20, 22, 23, 25, 26, 29, 33, 35, 37, 40, 42, 45, 46, 48, 54, 57, 59, 60, da 62 á 67, 69, 70 e 72—, sobre o proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia: rexeitadas por 18 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións. (Páx. 33.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, coas emendas incorporadas, sobre o proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia: aprobado por 42 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións. (Páx. 34.)



Comparecencia do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar das liñas de acción na área de deportes. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 34.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 44.), Sr. Castro García (BNG) (Páx. 47.) e Sra. Murillo Solís (P). (Páx. 50.)

Réplica do Goberno: Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 54.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 61.) Nesta rolda interveñen o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 61.), o señor Castro García (BNG) (Páx. 64.), a señora Murillo Solís (P) (Páx. 65.) e o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 67.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre a loita contra a violencia machista. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 70.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Díaz Varela (S). (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 77.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 81.)

Suspéndese a sesión ás dúas e nove minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación da atención sanitaria na época estival. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 87.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 90.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 94.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Lago (S) (Páx. 100.) e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 102.)

Nova intervención da señora Carreira Pazos (BNG). (Páx. 105.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre a loita contra a violencia machista: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación da atención sanitaria na época estival: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) solicita a votación por separado dos puntos 1, 2 e 3 por un lado e dos puntos 4 e 5 por outro da moción presentada por dona Iria Carreira Pazos e que se vai votar a seguir. (Páx. 108.)

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galicia, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT: *aprobados por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 109.)

Votación dos puntos 4 e 5 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galicia, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT: *rexeitados por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 109.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación das rías galegas e do marisqueo. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 109.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 112.) *e Sra. Suárez Sarmiento (P).* (Páx. 116.)

Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 119.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización da vivenda baleira. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Gómez (BNG).* (Páx. 121.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Arias (S)* (Páx. 125.) *e Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 128.)

Nova intervención da señora Fernández Gomez (BNG). (Páx. 131.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España no que atinxe á planificación da rede de transporte eléctrica. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 133.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Rodríguez Pérez (P). (Páx. 134.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 136.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 142.)

O señor Rodríguez Pérez (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 143.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e dous minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustifica a inasistencia a esta sesión plenaria o deputado don Ramón Fernández Alfonso. E, sen máis, entramos xa na orde do día.

O primeiro punto é un texto lexislativo, que é o debate e a votación do Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Debate e votación do Ditame elaborado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas. Hai unha serie de emendas vivas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

E para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, dona Carmen María Pomar Tojo.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento con data do 3 de maio de 2023, co número de asento rexistral 53362. A súa admisión a trámite efectivizouna a Mesa do Parlamento na reunión do 8 de maio, procedendo á apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 29 de maio e 14 de xuño para as emendas á totalidade e ao articulado, terceira prorroga, respectivamente.

A Mesa do Parlamento, na reunión do 23 de maio de 2023, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos. Así mesmo, a Mesa do Parlamento, na reunión do día 12 de xuño, admitiu a trámite o escrito dos corenta e dous deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, no que solicitan a súa tramitación polo procedemento de urxencia.

As emendas ao articulado presentadas e admitidas a trámite, logo da súa cualificación pola Mesa da Comisión, na sesión do día 16 de xuño, foron un total de oitenta e cinco emendas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



A Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas Medio Ambiente e Servizos, na sesión do día 19 de xuño, designou as seguintes e os seguintes ponentes: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don José Alberto Pazos Couñago, titular, e dona María Begoña Freire Vázquez, suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Alexandra Fernández Gómez, titular, e don Luís Bará Torres, suplente; e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Otero Rodríguez, titular, e don Julio Torrado Quintela, suplente.

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o 20 de xuño, coa miña presidencia como presidenta desta comisión e coa asistencia das ponentes e dos ponentes señor Pazos Couñago, señora Fernández Gómez, señor Torrado Quintela e señora Freire Vázquez. Logo da súa constitución formal iniciaron os seus traballos.

E na reunión do día 21 de xuño, coa asistencia das ponentes e do ponente titulares señor Pazos Couñago, señora Fernández Gómez e señora Otero Rodríguez, concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia, que emitiron con data do 21 de xuño.

Posteriormente, a Comisión 2ª, de Ordenación Territorial Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na sesión do 26 de xuño, aprobou o ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria xunto coas emendas mantidas.

Cómpre, pois, rematar hoxe a tramitación deste procedemento lexislativo co seu debate e, se é o caso, coa aprobación do proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos co Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Dende o Grupo Parlamentario do PSdG queremos darlles tamén hoxe a benvida aos representantes das confrarías de pescadores de Galicia e tamén aos representantes da cadea mar-industria que hoxe nos acompañan para este debate e votación do proxecto de lei de ordenación e xestión integral do litoral de Galicia.

Quero recordarlles tamén que dende o Grupo Parlamentario do PSdG e dende o propio PSdG sempre estivemos a carón da cadea mar-industria e escoitando tamén as súas reivindicacións e as súas necesidades, e tamén traballando a prol dos seus intereses alí onde nos correspondía. Pero quero que hoxe tamén escoiten o porqué da nosa abstención a este proxecto



de lei e cales son os motivos que nos levaron a tomar esa decisión despois de, dende un primeiro momento, tender a man por parte do PSdG á Xunta de Galicia e ao Grupo Parlamentario Popular, para sacar unha boa lei entre todos e entre todas. Pero a verdade é que esa man tendida que ofrecemos dende o PSdG nos atopamos totalmente coas portas pechadas da Xunta de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular.

E quero tamén agradecer á letrada Puri López todo o que nos ten axudado a elaborar a ponencia deste proxecto de lei, e tamén agradecer o ton dos ponentes tanto do Partido Popular como do Bloque Nacionalista Galego ao longo desta escasa e reducida tramitación parlamentaria desta lei.

Porque hoxe o que se vai constatar aquí nesta Cámara é a forma de actuar do Partido Popular e da Xunta de Galicia. Esa ameaza que nos lanzaban aos grupos parlamentarios da oposición de que esta lei se ía aprobar neste período de sesións si ou si. Non lles importaba para nada non ter un bo debate parlamentario, non lles importaba para nada as aportacións que podíamos facer dende os grupos parlamentarios da oposición para mellorar esta lei, que nós consideramos que é fundamental para a nosa comunidade autónoma. Pero é a forma de actuar do Partido Popular, e vemos que no remate deste período de sesións lle entraron as présas.

A semana pasada aprobaban neste pleno tamén a Lei do xogo, unha Lei do xogo que levaban prometida durante moitos anos por parte do Partido Popular. Pero, ao final, ás présas e con esa forma de actuar da Xunta de Galicia, aprobouse a semana pasada tamén con esa rapidez que nos teñen acostumados por parte da Xunta de Galicia.

E agora o que nos chama poderosamente a atención ao PSdG é que hai que facer un recordatorio. ¿Cal é o balance do Partido Popular, e nomeadamente do señor Núñez Feijóo, agora candidato á presidencia do Goberno de España, e tamén do señor Rueda, en materia de transferencia de competencias? É que parece que levan gobernando vostedes un ano; levan gobernando catorce anos ininterrompidamente a Xunta de Galicia, e non foron quen de conseguir unha soa transferencia de competencias para Galicia (*Aplausos*.) É que xa non é quen non fosen capaces de conseguilas, é que non foron capaces de solicitalas. Ese é o seu balance en materia de transferencia de competencias acadadas pola nosa Comunidade Autónoma. Dende que goberna o Partido Popular a Xunta de Galicia, cero transferencias acadadas.

E a verdade é que esta situación podería terse xa solventado, podería estar solventada se vostedes fosen quen de apoiar ese Goberno da Xunta de Galicia presidido polo señor Touriño, que xa hai moitos anos pedía tamén a transferencia destas competencias. Pero daquela o Partido Popular non quería escoitar nada ao respecto.

Claro, agora éntranlle as présas para querer ter aprobado este proxecto de lei antes de finalizar este período de sesións. Casualmente, hoxe é o último pleno deste período de sesións. E nós non imos entrar ao xogo do Partido Popular, que o único que busca con esta lei non é dotar de seguridade xurídica nin a nosa cadea mar-industria nin sequera os propietarios, senón o que buscan é un rédito electoral e seguir confrontando co Goberno central. Foi o que fixeron dende xuño do ano 2018 cando Pedro Sánchez chegou á Presidencia do Goberno de España.



Nós —como dicíamos— ofrecemos a man tendida do PSdG dende o primeiro momento, cando a Xunta de Galicia deu a coñecer que era a súa intención sacar adiante unha lei de ordenación do litoral; aí están tamén as palabras do noso secretario xeral. Sempre pedimos un debate sosegado que permitise dar a maior das seguridades xurídicas a un sector que consideramos fundamental na nosa comunidade autónoma, todo ese sector da cadea mar-industria. Esa parecía ser a finalidade da Xunta de Galicia cando daban a coñecer a súa intención de tramitar este proxecto de lei. Pero vimos co acontecer das semanas como agochaban outras intencións, que non eran nin dotar de seguridade xurídica a cadea mar-industria nin, dende logo, protexer o noso litoral de posibles pelotazos urbanísticos.

E o seu obxectivo non era velar polos intereses da cadea mar-industria como nos dicían —e non me cansarei de repetir—, senón que o seu obxectivo é seguir confrontando co Goberno central. Nós pedíamos un necesario debate sosegado que non se deu, porque cómpre recordar que a Xunta de Galicia, coa complicidade, loxicamente, do Grupo Parlamentario Popular, pola parte de atrás, someteu este debate, ao acurtar os prazos, a un procedemento exprés. E, ademais, xa nos dixeron coa súa forma que teñen de actuar por parte da Xunta de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular: vaise aprobar si ou si. Esa é a forma que teñen vostedes de empregar as maiorías absolutas que lles dan os veciños e as veciñas de Galicia.

Polo tanto, nós tamén entendemos que esta forma de actuar da Xunta de Galicia é unha ofensa á man tendida por este grupo parlamentario dende un primeiro momento. Sempre quixemos un debate tranquilo, sosegado, en positivo, co único obxectivo de mellorar a lei. Dende o primeiro momento, este grupo parlamentario do PSdG non puxo ningún tipo de atrancos nin pegas, porque queríamos abordar esta lei con toda a tranquilidade, con todo o sosego e, dende logo, sacar o mellor para Galicia. Pero o que non imos facer é ser cómplices e colaboradores necesarios do uso electoralista que fai a Xunta de Galicia deste proxecto de lei. E repito: coa única busca de confrontar co Goberno central nunha normativa que cremos e consideramos tan importante como é esta Lei do litoral.

Tranquilidade e calma era o que pedíamos, porque parece que a Xunta de Galicia mudou de posicionamento no momento en que se convocaron as eleccións xerais e se dissolveu o Congreso dos Deputados. Porque, aparentemente, cando vostedes presentaron ese proxecto de lei, a fase de exposición pública —hai que recordar— foi en pleno mes de Nadal, en decembro. A Xunta de Galicia di: queremos que participe a sociedade civil dunha forma maioritaria. ¿Cren vostedes que o mes de Nadal, o mes de decembro, é o mellor mes para facilitar a participación da sociedade civil? Pero xa vimos como as súas intencións eran outras e tamén como a intención era que participase canto menos xente mellor.

Aparentemente, querían tramitar e aprobar esa lei cara ao final de ano, porque así coincidía tamén co que se supoñía que ía ser a convocatoria de eleccións xerais cara ao final de ano. Cando se disolveron as Cortes Xerais e se convocaron eleccións xerais para o 23 de xuño, foi cando a Xunta de Galicia, pola parte de atrás, pediu que se tramitase de xeito exprés esta lei. (Aplausos.) Polo tanto, coincidencias, coincidencias, como se soe dicir: branco e en botella.

Polo tanto, de xeito unilateral, como nos teñen acostumados o Grupo Parlamentario Popular, aceleraron os prazos e os trámites cortando todo o debate parlamentario, querendo reducir,



incluso, a só un único día os traballos na Ponencia. ¿Pero vostedes cren que unha lei que é tan importante para a nosa comunidade autónoma se pode abordar nun só día de traballo da Ponencia? É que, a verdade, é increíble.

Poderosamente, voules dar datos: constituímos a Ponencia deste proxecto de lei un luns, o xoves reunímonos en traballo da Ponencia e xa estaba listo para despois debater e para aprobar na Comisión na semana seguinte. Non, isto non é querer abordar este debate tan importante dun xeito tranquilo e dun xeito participativo.

Polo tanto, a única intención foi acurtar os prazos para adaptalos aos seus intereses electorais, todo á prisa para que esta lei estea aprobada hoxe neste período de sesións —repito— xusto antes dunhas eleccións xerais. Á Xunta de Galicia dálle igual como saia esta lei, de tanta importancia para a nosa comunidade autónoma; dálles igual furtar o debate parlamentario con tal de cumprir o seu obxectivo de responder aos seus intereses electorais.

Non quixeron debater, non quixeron consensuar, non quixeron dialogar para sacar adiante unha boa lei. É unha nova imposición máis do Partido Popular, que —repito— esa é a forma que teñen para empregar as súas maiorías absolutas.

E nestas semanas estamos a ver como a vicepresidenta segunda da Xunta de Galicia e tamén o novo conselleiro do Mar están a enganar tamén unha parte da cadea mar-industria, e estou a falar do caso de Oestreira no Grove. Porque non é certo como está a terxiversar e a manipular a Xunta de Galicia que Costas lle revogase a licenza de ocupación do espazo costeiro á empresa Oestreira. Ao contrario, o informe de ocupación destes terreos foi favorable, cun prazo máximo de setenta e cinco anos. A única parte que non foi admitida inicialmente —e repito: inicialmente— é a proposta da ampliación das piscinas en terreo público, xa que a empresa ten dispoñible unha parcela privada ao lado, cara a onde poderían ampliar as súas instalacións.

En todo caso, por iso repetía o de «inicialmente», dende Costas estívose en contacto coa empresa e trasladóuselle a posibilidade que teñen de alegar, e que, polo tanto, remitisen un escrito alegando a imposibilidade de ampliar as piscinas cara a esa parcela privada, co fin de buscar unha solución. Costas, polo tanto, non está pechada en banda e indicoulle á empresa os trámites que ten que seguir para conseguir esa autorización para as piscinas, coa xustificación de que as mesmas deben de estar nesa ubicación e non nas da parcela privada. No día de hoxe, a empresa non ten presentada esa documentación.

Pero cómpre indicar que as resolucións sobre esta petición son do 10 de xaneiro do ano 2023. Vai haber case seis meses que se emitiron estas resolucións. Hai case seis meses, señora conselleira, pero vostedes móvense agora neste mes de xullo por aí dicindo que Costas revogou esa licenza. Polo tanto, non se entende a razón que vostede nomeadamente ten con facer ruído con este tema. Xusto agora —repito— case seis meses despois de ter esa información. ¿Que pretende a Xunta de Galicia con esta nova manipulación, con esta nova terxiversación da realidade?

Esta é a forma que ten a Xunta de Galicia de axudar as empresas da cadea mar-industria: con enganar —como nos teñen acostumados—, con manipulacións, co único obxectivo de



embarralo todo. É aí onde se saben mover, señora conselleira. E de confrontar co Goberno central, co único obxectivo, tamén agora seis meses despois, de buscar un rédito electoral. Casualidades da vida tamén, ¿non? Resolución do 10 de xaneiro e a Xunta de Galicia, no-meadamente os conselleiros, poñen a moverse agora polos portos no mes de xullo.

E fronte ao ruído e á manipulación do Partido Popular, voulles dar un dato, voulles contar a realidade dos feitos. Con respecto ás concesións de prorrogas de licenzas de ocupación ás empresas en dominio público marítimo-terrestre, todas, absolutamente todas as licenzas resoltas ata o de agora na nosa comunidade autónoma foron favorables. Polo tanto, deixen de mentir. E quero recordarlles que a única que non foi favorable ¿quen a denegou?, ¿o Goberno central? Non, a Xunta de Galicia. Polo tanto... non, ¡home!, non... (*Aplausos.*) Claro, non. É que xa está ben. Tanto mentimos que ata chegamos a dicir que as laranxas están a 15 céntimos o quilo.

É que están tan acostumados a mentir que agora din que todo o basean en dar seguridade xurídica á cadea mar-industria. Pois non parecen vostedes ser os garantes de dotar de seguridade xurídica a cadea mar-industria e os propietarios das instalacións da costa.

Señora conselleira, escoite: facer as cousas de présa, ás veces non trae moi bos resultados. E non o di este grupo parlamentario, dío o que coñeciamos recentemente, que coñeciamos que o Constitucional decidise se Galicia invade competencias do Estado ao limitar a quince anos o prazo para actuar ante obras ilegais no litoral. Non o di este grupo parlamentario, señora conselleira. E haberá que esperar, loxicamente, a ver que resolve a xustiza e que resolve o Tribunal Constitucional.

Pero a realidade é que un Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra —que así llo trasladou ao máximo tribunal— pide que se aclare se un cambio introducido mediante a última Lei de acompañamento dos orzamentos da Xunta de Galicia é constitucional ou non. Claro, esa Lei de acompañamento, que tamén ten un gran debate parlamentario, que con esa Lei de acompañamento que nos teñen acostumados, ese uso abusivo que fai a Xunta de Galicia desa Lei de acompañamento dos orzamentos, un *totum revolutum* que non permite poder debater punto sobre punto, que vostedes reforman unha cantidade de normas tremendas a través desa Lei de acompañamento. Ir ás présas ás veces tamén trae estas consecuencias. Porque segundo este xuíz —non o di este grupo parlamentario—: «*Parece evidente que la Comunidad Autónoma de Galicia ha sobrepasado el ejercicio legítimo de sus competencias al establecer ex novo un prazo límite de reacción frente a las obras realizadas ilícitamente en zonas de servidume de protección de Costas*». Non o di este grupo parlamentario, dío un xuíz do Contencioso-Administrativo de Pontevedra.

Polo tanto, reformar unha normativa tan sensible a golpe de impulsos e con présas pode traer tamén consecuencias que non son as desexadas.

E escoitabamos tamén onte o señor Feijóo, candidato á presidencia do Goberno de España, que queren volver reformar a Lei de costas no suposto de que os cidadáns lles dean a confianza ao Partido Popular e a Vox, que son o mesmo, para formar goberno en Galicia. (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, ¿como que non son o mesmo? Estamos a velo



ultimamente en todas as negociacións das comunidades autónomas, estamos a ver como o Partido Popular baixa as orellas ante as peticións do grupo de ultradereita.

Polo tanto, actuar a base de impulsos cómpre recordar aquí tamén que non lles saíu moi ben cando quixeron tamén reformar esa Lei de costas no ano 2013, porque cómpre recordar tamén que o Tribunal Constitucional ante un recurso deste partido, do Partido Socialista, declarou inconstitucionais varios preceptos da reforma da Lei de costas introducido...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—e remato, presidente— pola Lei 2/2013. ¿A quen buscaban beneficiar con aquela reforma da Lei de costas? Ao mellor, non; a algunha persoa bastante afín, recordemos Abel Matutes ou algo así, para poder beneficiar os seus intereses.

Polo tanto, nós non imos ser cómplices de empregar isto dun xeito buscando unicamente un rédito electoral. Tiñan a man tendida do Partido dos Socialistas de Galicia para poder sacar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...unha boa lei adiante e vostedes, coma sempre, nin queren escoitar todo o que non veña da súa bancada.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Quero, en primeiro lugar, dar a benvida a todos os axentes que teñen un papel fundamental na xestión e ordenación do litoral e que nos acompañan hoxe na tribuna. Tamén quero co-mezar cun agradecemento á letrada, a señora López, que non o tivo nada fácil, sobre todo por uns tempos e uns ritmos que se impuxeron excesivamente acelerados.

Ben, o debate da Ponencia desta lei xirou arredor de dúas formas de entender o debate par-lamentario e o alcance que podía chegar a ter este texto legal. Por parte do BNG achegámonos cunha vontade construtiva; da outra banda, do Partido Popular, lamentablemente predomi-nou unha actitude desprezativa coas achegas, coa participación, e sen ningún interese por facer desta lei algo máis ca un elemento de confrontación electoral.

A vontade de avanzar é o que nos moveu en todo este proceso. E a pesar de que tiñamos se-rías dúbidas en que houbera vocación real de avanzar na planificación e na asunción de com-petencias por parte da Xunta, dixemos claro que por nós non ía quedar, que dende o BNG



iamos aproveitar esta oportunidade para empurrar o Partido Popular a seguir asumindo unha posición de reclamación de competencias e de planificación do litoral.

E con ese ánimo, fixemos tres movementos: primeiro, non formulamos unha emenda á totalidade, como sinal claro de vontade de diálogo e de alcanzar un acordo en clave de país nesta cuestión tan importante; en segundo lugar, a presentación de máis de oitenta emendas, coas que pretendiamos mellorar notablemente o texto proposto; e, terceiro, coa presentación dunha proposición de lei para a transferencia dos servizos en materia de costas que permitirían dotarnos das capacidades plenas para a ordenación e xestión do litoral.

Fixemos todo o posible para empurrar este goberno, para que Galiza governe dunha vez por todas o seu litoral, porque somos nacionalistas, pero non fai falla selo para estar a favor de que Galiza exerza a capacidade para ordenar o seu litoral. Chega con estar de acordo con dúas cuestións ben sinxelas:

Primeira, que é de sentido común, que os usos do litoral, que a relación que se establece co noso medio ten que decidirse aquí e non dende un despacho de Madrid. Pois xa vemos como pensan o litoral dende alá, como un simulacro de «*Verano azul*» nun polideportivo da M-30, que pasean descalzos polo decorado dunha praia (*Aplausos.*) e pensan que con iso chega para tomar decisións fundamentais, transcendentais para as nosas vidas. E que pensan, ademais, nas costas e nas praias —nas de verdade, non nas de decorado— como unha prolongación veraniega de Madrid. E non, Galiza ten unha riqueza de recursos naturais, paisaxísticos, patrimoniais, económicos, unha diversidade e potencia nos seus usos sen parangón no contexto europeo.

Non somos só unha praia de veraneo, nin tampouco somos só un tipo de pesca, non somos só un tipo de paisaxe electoral, somos todo iso e moito máis. O noso litoral é un cúmulo de estratos riquísimos en que a simbiose entre a comunidade e o seu contorno deron como resultado relacións potentes, significativas, que hai un saber acumulado nas comunidades do litoral que se reflicte na economía, nas formas de vida, nas paisaxes e na forma propia de estar no mundo.

E esa complexidade do litoral galego só pode planificarse dende Galiza se se queren acertar coas chaves para potenciar esa riqueza. Calquera resposta dende Madrid vai pasar sempre por un filtro reduccionista de sometemento aos intereses económicos e culturais do Estado. Sempre foi así. Leva sendo así dende que nos impuñan que as vilas costeiras tiñan que ter un rol militar, o veto ao comercio, até incluso en épocas máis recentes en que se nos ofrece como cesión sempre nas reparticións europeas. Por tanto, é de sentido común que o mellor para os galegos e as galegas é planificar dende Galiza.

E, en segundo lugar, porque temos as competencias no Estatuto que nos amparan para facer iso que é de sentido común: o exercicio das competencias na ordenación do litoral. De feito, o actual marco lexislativo xa habilitaba a Xunta de Galicia a establecer unha planificación do litoral a través da Lei de ordenación do territorio, que regula os seus instrumentos e que —recordemos— o Partido Popular nunca tivo vontade de desenvolve-la. Pero esa planificación, esa ordenación non pode efectivizarse se non se negocia —digamos— un paquete extra



de competencias que ten asumidas o Estado, que son os medios de xestión do dominio público marítimo-terrestre, que tiñan que ser unha peza chave nesta nova norma. Por iso a tramitación desta lei é extremadamente contraditoria, porque, por unha banda, asume de palabra a vontade de que Galiza ten que planificar o seu litoral, pero, por outra, non se procura facer efectiva esa planificación, porque o Partido Popular leva catorce anos negándose a transferir ningunha competencia e, entre elas, esta que precisamos, que é a xestión e servizos do litoral.

E este feito é crucial, pois fai con que a norma en lugar de dar seguridade xurídica, como pedía o sector, veña aportar máis ruído do que solucións. E é de sentido común que naquilo no que se choca coa normativa estatal se soliciten as competencias, porque a capacidade de planificación do litoral —para entendernos— é como ter o *hardware*, co que podemos facer os plans e as directrices, todo o que queiramos, que se logo non temos o *software*, é dicir, os expedientes, os recursos, todos os servizos que están en mans do Estado, non teremos o poder real de gobernar o litoral.

E que isto é así recoñéceo o propio Goberno no articulado da lei cando deixa cuestións sen abordar pendentes desa futura transferencia necesaria. É máis, nas propias respostas da Xunta a numerosas alegacións recibidas nese sentido din —e leo literal—: «En canto á afirmación relativa a que sen traspaso de competencias pouco se pode facer no litoral, esta administración agarda a que o traspaso poida ser efectivo trala aprobación da lei, en virtude dun principio de lealdade institucional». É dicir, recoñece o que o BNG vén denunciando: sen a transferencia destes servizos non se poden dar pasos. (*Aplausos.*)

E o problema aquí é que o Partido Popular en lugar de avanzar nese sentido, o que fai é boicotear eses avances. Por unha banda, non fai nada por si mesmo por reclamar esas competencias, e, por outra, vota en contra da Proposición de lei do BNG de transferencia de xestión e servizos do litoral por parte do Estado hai apenas tres semanas nesta mesma Cámara. (*Aplausos.*) Por tanto, mentres no BNG mantivemos unha oposición construtiva para avanzar, presentando o texto necesario para complementar e facer efectiva a lei, como vostedes mesmos recoñecen; pola contra, o Partido Popular, na súa habitual política de manipulación e rexeitamento, demostrou co seu voto en contra que a última das súas prioridades era lograr a capacidade, o poder real para gobernar o noso litoral, e, si, sen embargo, a de abrir un xogo partidista en clave electoral co que os galegos e as galegas non gañamos nada.

E estas dúas cuestións de electoralismo e de falla de vontade real de que a lei chegue a bo porto son, probablemente, os motivos polos que o Partido Popular restrinxiu ao máximo a participación e os tempos de tramitación da lei, para evitar as voces que sinalasen as eivas e para poder entrar en campaña electoral co texto aprobado. Novamente, a actitude destrutiva e antidemocrática do Partido Popular.

Dende o BNG queremos denunciar que se coartase un debate tan fundamental para este país:

Primeiro, renunciaron a abrir un debate sobre o modelo de ordenación do litoral coa sociedade, cos axentes implicados, limitando a participación a un mero proceso de alegacións sobre un texto xa dado.



Segundo, estableceron un período de alegacións coincidentes coas vacacións de Nadal, e non quixeron prolongar ese período a pesar das peticións.

Terceiro, saltáronse solicitar un informe preceptivo do Consello Económico e Social sobre a lei. ¡Imaxínense como de escandalosa é a tramitación que o exconselleiro do Partido Popular, o señor Agustín Hernández, como presidente do CES, tivo que remitir unha queixa formal ao Goberno da Xunta, do que el mesmo formou parte, (*Aplausos.*) para queixarse de que se deixase fóra ao CES! Até nas filas do Partido Popular saltaron as alarmas ante este atropelo.

Pero, non quedou aí, cuarto, o BNG solicita que se corrixa estas carencias, que se entregue ese informe e que se abra unha rolda de consultas cos sectores implicados e afectados pola lei. E o Partido Popular négase a todo. Non escoitan nin as críticas que veñen do seu propio partido.

Quinto, éntralles a présa por despachar a norma e piden entón un trámite de urxencia, no que se reducen os tempos de emenda dos grupos parlamentarios á metade.

E, sexto, despachan a Ponencia da lei en vinte e catro horas, xa que a primeira reunión tivo lugar o martes e a última un mércores, porque, se non, hoxe non terían tempo neste último pleno do período de sesións de que entrase a tramitarse.

Queremos denunciar unha vez máis o uso partidista que fai o Partido Popular do Parlamento e das súas atribucións, e as diferenzas que hai cando vostedes se dedican a bloquear durante seis meses unha lei como a Lei de xogo e, por outra parte, se dedican a ventilar unha lei tan importante para este país en vinte e catro horas. (*Aplausos.*) Demostra falta de altura democrática e de talante negociador.

Nós, como dicía antes, demostramos a nosa vocación de discutir e mellorar a lei mediante esta proposición de lei complementaria e necesaria da que falaba antes; segundo, favorecendo a tramitación e o debate da lei; e, terceiro presentando oitenta e cinco emendas para mellorar este texto.

Algunhas das nosas achegas foron incorporadas ao texto da Ponencia, aproximadamente unha de cada catro foron incorporadas. Moitas delas afectan cuestións que teñen por obxecto cambiar ambigüidades da lei por directrices claras. Outras, por exemplo, que foron incorporadas e que creo é importante recalcar é a de preservar con carácter prioritario a actividade pesqueira, marisqueira, miticultora e de recolección de algas. ¿Imaxínense o enfoque que tiña esta lei que nin sequera declaraban o sector pesqueiro como estratéxico? Menos mal que presentamos emendas e corriximos o texto neste sentido. (*Aplausos.*)

En canto aos plans de ordenación costeira, establecemos a obrigatoriedade de que teñan que incorporar cuestións tan importantes como o que teñan mecanismos de xestión para efectivizar a planificación, que teñan unha definición daqueles espazos litorais que deben quedar libres de ocupación, libres do proceso urbanizador; a delimitación dos corredores ecolóxicos que permitan asegurar a conectividade coa sistémica entre os espazos protexidos litorais e os espazos protexidos do interior coa súa saída ao mar.



Tamén dentro dos plans especiais de praias logramos que se inclúisen cuestións tan importantes como a necesidade de ordenar os servizos de temporada, a planificación da mobilidade atendendo ás diferentes capacidades de carga das praias, promover e facilitar o uso de medios alternativos ao vehículo privado para acceder ás praias.

E en canto ás áreas de protección ambiental, logramos ampliar a súa definición coa inclusión tamén das zonas que destaquen polas calidades patrimoniais ou paisaxísticas, e non só — como viña no texto orixinal — «naturais».

Tamén foron aceptadas outras emendas, como o fomento e a recuperación dos oficios tradicionais relacionados co mar; o aumento das contías das multas para aquelas infraccións, para que as infraccións non poidan saír gratis; a creación dun rexistro de concesións e dos seus pregos que fose público; unha mellor regulación das sendas litorais do punto de vista da ordenación do territorio; ou a creación importante dun Foro do Litoral como órgano de participación da comunidade científica, das organizacións ambientais e dos sectores produtivos.

Son emendas que melloran o texto, que demostran —insisto— a vocación do BNG de facer desta lei unha lei máis efectiva, mais que non deixan de ser —somos conscientes— unha selección calculada por parte do Partido Popular daquelas emendas que poidan ser máis facilmente vulneradas ou gardadas nun caixón logo da súa aprobación. Foron as emendas máis ambiciosas e as de maior calado as que ficaron excluídas. Precisamente se imos a todo o que o Partido Popular deixou fóra enténdese mellor que é o que o Partido Popular non quería que fose nesta lei:

Negáronse á posibilidade de limitar as actividades de uso atendendo á capacidade de carga dos ámbitos. E preguntámonos: ¿de que vale vir aquí e establecer capacidades de cargas se logo non serve para establecer límites que impidan que se perdan os valores ecolóxicos? Isto certifica que non queren realmente asumir os límites ecolóxicos.

Rexeitaron tamén establecer trámites de información pública para as concesións e autorizacións de máis dun ano.

Tamén se negaron a abrir un proceso de reflexión e diálogo cos sectores implicados —entre eles, os que nos acompañan hoxe na tribuna— cando se realicen documentos tan importantes como o Plan de ordenación costeira ou o Plan de ordenación marítima. Demostran que non queren a participación da sociedade civil.

Opuxéronse tamén a cambiar a configuración da Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que neste momento está composta coa participación da patronal inmobiliaria da construción. E nós queríamos que aí houbese xente con recoñecido prestixio, nun organismo tan importante que se encarga de decidir a interpretación das normas urbanísticas. O que demostra que non queren interese público por riba do interese privado.

Tamén se negaron a establecer criterios que limiten a urbanización difusa e continúa no litoral, a fragmentación dos espazos, que eviten a consolidación dun continuo edificado da



costa; tamén propuxemos que se incorpore a realidade supramunicipal. E rexeitaron todas as emendas.

Vostedes, no Partido Popular, en materia de ordenación do territorio, seguen vivindo na etapa previa á metropolitanización e da difusión da urbanización ao longo das nosas rías. Dixeron non tamén a establecer concrecións temporais para as Directrices de ordenación do litoral, é dicir, que van acabar sendo tan ornamentais como as Directrices de ordenación do territorio. *(Aplausos.)* Non queren planificar o territorio realmente.

Dixeron tamén non a protexer as actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas fronte a calquera outra posible actuación nos espazos mariños. E aquí estámonos referindo claramente á eólica mariña. Nese sentido, tamén propuxemos que o informe de impacto económico e social que se vai exixir cando haxa actuacións de eólica mariña non se limite, como quere o Goberno do Partido Popular, simplemente a establecer medidas compensatorias para o sector pesqueiro, senón que teña capacidade de limitar a implantación de muíños de vento se se considera que ten un grave impacto. *(Aplausos.)* E negáronse, porque non queren protexer a pesca fronte á eólica mariña.

E tampouco tiveron en conta o noso rexeitamento a establecer os usos prioritarios turísticos nas edificacións tradicionais en dominio público marítimo-terrestre. E este é un grave erro, porque sería apostar por un litoral de monocultivo turístico, cando o máis importante do noso litoral é precisamente a súa diversidade e a súa tradicional diversificación dos usos.

Tamén dixeron non aos instrumentos de xestión que farían efectiva a lei e que propuxemos, como a Axencia de Protección e Conservación do Litoral, que sería un instrumento que permitise adquirir terreos e espazos litorais de especial valor; non ao Fondo de Conservación do Litoral, que era un instrumento para financiar, entre outras, estas medidas de adquisición e recuperación de terreos.

Tamén dixeron non ao canon de explotación de actividades no dominio público marítimo-terrestre, é dicir, non a pasar das palabras aos feitos. *(Aplausos.)*

E conclúo xa, señorías. O Estatuto de autonomía, o autogoberno, é algo bastante máis serio que os intereses electoralistas do Partido Popular. E porque nós si cremos realmente en fortalecer o noso marco competencial, a nosa soberanía, imos absternos. Pero mantivemos — quero insistir — unha oposición construtiva, favorecemos o debate e empurramos por levar máis alá esta lei. Pero non podemos apoiar unha lei que vostedes deixaron nunha oportunidade perdida. Lamentámolo, porque aquí o que quedou claro, sobre todo neste debate, é que o Partido Popular non tivo nunca vontade de que esta sexa unha lei efectiva nin tampouco ambiciosa cos retos que ten o noso litoral.

E o Partido Popular non tivo en ningún momento ningunha vontade negociadora, sometendo a tramitación a un proceso exprés e seleccionando aquelas emendas que menos poidan comprometer a acción do Goberno. Lamentamos moito esta actitude por parte do Partido Popular.

Nada máis. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permítanme que comece sumándome aos agradecementos ao traballo dos letrados, ao traballo das organizacións políticas que fixeron achegas a esta lei, ao traballo e ao recoñecemento ás organizacións sindicais, á xente do mar por suposto, á universidade galega e a todas esas persoas que interviñeron de maneira determinante na redacción desta lei.

A verdade é que foi curioso escoitar a intervención das dúas persoas que me antecederon. En primeiro lugar, a representante do PSOE e de Esquerra, de Bildu e de Podemos e de non sei cantos máis, porque cando pactas xa todos somos o mesmo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, se eu xa o asumín. Nós somos o mesmo e vostedes, entón e en consecuencia, son o mesmo que Esquerra, que Bildu, que Podemos e que toda esa amalgama coa que levan gobernando. *(Aplausos.)* Que aquí non pasa nada, pero se non pasa nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, claro. Non, non, non, porque a única lei que apoia sen fisuras sempre o Partido Socialista de Galicia é a do embude: para uns un buratiño moi pequeno e para eles vale absolutamente todo o que lles entre na saca.

En fin, pasou vostede a súa intervención inventando escusas; escusas para explicar os seus cambios de posturas, escusas para explicar a súa falta de vontade de traballo. É que a expuxeron en Nadal; claro, estaban moi ocupados. É que houbo que traballar rápido na Ponencia. É que claro, este esforzo non merecía a pena. Puxeron ata escusa polo informe negativo de Ostreira, que condicionou a que non hai un informe negativo parcial. Claro, informaron negativamente as piscinas onde están as ostras. Para Ostreira non ten ningunha importancia. Pode subir e explicárllelo, que seguro que están encantados de atendelas. Incluso veu aquí presumir de que os informes do Estado non eran negativos. Claro, non son negativos nin positivos tampouco, están sen resolver, señoría. E están sen resolver porque os tiveron vostedes gardados no caixón ata poder aprobar o novo Regulamento de costas, que precisamente non era moi favorable ao interese da cadea mar-industria galega.

O BNG, o de sempre: criticar unha cousa e a contraria. O exemplo foi perfecto. A Lei do xogo, se se fai un debate pausado e tal é que a meten no caixón, non queren que se aprobe... Esta, é unha lei exprés, está claramente tramitada de maneira antidemocrática. É que non hai maneira de chegar a un acordo así.

Miren: realidade é outra, señorías. A realidade é que hoxe é un día importante, é un día importante porque Galicia asume hoxe novas cotas de autogoberno desenvolvendo lexislativamente a competencia sobre ordenamento do noso litoral, recoñecida no Estatuto autonómico de Galicia, e nunca desenvolvida previamente, por certo, por ningún goberno, porque non existía unha interpretación pacífica do artigo 27.3. E hoxe asumimos esa competencia facéndoo ao xeito galego, con sentidiño, como nos gusta, fuxindo de confrontacións estériles, buscando puntos de encontro, dende a lealdade institucional e con pleno respecto ao ordenamento constitucional. Unha constitucionalidade que vén avalada, en primeiro



lugar, pola máis recente doutrina xurisprudencial do Tribunal Constitucional e, en segundo lugar, por un ditame que eu creo que podemos cualificar de histórico, que é o Ditame 227/2022 do Consello Consultivo de Galicia, do máximo órgano consultivo de Galicia. Este órgano avalou a constitucionalidade das pretensións de Galicia de regular o seu litoral, por que así nolo atribuíu o Estatuto que nos demos todos.

A Lei de ordenación e xestión integral do litoral de Galicia nace para converterse nun instrumento que permita irmandar a protección dos nosos recursos naturais cun desenvolvemento económico e social sostible. E claro que se vai aprobar, si ou si, señorías, vaise aprobar pola forza da democracia, pola forza do apoio que os galegos lle prestaron a este grupo, que, non o dubiden, vai estar sempre do lado do noso litoral, das nosas xentes, dos nosos concellos e da cadea mar-industria. (*Aplausos.*) ¡Sempre!, ¡sempre!

Señorías, eu quero deixar claro que apoiar esta lei supón defender, en primeiro lugar, a plena vixencia do noso estatuto, fronte aos que pretendían forzar a súa reforma por mero tacticismo político. Apoiar esta lei supón defender un equilibrio lóxico, racional, entre a protección ao territorio e a protección á sociedade, porque fronte a isto algúns o que pretenden é protexer a paisaxe de Galicia á custa da paisanaxe de Galicia, e iso non é aceptable, señorías. E, por último, apoiar esta lei supón defender a especial relación dos galegos co noso litoral, e iso facémolo fronte aos que pretendían situarnos nunha falsa dicotomía —que este grupo e que creo que o conxunto da sociedade galega non está disposto a aceptar—, que é obrigarnos a elixir entre protexer Galicia e protexer os galegos. Simplemente iso non é razoable.

Por todo isto, entendemos algunhas cousas. A primeira é que unha norma desta relevancia non pode ser redactada dende as trincheiras da ideoloxía. (*Murmurios.*) Dende ese convencemento abrimos un proceso de redacción coral no que participou o conxunto da sociedade galega. E tal foi a súa resposta que me atrevo hoxe a afirmar e repetir o que dixer en comisión: esta lei está escrita do puño e letra da mesma Galicia. Así o avala o proceso de elaboración do texto previo á súa entrada no Parlamento de Galicia.

Facía mención hoxe de que nos acompañan algúns invitados, e permítanme que agradeza a súa presenza. A do profesor Sanz Larruga, catedrático de Dereito Administrativo, especializado nas áreas de litoral e ambiental, e da profesora García Pérez, catedrática de Dereito Administrativo, especializada en medio ambiente e litoral; ámbolos dous membros do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. O Observatorio do Litoral foi o autor por petición do Goberno galego do primeiro texto articulado desta lei, que foi redactado en palabras do profesor Sanz —creo que recollo a súa literalidade— con «total liberdade», «déronnos barra libre».

Quero agradecer tamén a presenza do profesor Villasante Larramendi, da Universidade Compostela, e do profesor Rodríguez Escobar, da Universidade de Vigo, que puxeron o seu coñecemento e o das súas *alma mater* ao servizo desta lei.

Quero agradecer a presenza do presidente da Federación Galega de Pescadores, do presidente e dos representantes da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra, aos representantes da Confraría de Aguiño —creo que nos acompaña o seu patrón maior—



e tamén de Muros, do secretario xeral de Anfaco Cecopesca, que agrupa o sector mariño alimentario galego.

Quero agradecer tamén a presenza do presidente do Patronato da Fundación Lonxanet para a Pesca Sostible e do director técnico de Conxemar, tan importante para o conxunto da economía de Galicia.

Quero agradecer a presenza do secretario xeral da Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos, do secretario xeral da Confederación de Empresarios de Galicia.

Quero agradecer a presenza da presidenta da Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galicia e do vicepresidente do Clúster de Turismo de Galicia.

Quero agradecer que nos acompañe o representante da Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego.

E non quero esquecerme tampouco dos alcaldes, alcaldesas, concelleiros e concelleiras de máis dunha ducia de concellos costeiros galegos que hoxe nos acompañan.

Non quero nin podo esquecerme tampouco da presenza da conselleira do Mar ata hai escasas datas, a miña compañeira Rosa Quintana.

Todos eles, todos, fixeron importantes aportacións que enriquecen esta norma. Todos eles puxeron o seu coñecemento e a súa experiencia ao servizo de Galicia con total altruísmo e xenerosidade. E por iso son algo máis que os nosos invitados, son os auténticos coautores da Lei de ordenación e xestión integral do litoral de Galicia. E Galicia ten con todos eles unha enorme débeda de gratitude. (*Aplausos.*) En nome do Grupo Popular e estou seguro de que en nome da inmensa maioría do pobo galego, moitas grazas por estar hoxe aquí e pola inmensa xenerosidade coa que traballaron nesta lei. (*Aplausos.*) Moitísimas grazas.

Pero tamén a relevancia vén avalada pola tramitación parlamentaria durante a que —como se dixo aquí—, de xeito excepcional, unha norma non mereceu ningunha emenda de totalidade. Só caben dúas razóns para explicar esta excepcionalidade: ou a convicción ou o temor. Ou realmente vostedes estaban convencidos de que era unha boa lei, unha boa base para traballar e que non existían discrepancias substanciais que os levasen a presentar unha emenda de totalidade, ou simplemente o que os guiou foi o temor, o temor de saber que estábamos ante un texto enormemente consensuado e tiveron medo de confrontar co pobo galego nun asunto tan capital como este.

Por iso creo que chegou o momento de deixar a un lado as ambigüidades, os tacticismos, as escusas. Chegou o momento de poñerse do lado de Galicia. E eu pediríalles que o fixeran con toda contundencia e non poñéndose de perfil, como nos anunciaron na súa primeira intervención.

Resulta sorprendente e —engado— tamén decepcionante a falta de apoio explícito a esta lei por parte da oposición. E por iso quero invitalos unha vez máis, non sei se a última, a refle-



xionar, a rectificar e a poñerse do lado correcto da historia. Eu pídolles que eviten reincidir nese pecado da equidistancia no que levan xa tanto tempo, que acometeron con certa fruición no pasado, e, por certo, nalgũa ocasión ante cambios normativos enormemente lesivos para o conxunto de Galicia. Hai que recordar cal foi a postura de cada un ante a reforma do Regulamento estatal de costas ou ante a aprobación da Lei de cambio climático e transición enerxética. Eu creo que hai que tomar partido, señorías: ou se protexe Galicia, ou se protexe a ministra; ou se protexe a nosa ribeira, ou se protexe a súa Ribera; as dúas cousas ao tempo son simplemente incompatibles. (*Aplausos.*)

En prol de atopar ese creo que necesario consenso, eu quero reiterar o meu agradecemento, en primeiro lugar, ao BNG, polas súas achegas a esta lei. Non unha de cada catro, señoría, o 38 por cento das que presentaron. Eu creo que iso non se corresponde co que vostede definiu como unha actitude desprezativa. Moitas desas achegas —trinta e dúas— foron incorporadas ao texto que hoxe sometemos á aprobación. E por iso pídolles unha vez máis que deixen de escusarse en cuestións puramente formais e que voten esta lei favorablemente. Aludiron vostedes á falla dun informe do CES, un informe non preceptivo, como está perfectamente explicado nos informes que obran no expediente.

Insisten vostedes —isto é unha cuestión que creo que despois de todo o debate que tivemos xa empeza a ser preocupante— nunha confusión eu creo que interesada entre o que é reclamar unha competencia e reclamar os medios para exercer esa competencia. A competencia, señorías —e por iso votamos en contra da súa proposición de lei—, xa a temos, xa é nosa, por iso estamos hoxe aprobando esta lei. E o que reclamamos son os medios materiais, pero reclamámolos en pé de igualdade, porque Galicia non merece un tratamento distinto do que tiveron recentemente outras comunidades, por exemplo, a última, a canaria. Non pode ser que Galicia teña que facer unha lei e instar a aprobación dunha lei no Parlamento nacional para conseguir o mesmo que outros conseguiron simplemente por unha comisión mixta de transferencias e un real decreto. Non somos máis que ninguén, pero non aceptamos ser menos que ninguén. (*Aplausos.*) Galicia vai reclamar eses medios, e querémolos exactamente nas mesmas condicións que os demais, exactamente nas mesmas. (*Aplausos.*)

Criticaron vostedes tamén a falla dun trámite de audiencia, que solicitan, como sempre, cando xa non é posible incorporar achegas. Por certo, todas as persoas ou organizacións que vostedes solicitaron que viñeran aquí foron escoitadas, todas, sen excepción.

Chegan a pedir a comparecencia do Observatorio do Litoral. Pero, ¿en serio? Estiven dez días —por certo, agradézolle a dispoñibilidade dos membros do observatorio— intentando concertar unha xuntanza dos tres grupos políticos cos membros do Observatorio do Litoral, cando aínda estaba aberto o prazo de emendas, e foi imposible concretar unha data. E cando remata o prazo de presentación de emendas, ¿veñen reclamar a súa presenza? Un pouco de respecto pola xente, un pouco de respecto polos profesionais. Pídlollelo de verdade.

E xa falar de curtidade de prazos, eu tendín a man para falar desta lei dende o mesmo día en que debatemos a súa proposición de lei, non recibín unha chamada nin un contacto ata que abrimos o prazo da Ponencia.



Só hai un motivo real de oposición do BNG a esta lei, e é a sinatura que vai obrar ao pé da mesma: Alfonso Rueda Valenzuela, presidente. Vostedes o que queren é que a firmase outra presidenta. E eu enténdoo, pero vinte anos sentados na cadeira da oposición xa foi tempo abondo para asumir a realidade política de cada un. E eu, polo tanto, invítoos a superar frustracións e a poñerse definitivamente do lado útil de Galicia. *(Aplausos.)* É o que lles pido, nada máis.

En cambio, lamento moitísimo non poder agradecer nada ao PSdeG, que decidiu resolver os seus problemas internos á custa de desentenderse dos problemas dos galegos. Recordaba estes días unha cita de Churchill que dicía que «algúns políticos cambian de partido polo ben dos seus principios, e outros cambian de principios polo ben do seu partido». *(Murmurios.)* Despois desta lei, sabemos perfectamente de que lado está o Partido Socialista de Galicia.

Comezaron seguindo as ordes de Moncloa, de oposición frontal a esta lei, despois tentaron lavar a cara comprometendo o seu apoio á mesma, para novamente volver negarlle o apoio que prometeran antes. O cúmulo de incongruencias, de escusas, de contradicións das últimas semanas pasará, señorías, á peor historia do Partido Socialista de Galicia. Se quere despois facemos un breve recordatorio e escolma dos grandes *hits* do PSdeG nos últimos meses.

Eu, señorías, con todo respecto dígollelo: creo que Galicia merece algo máis, creo que Galicia merece algo mellor. Por iso estes deputados van apoiar esta lei, o Grupo Parlamentario Popular vai apoiar esta lei, para conservar o mellor da Galicia de sempre e para entregar aos nosos fillos, se pode ser, mellorado, o mesmo legado que nos deixaron os nosos pais; un legado de natureza, un legado de paisaxe, un legado de cultura, pero, sobre todo e aínda máis importante, un legado de esperanza dun futuro sostible, dun futuro mellor e, sobre todo, dun futuro en Galicia.

Lamentariamos moito, e máis o van lamentar vostedes no futuro, se no día en que Galicia tiña que dar un paso á fronte, vostedes o que fixeran fose poñerse de perfil e dar un paso ao lado. Rectifiquen, que aínda están a tempo.

Por agora, máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor Pazos, eu falo en nome do PSdeG, porque vostede dicía que se pactabamos con outros partidos; nós o que facemos é chegar a acordos con outros partidos, pero os que pactan con outros partidos son vostedes. *(Aplausos.)* Quero dicir que hoxe vostedes si que poderían falar aquí en nome de Vox, pois PP e Vox son o mesmo e quedou demostrado. E fala vostede hoxe



de cambiar de principios. ¡Home!, señor Pazos, aínda recordo as declaracións do anterior presidente da Xunta de Galicia neste mesmo hemiciclo, que dicía por activa e por pasiva que non pactaría con Vox, porque era contrario aos intereses de Galicia. A primeira decisión que tomou o señor Feijóo nada máis coller as rendas do Partido Popular en Madrid foi pactar con Vox.

Polo tanto, aquí leccións de principios e de pactos, ningunha, señor Pazos. (*Aplausos.*) Porque mire: pactar con Bildu pactaban vostedes, e quero recordarlle ao señor Maroto. Nós chegamos a acordos, pero dende logo para mellorar a vida das persoas e tamén dos galegos e das galegas, por exemplo, subindo as pensións un 8,5 por cento, subindo as pensións conforme o que se incrementa o prezo da vida. (*Murmurios.*) Para iso chegamos a acordos. Si, señora conselleira, igual que falou o seu voceiro, da lei, eu vou falar do que queira agora mesmo. Só faltaba que despois da imposición que nos fixeron vostedes con este proxecto de lei veña tamén vostede hoxe aquí dicir do que teño que falar.

Todo foi en clave electoral. Agora interésalles ter aprobada esta lei antes das eleccións xerais. Non lles interesaba tanto ter a Lei do xogo aprobada antes das eleccións municipais, e foron recuando e tardaron tamén en tramitala e traela a este Parlamento. Polo tanto, é que xa sabemos con que cartas xoga o Partido Popular.

Nós, dende logo, imos estar ao carón dos intereses dos galegos e das galegas, e tamén de todo o que representa a cadea mar-industria, que é fundamental na nosa comunidade autónoma.

Pero eu o que non quero é perder tamén hoxe a posibilidade de recordarlles que o Partido Popular e a Xunta de Galicia están a mentir. Tamén o dixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego. Non é certo —isto dígoo eu— que se vaian ter competencias plenas nesta materia con este proxecto de lei que hoxe vostedes van aprobar. Pero é que o din vostedes cando resolveron as alegacións presentadas a este proxecto de lei. E díxo tamén o propio informe do Consello Consultivo, que di que para poder exercitar estas competencias con plenitude é necesario ter a transferencia de medios. Este exercicio da plenitude de competencias está condicionado a ter os medios, señora conselleira. Non enganen a cidadanía porque no día de hoxe eses medios non están en Galicia. Pero é que o di o propio informe do Consello Consultivo, ese informe ao que vostedes nalgúnhas partes queren acollerse e dicir que contan cun informe do Consello Consultivo, que é certo, pero ese mesmo informe pon que esas competencias non serán plenas ata que non estean transferidos os medios. Polo tanto, conselleira, non minta tampouco á cidadanía galega.

Nós consideramos fundamental que se poida legislar nun tema tan sensible como este dende aquí, dende Galicia, e nese senso foi no que traballamos e no que tendemos a man dende o Partido Socialista de Galicia. Pero, dende logo, precisamos unha boa lei, e esta non é unha boa lei que poida dar esa transferencia de competencias que necesitamos aquí en Galicia. Esta lei tampouco dota da maior das seguridades xurídicas esta materia. Polo tanto, nós consideramos que con esa práctica habitual, pois de furtar o debate parlamentario, de empregar este Parlamento aos antollos e aos intereses do Partido Popular, non é o mellor xeito de sacar unha boa lei entre todos e entre todas. E non, señor Pazos, esta lei non está feita ao



xeito que están acostumados a traballar os galegos, está feita ao xeito que está acostumado a traballar o Partido Popular.

E dicíanos que tiñamos que estar ao carón dos intereses de Galicia, e poñía en dúbida serias consecuencias que poderían ter algunhas actuacións do meu grupo. E vostede sacaba a colación a Lei de cambio climático, que precisamente o Partido Socialista, tanto no Congreso como no Senado, foi quen de introducir emendas tamén para mellorar esta lei, pero eu quero recordarlle o percorrido que tivo o recurso que vostedes presentaron a esa Lei de cambio climático, conselleira, que deixou en evidencia que o Partido Popular de novo mentía, señora conselleira. É que iso é o que lle dixo o Tribunal Constitucional, non llo estou a dicir eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora conselleira, creo que vostede despois se quere falar poderá ter un turno. Polo tanto, a sentenza desestimaba o recurso da Xunta de Galicia. Ese fallo do Tribunal Constitucional contrario ao recurso da Xunta de Galicia deixaba en evidencia unha vez máis, señora conselleira, que o Partido Popular mentía, que manipulaba, que enganaba e que estaba a meter medo con esa Lei de cambio climático.

Polo tanto, nós consideramos que é necesario ter unha norma que permita legislar algo tan importante e tan sensible na nosa comunidade autónoma. Dende aquí nós ofrecemos incluso un apoio no primeiro momento a este proxecto de lei, incluso dixemos que nós coincidíamos en que non era necesario reformar o Estatuto de autonomía para poder ter esas competencias, incluso nun segundo momento dixemos que se era preciso unha reforma puntual do Estatuto de autonomía para poder ter a maior das seguridades xurídicas, aí terían ao carón ao Partido Socialista de Galicia. A verdade é que ao Partido Popular falar de reformar o Estatuto de autonomía é algo que lle dá calafríos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Polo tanto, que diga o señor Pazos que hoxe é un día feliz para Galicia porque asume novas cotas de autogoberno, que o Partido Popular estea falando de asumir novas cotas de autogoberno cando foi incapaz de conseguir unha soa transferencia en catorce anos...

Nós lamentamos que hoxe se perda unha posibilidade de ter unha boa lei para o noso sector, para a cadea mar-industria galega dotada da maior das seguridades xurídicas. A verdade é que o lamentamos profundamente. Por iso imos absternos.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿O Bloque? Non porque non hai emendas do outro lado.



O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Vexo que a señora Otero traballou tanto a parte etimolóxica como a de litoral. Xa me gustaría que me explicara cal é a diferenza etimolóxica entre pactar e chegar a acordos. A Real Academia Galega non acabou de atopalo. Non, non, pero pactar e chegar a acordos non é o mesmo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu, despois de que se dean vostedes un paseo polo texto da Lei do litoral, recoméndolles outro polo *Dicionario galego*, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e así aclaran as súas dúbidas.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: En todo caso, voulles explicar unha cousa que levamos moitos anos dicindo. A única maneira, o único xeito que encontrou Vox de ter voz na Cámara galega é a través de vostedes, (*Murmurios.*) pasan vostedes o día a falar de Vox. (*Aplausos.*) Nós o único que fixemos é que aquí non existise durante anos nin un só deputado. Así que non están tendo moito éxito —dígolles— como voceiros da «extrema dereita», que din vostedes. Ben, en fin, cousas que hai que deixar pasar porque non pode un tomalas en serio.

Dicía a señora Otero —pareceume entender— que xa sabíamos todos con que carta xoga o Partido Popular. E é certo, nós non as ocultamos, amosámolas sempre. O difícil é saber con que cartas xoga o Partido Socialista de Galicia. Voulle facer un breve relatorio para amosar esa coherencia acrisolada da que vostede presumiu nesta tribuna:

O 16 de xaneiro, Hugo Morán, secretario de Estado, cualifica a lei de anticonstitucional, non inconstitucional, anticonstitucional, e chega a comparala cunha declaración de independencia.

O 27 de abril, o señor Formoso, secretario xeral do PSdeG aínda, anuncia o seu apoio á Lei do litoral, porque os intereses de Galicia están por enriba de todo, mesmo do partido. Goustounos e aplaudímolo.

O 2 de maio, o señor Besteiro, delegado do Goberno, afirma que a lei non garante a seguridade xurídica, pero que o problema se resolve facilmente cunha modificación do Estatuto, e anuncia: o PSdeG evolucionará no debate parlamentario sobre esta cuestión.

¡Caramba se evolucionou!, corenta e oito horas despois, o señor Formoso, —¡atención!— sen sentirse desautorizado e sen cuestionar o ditame do Consello Consultivo, afirma que segue apoiando a lei, pero que debemos plantexarnos a vía da reforma estatutaria. ¡En corenta e oito horas!

O 13 de maio, o señor Formoso insta a Xunta a aceptar emendas para mellorar a lei.

O 14 de xuño, tras cincuenta e tres días de prazo de presentación de emendas —espere que llo repito: cincuenta e tres días sobre os cincuenta e catro—, (*Murmurios.*) o PSdeG renuncia a presentar emendas, retira o seu apoio á lei coa escusa de que solicitamos acurtar o prazo vinte e catro horas para posibilitar, por certo, a aprobación desta lei no actual período de sesións. Para facer o que dixemos sempre que queríamos facer, que era que esta lei se apro-



base como unha mensaxe clara para calquera goberno que saíse das urnas nas vindeiras eleccións xerais, sexa da cor que sexa e teña ao presidente que teña. Galicia hoxe fixa a súa posición, legal, lexislativa e política. Por suposto que si. *(Aplausos.)*

O 19 de xuño, o Grupo Socialista anuncia a súa abstención e anuncia que a lei, á que non presentaron emenda á totalidade —quérollelo recordar—, nin emendas ao articulado, agora afirman que pode ser o pistoletazo de saída dos pelotazos urbanísticos. Menos mal que lles dixen que era unha lei de redacción coral, contando coas universidades, coas confrarías, co Observatorio do Litoral, con expertos de nivel internacional, con representantes da protección patrimonial, co Consello Galego de Medio Ambiente, co Consello Galego de Pesca, e pasoulles a todos desapercibido. Oian: que viñeron os do PSdeG, ¡que listos son! E resulta que atoparon que esta é unha lei para o pelotazo urbanístico.

Señoría, a nosa realidade é que o Partido Popular de Galicia claro que pode esperar pola lei, claro que pode, o que non pode é Galicia. E por iso hoxe se vai aprobar, porque a cadea mar-industria non pode esperar, as instalacións no dominio público marítimo-terrestre non poden esperar.

Dixo vostede: sempre estivemos ao seu carón. Pois hoxe non. Eu, ao que os invito é, de verdade, a que se aclaren dunha vez, que empecen a facer algo útil por esta terra, porque teñen vostedes problemas moi serios. O primeiro que deberían aclarar é quen está ao temón do barco, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pídllelo de verdade. A un gustaríalle saber se en todo este relato que acabo de facer quen ten o mando é o novo secretario xeral do Partido Socialista de Galicia ou o aspirante, o novísimo candidato ao partido en Galicia. Eu xa non o digo por nós, nin sequera o digo polos galegos, dígoo porque hai un deputado seu que está esperando a saber con quen ten que enfrontarse nese xogo de tronos que vostedes chaman «primarias». ¡Home!, un pouco de respecto polos compañeiros. ¡Aclárense dunha vez! Dígollelo de verdade porque isto non é serio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, ¡home!, non.

En todo caso, eu vou facer un último intento, vou tender a man unha vez máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Madre mía, como están os ánimos! Eu invítoos a un pouco de calma.

E vólvolles repetir: hoxe Galicia asume plenamente as súas competencias en materia de ordenación do litoral. Si, señorías, plenamente asumimos a competencia, o que non temos son os medios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: E o que dixo vostede é un motivo de profunda preocupación para toda a xente que nos acompaña nesa tribuna. Porque eu voulle facer unha pregunta, que é moi sinxela: ¿que nos está dicindo?, ¿que o señor Sánchez vai negarlle a Galicia os medios que lle concedeu a Canarias? ¿Iso é o que nos está dicindo? ¿Ou vains exixir aos galegos que aprobemos unha lei cando a Canarias lle entregou exactamente o mesmo que reclamamos por un real decreto?



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: A verdade, non fai falta que me conteste, porque é unha resposta absolutamente irrelevante. Afortunadamente, esa decisión xa non a vai tomar o señor Sánchez, porque dentro de moi poucas semanas pasará a formar parte do pasado deste país, por fortuna para o litoral galego.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Solicita unha intervención a vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moita grazas, presidente.

Señorías, é para min unha verdadeira honra poder pechar hoxe o debate deste novo texto lexislativo. Teño que dicirles que dos cinco que se aprobaron, este, sen dúbida, é singular pero tamén é transcendental. É transcendental porque protexe e garante o futuro de Galicia e porque supón a xestión tamén dende Galicia e seguridade xurídica do noso litoral.

Quero agradecerlle ao presidente Alfonso Rueda a súa valentía, a súa valentía para quitar adiante esta lei, por facer unha encomenda, encomenda que se baseaba única e exclusivamente en incumprir o artigo 27 do Estatuto de autonomía, que lle reconece á nosa comunidade autónoma as competencias exclusivas en ordenación do litoral. Outra das encomendas que nos fixo foi acadar o máximo consenso; créanme que o intentamos, e eu téndolles a man para facer hoxe unha Galicia máis forte, dende o punto de vista da ordenación do litoral e das nosas competencias. E a seguinte é que fixeramos noso o xa disposto na Carta europea do litoral, que é recoñecer que o espazo costeiro xoga un papel esencial para a vida humana, un aspecto que despois foi ratificado polo Tribunal Constitucional.

Todos os que estamos aquí sabemos que a costa cumpre un papel moi importante nos ecosistemas naturais, que condiciona a vida humana e é unha función social e económica. Polo tanto, conta cun papel estratéxico no desenvolvemento da nosa economía.

Por iso, con esta lei apostamos por unha xestión integrada, esa xestión integrada con tres patas: a medioambiental, a social e tamén a económica. Por ese equilibrio harmónico entre a biodiversidade e a actividade humana integramos nun só texto todas as políticas sectoriais e as instancias administrativas que teñen relación co litoral, e creamos órganos de participación, colaboración e tamén de intercambio.

En setembro do ano 2022, comezabamos un traballo arduo cunha análise minuciosa co sector, pero tamén, á parte de co sector, coas distintas consellerías. Esta é unha lei totalmente transversal. Teño que agradecerlle o traballo realizado pola Consellería do Mar, pero tamén pola Consellería de Cultura, porque supón ter en conta o noso patrimonio, e, ¿como non?,



Infraestruturas, por eses servizos básicos esenciais, dos cales nos estaban privando por unha interpretación máis que restritiva. E ese turismo, un turismo que queremos medioambiental, un turismo de calidade.

E para iso o presidente dicíanos que nos tiñamos que rodear dos mellores, e os mellores entendiamos que era o coñecemento en Galicia. Temos a gran sorte de ter un Observatorio do Litoral. E quero ademais darlles as grazas aos profesores Marta García e Javier Sanz Larruga, pola súa implicación e polo seu traballo. Eles foron piares, e a eles fóronse unindo unha morea de expertos e moitas persoas tamén a nivel individual. Pero tampouco quero esquecerme de todos aqueles colectivos, entidades, asociacións e organizacións, e todas as persoas que nos trasladaron as súas achegas e que enriqueceron esta norma. ¿Como non? Á cadea mar-industria, aos cales eu lles tiña un grande aprecio. Pero teño que dicir que dende o punto de vista medioambiental, eles son os máis interesados en coidar a nosa costa.

Polo tanto, moitas grazas a eles e tamén aos concellos costeiros. Aquí non houbo ideoloxía; foron convidados todos e todos participaron. E aos responsables da redacción do texto por mimar cada palabra dos setenta e cinco artigos que conforman esta lei. E aos deputados, os do Grupo Popular, pero, por suposto, tamén as achegas que puideron facer tanto o PSOE como o BNG.

Unha vez máis, grazas por colaborar nunha lei clave para Galicia, que, ademais de coidar o aspecto ambiental dun xeito escrupuloso, garante a función social da costa galega. E esa función social non ten sentido se non hai a parte económica.

Unha lei que permitirá consolidar o futuro da nosa costa, dos seus valores naturais, patrimoniais, paisaxísticos e tamén económicos, e mais o futuro dos galegos e das galegas que viven na costa, para que o litoral siga tendo esa función onde as actividades nas cales eles se desenvolvan son singularidades do noso xeito de vivir.

Hoxe temos unha oportunidade máis ca nunca de demostrar a forza dunha Galicia unida.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación do texto lexislativo.

Comezamos votando as emendas que se manteñen do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Son en concreto da 1 á 3, a 6, 7, 9, da 12 á 17, 20, 22, 23, 25, 26, 29, 33, 35, 37, 40, 42, 45, 46, 48, 54, 57, 59, 60, da 62 á 67, 69, 70, 72, 80 e 84.

Votamos.

Votación das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos —da 1 á 3, a 6, 7, 9, da 12 á 17, 20,



22, 23, 25, 26, 29, 33, 35, 37, 40, 42, 45, 46, 48, 54, 57, 59, 60, da 62 á 67, 69, 70 e 72 —, sobre o Proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o ditame da Comisión coas emendas que xa foron incorporadas.

Votamos.

Votación do Ditame emitido pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, coas emendas incorporadas, sobre o Proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Terminou aquí este texto lexislativo. (Aplausos.)

Continuamos co punto 2 da orde do día, de comparecencias.

Comparecencia do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, por petición propia, para informar das liñas de acción na área de deportes

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o vicepresidente primeiro, o señor Diego Calvo Pouso.

Cando queira.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías, creo que é importante que o Goberno galego amose a intención, e a petición propia queremos comparecer neste Parlamento para falar única e exclusivamente dunha parte importante das nosas competencias e dun sector tan importante como é o deporte. Por iso é unha honra poder estar hoxe aquí comparecendo e falando de algo que é especialmente importante, e de que en Galicia nos temos que sentir especialmente orgullosos dos nosos deportistas.

A comparecencia que o Goberno quere facer, que eu quero facer, vouna facer con base nun decálogo que lles paso a enumerar: en primeiro lugar, temos máis deportistas ca nunca; en



segundo lugar, temos máis deporte base ca nunca; en terceiro lugar, máis deportistas de alto nivel ca nunca; en cuarto lugar, máis tecnificación ca nunca; en quinto lugar, máis becas para deportistas ca nunca; en sexto lugar, máis atención ca nunca; en sétimo lugar, máis patrocinios ca nunca; en oitavo lugar, máis igualdade ca nunca; en noveno lugar, máis infraestruturas deportivas ca nunca; e en décimo lugar, máis orzamento ca nunca.

Como todos saben, cando a Secretaría Xeral do Deporte pasou a formar parte da Vicepresidencia tentamos loxicamente atendela como merecía e eramos conscientes da súa importancia transversal, nas dúas vertentes que engloba: en primeiro lugar, o deporte de alta competición e, en segundo lugar, o fomento do deporte como estilo de vida saudable.

Traballamos dende o convencemento de que a práctica deportiva é algo que transcende á actividade das federacións, aos propios clubs, aos deportistas e tamén, por suposto, transcende ás políticas que poidamos facer dende as distintas administracións. Por iso estamos orgullosos de vir a este Parlamento e facer este balance, un balance que, evidentemente, é mellorable, por suposto, que é mellorable, pero tamén é tremendamente positivo este balance, como puideron vostedes apreciar nese decálogo, e permítanme que agora pase a explicalo.

Diciamos que, en primeiro lugar, temos máis deportistas ca nunca, e é certo porque pechamos o ano 2022 coa cifra de 292.000 licenzas federativas, case un trinta por cento máis das 231.000 que tiñamos no ano 2021, e por riba tamén do máximo histórico que tiveramos ata ese momento, que eran 273.000 no ano 2019. Os últimos datos recadados son de febreiro; polo tanto, no día de hoxe podemos afirmar con total seguridade que pasamos xa das trescentas mil licenzas federativas; un fito histórico. E hai que dicir apoiado tamén na Real Federación Galega de Fútbol, que en xaneiro deste ano acadaba as 100.000 fichas, o cal é realmente importante.

É importante resaltar o número de fichas, de licenzas, porque a pandemia cambiou o xeito de vivir de moita xente e restrinxiu moitas actividades durante moitos meses, o que provocou unha mingua xeneralizada no número de participantes. Pero a pesar diso —como dicía— foise recuperando ese dato e agora xa podemos dicir que estamos por riba dos números de antes da pandemia. Un esforzo e un éxito, polo que temos que felicitar a todo o mundo do deporte.

Os termómetros que utilizamos para medir esta situación son dous: en primeiro lugar, o Programa Xogade, programa no que xuntamos toda a oferta deportiva escolar e federada para os rapaces e rapazas de entre 6 e 16 anos, e as licenzas das federacións deportivas, nas que —como xa dixen— superamos as trescentas mil. Por iso dicimos que temos máis deporte ca nunca.

O segundo aspecto do decálogo ou a segunda norma do decálogo era: ¿por que hai máis deporte base ca nunca? Porque o deporte é unha forma de vida, unha filosofía de vida, é saúde física, é saúde mental, contribúe á integración, igualáanos a uns e a outros, e axuda a ter unha vida social activa. Por iso dende a Xunta de Galicia apostamos forte, porque é necesario e porque é a nosa obriga con toda a xente que practica deporte, contando —como dicía— co Programa Xogade, que agrupa a toda a actividade deportiva, lúdica, escolar e federada para nenos e nenas de entre 6 e 16 anos.



Ese programa chegou no ano 2019 ao seu número máximo de mutualizados, que eran 128.000 rapaces. Hoxe, trala pandemia e consecuente redución de participantes, o Programa Xogade está en 135.000 rapaces e rapazas, o 54 por cento dos escolarizados. E é máis: neste programa, señorías, podemos estar orgullosos porque somos a única comunidade autónoma de toda España —repito: a única— que financiamos o seguro deportivo de todos os participantes. Un seguro que non llelo repercutimos nin ás familias nin ás federacións nin aos clubs nin aos colexios, senón que o paga a Xunta de Galicia. E é un importe nada desdeñable de 4,3 millóns de euros ata 2024, o que supuxo unha subida dun 21,5 por cento respecto do ano 2022. E repito que somos a única comunidade autónoma que o fai. Isto significa —como dicía— que asumimos nós o custo dese seguro.

Ademais da actividade federada en Galicia, levamos anos apostando por un modelo de traballo que ten como obxectivo fomentar a práctica da actividade física dentro e fóra das nosas aulas, en alianza co profesorado e coas entidades deportivas, ás cales tamén lles temos que agradecer a súa implicación.

O deporte base é unha peza clave da política deportiva da Xunta de Galicia. A pesar dos bos resultados que amosan que máis do corenta por cento das licenzas deportivas de Galicia son de menores de entre 6 e 16 anos, non os vou enganar, pois o noso obxectivo é chegar ao cen por cento dos escolares.

Dentro do Plan Galicia saudable destaca sobremaneira a ferramenta estrela: o Dafis, datos sobre a valoración da condición física saudable, que leva realizadas —¡fíxense vostedes!— preto de 52.000 avaliacións a máis de 28.000 nenos e nenas en máis de douscentos centros escolares da nosa comunidade autónoma.

O valor desta ferramenta non o destaca a Xunta de Galicia nin o seu vicepresidente, destacan outras institucións. A plataforma Dafis leva recibido nos últimos anos unha gran cantidade de premios nacionais e internacionais, entre os que destacan: o recoñecemento da Oficina Europea da Organización Mundial da Saúde, como exemplo de boas prácticas para a promoción da actividade física no ámbito escolar, no 2018, e vén de ser recoñecida a principios deste ano como outro exemplo de boas prácticas na maior base de datos de Europa, sobre a condición física de adolescentes no proxecto FitBack Europe, do que formamos tamén parte.

¿Por que hai máis deportistas de alto nivel ca nunca? Ben, pois temos unha lista interminable, da que lles podería dar lectura a todos e cada un dos meses e a todos e cada un dos nomes, e meréceno; téñoa aí, fareino na segunda intervención porque deixeina no escano. E Galicia é exemplar por iso, é exemplar por todos e cada un deses deportistas, por todos e cada un dos esforzos que fixeron ao longo destes anos e que seguen facéndoo para conseguir premios e para conseguir situarse en todas as competicións á fronte de cada unha delas.

Este mesmo venres, o *Diario Oficial de Galicia* publicaba a resolución dos deportistas de alto nivel, e Galicia acaba de acadar un récord histórico ao chegar e superar o milleiro de deportistas de alto nivel recoñecidos. Isto débese a que o novo decreto que regula esta condición, aprobado no ano 2020, recoñece, ademais do propio alto nivel, o alto rendemento, o rende-



mento deportivo de base, e inclúe as figuras de adestradores, xuíces e árbitros, así como o deportista galego de alto nivel vitalicio.

En total, neste momento contamos con 1.013 deportistas galegos recoñecidos, amosando ré-cords en todas e cada unha das categorías: 805 de alto nivel —299 mulleres e 506 homes—; 64 de alto rendemento deportivo —25 mulleres e 39 homes—; 107 de rendemento deportivo de base —44 mulleres e 63 homes—; 15 técnicos —4 mulleres e 11 homes—; 7 árbitros —5 mulleres e 2 homes—; 5 xuízas —4 mulleres e 1 home— e 10 vitalicios —5 mulleres e 5 homes—.

Entre os recoñecidos nas últimas resolucións como deportistas galegos de alto nivel destacan nomes como Jorge Candán e María del Pilar Barros, campións do mundo de vídeo submarino; Noel Domínguez, en piragüismo; Adrián Mosquera, en piragüismo, en paracanoe; Estrella López Sheriff, en judo; Ferenc Szabo, como adestrador de halterofilia; ou Nico Rodríguez, que se suma a listas de deportistas galegos de alto nivel, vitalicios.

Hai que destacar tamén que, de entre os deportistas recoñecidos, un total de 26 presentan diversidade funcional, o número máis alto de toda a serie histórica. ¿Por que hai máis tec-nificación ca nunca? Pois porque no Centro Galego de Tecnificación [...] (*Inaudible por pro-blemas de son.*) 168 deportistas, entre eles, oito piragüistas da Selección Nacional. Moitos deles son os que tantos éxitos acadan para Galicia e para España, tanto dende o centro de Pontevedra como dende os seus principais satélites: Verducido e o Centro Galego de Vela, en Vilagarcía.

Actualmente, existen catorce modalidades deportivas neste centro: atletismo, lanzamentos, bádminton, judo, karate, loita, natación pura e augas abertas, natación artística, piragüismo en slá-lom, piragüismo en augas tranquilas, remo, taekwondo, triatlón, vela e ximnasia. Trá-tase do centro de referencia do deporte nacional e xoia da coroa do deporte galego; deporte que hai que lembrar que achegou unha de cada tres medallas nacionais dos últimos xogos olímpicos e un de cada catro diplomas; polo tanto —como dicía ao principio—, é un motivo para sentirse orgulloso dos deportistas galegos; ademais de ser a delegación que máis re-presentación achegou aos xogos paralímpicos, cun 15 por cento do total da representación española, tendo en conta cal é o tamaño e a poboación de Galicia.

Polas instalacións do CGTD pasaron 22 deportistas olímpicos e 2 paralímpicos; os últimos —Antía Jácome e Caetano Horta— cunha colleita total de once medallas dende Sidney do ano 2000. Pero non queda aí. Grandes deportistas que participan cada ano en campionatos europeos —e mesmo mundiais— pasaron, e seguen pasando, por un centro que opta a se-guir sendo durante moitos anos un referente do deporte galego e do deporte nacional.

O CGTD é o estandarte do deporte de alto nivel en Galicia. Destinamos cada ano tres millóns de euros ao seu mantemento. É unha instalación que xa conta con trinta e cinco anos de his-toria. Ademais deses tres millóns de euros, investimos nos últimos dez anos máis de cinco millóns en obras relacionadas con este centro. Neste 2023 —grazas aos fondos de recuperación da Unión Europea— disporá tamén de 2,3 millóns de euros para mellorar as súas instalacións. Xunto co CGTD, vimos de crear unha nova figura dos núcleos de adestramento deportivo es-



pecializados: os NADE; para descentralizar a tecnificación e axudar o centro de Pontevedra na xestión da nosa excelencia deportiva. Xa temos recoñecidos oito: a Federación Galega de Surf, a Federación Galega de Squash, a Federación Galega de Hóckey, o Club Kaiak Tudense, o Club Halterofilia A Coruña, o Club Boxeo Kick Boxing A Coruña, o Real Club Deportivo da Coruña e o Club Natural Sport Videlgui. Cómpre salientar que o custo anual do CGTD é aproximadamente —como lles dicía antes— de 2,7 millóns de euros anuais, en gasto corrente, que asume a Xunta de Galicia na súa práctica totalidade. É certo que o Consello Superior de Deportes nos achega —ou nos financia— unha parte, pero realmente o que nos financia son 170.000 euros, que apenas chega ao 6 por cento do presuposto do CGTD. Sexa como fora, o CGTD é a casa de excelencia do deporte galego, unha excelencia que contempla, por suposto tamén, a formación académica dos deportistas, coa finalidade de conseguir a súa formación integral; un cometido no que o papel do IES Sánchez Cantón é fundamental, e tamén o queremos agradecer.

Este centro naceu no 1987-1988, aproveitando as instalacións —como saben— do Estadio da Xuventude e a Residencia de Estudantes Atlántico, na cidade de Pontevedra. Co paso do tempo foise transformando nun moderno complexo deportivo, no que se formaron os mellores deportistas de Galicia, e na actualidade dálles cabida aos principais deportistas e promesas do deporte galego. Que un deportista naza e creza nun contorno como o CGTD, con decenas de deportistas de alto nivel de todas as idades, é unha gran oportunidade, e ademais é a mellor forma de que uns aprendan dos outros; unha combinación que só pode ser benéfica para cada un dos deportistas que, individualmente falando, para todo están alí e que forman parte do deporte galego en xeral.

Diciamos tamén que tiñamos máis becas para deportistas ca nunca, e a resposta é sinxela: porque o merecen. O ano pasado foi un ano récord: destinamos 619.000 euros para 388 deportistas con cargo ás Axudas DGAN. Neste momento, xa traballamos no plan para apoiar os deportistas galegos que poden acudir a París 2024. Somos optimistas e cremos —sabemos, se mo permiten— que haberá representación galega en distintas disciplinas. En Toquio 2020, batemos o récord de participación, con 14 deportistas paralímpicos e 2 guías, e con 20 deportistas olímpicos, máis 5 con licenza galega.

Os resultados xa os coñecen, o 72 por cento —fíxense nestas cifras, por favor— dos olímpicos galegos regresaron entre os oito mellores do mundo na súa disciplina. E, se nos fixamos, nos paralímpicos, non é o 72; o 87,5 por cento dos paralímpicos galegos regresaron entre os oito mellores do mundo na súa disciplina. Un número, unhas cifras, para estar moi orgullosos do seu traballo. Son números impresionantes, pero estamos seguros de que en París 2024 somos capaces de superalos, tanto en participación como en éxitos.

Precisamente a comezos de xuño publicamos a convocatoria de axudas a deportistas galegos e galegas de alto nivel. Nesta edición destinamos 500.000 euros para axudar á preparación e participación dos deportistas que están a buscar a súa clasificación para os Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París do ano 2024, así como para o resto de deportistas DGAN que tiveron o recoñecemento en vigor nalgún momento nos anos 2022-2023.

Como exemplo, podemos falar das axudas concedidas no ano 2022: os 15.000 euros para Susana Rodríguez Gacio, polo seu ouro paralímpico en triatlón e polo seu diploma en 1.500



metros; os 10.000 euros para Teri Portela, pola súa prata olímpica; os 8.000 euros para Juan Antonio Saavedra, polo seu bronce olímpico, ou os 4.000 euros para Melania Rodríguez, polo seu bronce en dobre minitramp no Mundial de Ximnasia, entre outros.

¿Por que máis atención ca nunca? Porque detectamos un problema, unha eiva, e pensamos que podiamos axudar dende o Goberno da Xunta de Galicia. Comprobamos que os deportistas, unha vez que deixan as competicións profesionais, poden atoparse algo perdidos, algo sós, e nós non queremos iso. Nós debémoslles apoio como resposta ao que eles fixeron por Galicia durante tantos anos e con tanto esforzo. E ademais podemos valernos de todo o seu coñecemento en competicións, xa non só na súa disciplina, senón tamén en competicións nacionais e internacionais, para que reverta nos máis novos e reverta sobre todo na canteira que temos aquí.

Por iso puxemos en marcha —e en breve presentarémola oficialmente— a Oficina de Atención ao Deportista. Trátase dun espazo onde os nosos deportistas, tanto durante como despois da súa carreira deportiva, teñan ese apoio que precisan para asesorarse. Grazas a esta oficina, reciben orientación laboral, reciben información e reciben a axuda que, en xeral, poden precisar. A oficina responde así á necesidade de ofrecer un espazo de referencia onde atender e asesorar os deportistas sobre os recursos e servizos que se lles poñen á súa disposición. Pretende, desta forma, establecer unha canle directa para que os deportistas poidan acceder ao coñecemento dos seus dereitos e obrigas, pero tamén á utilización dos servizos que están á súa disposición.

As súas funcións serán: informar e orientar sobre as dependencias, centros, servizos, procedementos, axudas, subvencións ou calquera outra información que sexa de interese en atención á condición de deportista; detectar as necesidades que poidan xurdir no ámbito da dedicación deportiva, da formación ou da capacitación profesional dos deportistas, propondo ao órgano autonómico competente os recursos e ferramentas que se consideren necesarios para dar esta resposta; promocionar as actuacións e medidas destinadas á sensibilización, divulgación e formación, orientadas a garantir a mellora dos niveis de atención aos seus deportistas; en xeral, a orientación e a atención aos deportistas no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigas.

Dende abril do ano 2022, empezouse a traballar nunha base de datos a través dun cuestionario entre os deportistas para recoller ao detalle as súas necesidades e inquiredanzas. Realizáronse 1.500 enquisas, das cales 752 foron respondidas. Como conclusión, podemos destacar que os servizos máis demandados polos propios deportistas foron: asesoramento e información en xeral, orientación e conciliación laboral, axudas académicas e conciliación académica, axudas económicas e asistencia psicolóxica. Os convenios que asinaremos coas tres universidades, co Colexio de Psicólogos e coa Consellería de Emprego axudarannos a conseguir os obxectivos formulados, imprescindibles para os deportistas de alto nivel de Galicia que tanto teñen dado a Galicia.

Diciamos tamén, en sétimo lugar, que temos máis patrocinios ca nunca, e é que o Plan de patrocinio publicitario de equipos de alta competición do ano 2023 conta cun orzamento de 3,5 millóns de euros, o máis elevado dende que se puxo en marcha na tempada 2009-2010.



Vai destinado ao financiamento dos equipos que participan nas competicións estatais de máximo nivel, das súas respectivas modalidades deportivas, con exclusión das competicións profesionais. O plan vai pola súa XIV edición. Saiban vostedes que é un plan envexado, copiado e sobre o que preguntan moitas comunidades autónomas, porque queren reproducilo —supoño que melloralo—, pero, dende logo, é unha referencia para todas as comunidades autónomas.

Ao longo destes anos, o plan repartiu preto de trinta e sete millóns de euros entre os equipos de alto nivel de Galicia, e cada vez axudou un maior número de equipos. Pasamos dos 84 equipos patrocinados na primeira edición —2009 e 2010— aos 220 na edición do ano 2022; é dicir, tres veces máis equipos estanse patrocinando hoxe que no ano 2009. Ademais, ao Plan xeral sumáronse outros específicos destinados ao deporte feminino —en vigor ata agora mesmo; está presente a súa cuarta edición— e aos equipos profesionais, que só houbo unha edición no ano 2019.

En total, o investimento supera —como dixen— os 37,5 millóns de euros, e os equipos patrocinados triplicáronse ata acadar os 220. Na actual tempada —na tempada 2022-2023—, o Plan xeral de patrocinio execútase en dúas fases, cun investimento de 3,7 millóns de euros. A primeira fase son equipos que compiten no máximo nivel en categoría absoluta, ou previa absoluta, e con calendario que abarque os dous anos: 2022 e 2023. Está xa totalmente executado: 2.596.000 euros, distribuídos entre 120: 67 femininos, 55 masculinos e 3 mixtos. A segunda fase, que é para entidades deportivas galegas que contan con equipos onde as xornadas da súa competición se desenvolvan no ano 2023, será convocada en datas próximas. O seu orzamento é de 1.105.000 euros, e irá destinado a 109 equipos: 42 femininos, 64 masculinos e 3 mixtos.

Por outra banda, o Plan de patrocinio dos equipos de alta competición femininos, de primeiro e segundo máximo nivel estatal, dotado nesta edición con 217.000 euros, ten 22 equipos potencialmente beneficiarios e está en fase de execución. Ao longo da vixencia do plan, este foi contando con distintos patrocinadores. Especialmente destacado —teño que recoñecelo— é o patrocinio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Secretaría Xeral da Igualdade, que permite a implementación dun plan específico de patrocinio dos equipos femininos de alta competición.

Que os nosos mellores deportistas apoiem unha causa tan nobre e tan necesaria como a loita contra a violencia de xénero é unha gran noticia que celebrar. Os nosos nenos e nenas imitan os xestos e as accións dos seus ídolos, que son aqueles deportistas dos que celebran os seus goles, as súas canastras ou as súas vitorias. Se os líderes desta sociedade realizan boas accións, será máis fácil que os nosos cidadáns tamén realicen esas accións e que entre todos poidamos derrubar esa lacra que, desgraciadamente, aínda persiste na sociedade.

En oitavo lugar, falabamos de por que hai máis igualdade ca nunca, e é porque os equipos femininos —do Plan de patrocinio— medraron ano tras ano, ata que na primeira fase do Plan 2022-2023 foron maioritarios, cun 56 por cento. Soubemos dar resposta, e por iso creamos o Plan de patrocinio publicitario de equipos femininos, do que neste ano 2023 estamos a piques de aprobar a súa cuarta edición, moi ligado á campaña: «NON á violencia de xénero», que levamos varios anos impulsando coas federacións, os clubs e os deportistas.



Outro dato a ter en conta é que en 2009 había en Galicia 42.000 licenzas deportivas femininas dun total de 232.000, é dicir, o 18 por cento, aproximadamente; hoxe xa son 73.000, dun total de 292.000, o 25 por cento. Tamén aumentou o número de nenas entre 6 e 16 anos que contan cun seguro federado, unha cifra que se duplicou nos últimos anos, ata chegar a máis de cincuenta mil inscritas no Programa Xogade —do que falabamos antes—.

Dende a Xunta traballamos para, entre outras medidas, fomentar o número de licenzas femininas e a porcentaxe de mulleres presentes nas xuntas directivas de clubs e federacións; premiar as accións que garantan a igualdade efectiva entre mulleres e homes; avaliar os proxectos das federacións relacionados coa promoción do deporte feminino ou garantir o dereito á igualdade nas subvencións deportivas galegas de alto nivel.

Falamos, en noveno lugar, de por que máis infraestruturas deportivas ca nunca. Porque o Goberno galego ten que comportarse de xeito coherente coa realidade deportiva da nosa terra, onde cada ano afloran novos valores que no día de mañá seguirán conquistando os éxitos que as xeracións anteriores levaban outorgando a Galicia durante estes anos.

Por iso, ter os maiores deportistas non é só un motivo de orgullo, senón que tamén é unha gran responsabilidade para este goberno. Para elas e para eles debemos ter as maiores atencións, como veño de dicirlles; unha exigencia que no mundo do deporte significa contar cun axeitado decreto de alto nivel, como así fixemos no ano 2020, pero tamén coas mellores instalacións e infraestruturas deportivas. Os nosos deportistas precisan exercitarse nas mellores condicións posibles para que o seu esforzo se vexa reflectido nos seus resultados.

E do orzamento da Secretaría Xeral para o Deporte deste ano, uns vinte millóns de euros —é dicir, sobre o 45 por cento— destínanse a infraestruturas deportivas; máis de 12 millóns á obra propia contratada pola Xunta de Galicia, tanto en instalacións propias como municipais; máis dun millón a centros propios; preto de seis millóns de euros a concellos, a través da nova convocatoria de axudas para instalacións deportivas. Terá un orzamento de 5,8 millóns de euros plurianuais, sendo executados, ao longo deste 2023, 3,4 millóns de euros, e dos convenios cos concellos, 2,5 millóns de euros, e case 1,5 millóns de euros para a nova convocatoria plurianual para obras e instalacións de entidades deportivas, que estamos tramitando, e da que en 2023 se executarán 785.000 euros.

Apoiamos a posta en marcha de infraestruturas deportivas públicas, seguras e de calidade, co obxectivo de fomentar a práctica do exercicio físico e, así, garantir o acceso da cidadanía ás actividades deportivas, con independencia do seu lugar de residencia.

Á marxe destas axudas, continuamos adiante con grandes proxectos previstos. Parte destes orzamentos irán destinados a seguir levando a cabo infraestruturas tan importantes como a renovación do complexo deportivo de Monterrei, do que neste verán abriremos as súas piscinas e cuxa zona deportiva xa está en pleno funcionamento dende o ano 2021.

Destaca o apoio ás instalacións de atletismo, como o xa inaugurado módulo cuberto do Ifevi, en Vigo. E nesta liña traballamos tamén na adxudicación do módulo cuberto de atletismo en Ribeira, no convenio da primeira pista homologada da Mariña, en Cervo, para o ano 2023, e



no convenio —que xa asinamos o pasado xuño— co Concello da Estrada para a construción dun módulo cuberto multideporte vinculado ás novas pistas de atletismo en fase de execución detrás da piscina climatizada da Agasp. A instalación ten un orzamento de dous millóns, dos cales a Xunta achegou un. Ou na licitación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución para a renovación e a mellora da eficiencia enerxética do CGTD.

No ámbito das infraestruturas, tamén nos estamos poñendo ao día na Lei de aprobación do decreto e rexistro de instalacións deportivas de Galicia, que informará, ordenará e planificará as infraestruturas galegas.

E o décimo punto: ¿por que máis orzamento ca nunca? Por todo o que temos dito ata o de agora. Hoxe temos máis orzamento ca nunca. O deporte galego acaba no ano 2023 o maior orzamento da serie histórica, superando os 44 millóns de euros. Un orzamento que incrementa un 36 por cento con respecto ao ano 2022 e que supera por primeira vez os 41,2 millóns de euros do ano 2009.

Ademais do investimento en infraestruturas, destinamos este ano 10 millóns de euros ao tecido deportivo da nosa comunidade. Destinamos 2 millóns de euros ao apoio á actividade dos clubs, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado en Galicia; 5 millóns de euros para as federacións deportivas e 3 millóns de euros para o Programa Xogade.

Este ano tamén estivemos entregando nas cidades o equipamento deportivo concedido en 2022 ao abeiro das axudas destinadas a dotar de material necesario as federacións, os clubs, as sociedades anónimas e as seccións deportivas.

En Galicia acadamos un máximo histórico en investimento e en equipamento deportivo: 4,6 millóns de euros a máis de 800 entidades deportivas en dúas convocatorias. E se miramos atrás, vemos que dende o ano 2009 destinamos 10 millóns de euros ao apoio á compra de material para máis de 1.700 entidades.

Só hai que acudir a cada un destes actos e comprobar como agradecen todos os clubs a axuda que se lles pode dar para comprar o material necesario que utilizan no día a día. Non estamos a falar de grandes investimentos, pero si de cousas necesarias que moitas veces teñen unha duración limitada; para eles é fundamental poder ter esa axuda.

Este ano como novidade, ademais, aprobamos a primeira orde de axudas específica de equipamento para deporte adaptado. Publicouse a convocatoria a finais de abril, cun orzamento de 227.000 euros.

Non nos esquecemos, ou non nos debemos esquecer, de que nos xogos paralímpicos de Tóquio a delegación galega —como dicía— formou o 15 por cento da selección española. E regresou, como dicíamos antes, con ese 87,5 dos deportistas clasificados entre os oito mellores do mundo.

Remato esta primeira intervención, pero gustaríame insistir en varias cuestións.



En primeiro lugar, os orzamentos da consellería para o fomento do deporte son os máis altos da historia da Autonomía: 44 millóns de euros.

En segundo lugar, entendemos o deporte como unha necesidade e unha obrigaón para prover a nosa sociedade dun futuro activo e saudable.

E, en terceiro lugar, ademais da creación e renovación de infraestruturas, tamén ofrecemos máis e mellores posibilidades aos propios deportistas a través dos programas de apoio, da colaboración cos centros educativos e sociais co noso Plan Galicia Saudable e cos clubs a través de todas as nosas liñas de axuda.

En cuarto lugar, os resultados parecen claros: 300.000 licenzas deportivas e preto de 135.000 mutualizados no Programa Xogade. Os mellores datos de toda a historia.

¿E por que o facemos así? Porque concibimos o deporte dende distintos puntos de vista e tendo en conta as súas funcións: a sanitaria, a educativa e tamén a económica.

¿De que se trata, entón? Pois trátase de poñer todas as facilidades ao noso alcance para que a poboación se habitúe a facer deporte e para que a medida que pasan os anos continúen nesa práctica deportiva polo seu ben.

Se poñemos a nosa atención no deporte para os máis novos, aforraremos a necesidade de tomar medidas no día de mañá, grazas á sociedade activa e saudable que teremos construído entre todos. Segundo a enquisa de hábitos saudables do ano 2022, o 51,8 por cento das mulleres españolas fai algún tipo de deporte, superando por primeira vez a barreira do 50 por cento.

É unha gran noticia que vén acompañada doutras grandes noticias. En Galicia non só máis mulleres realizan deporte, como demostran as estatísticas das licenzas deportivas, tamén son máis nenos e nenas os que cada vez practican deporte, como amosa o Programa Xogade. E tamén son máis os maiores que optan por unha vida activa, tal e como pretende o lema do Plan Galicia Saudable: «Deporte para toda a vida».

Señorías, o principal obxectivo de todas as nosas accións é este: que a sociedade galega se mova e sexa saudable. E abofé que o estamos a cumprir. A Xunta cre no deporte como moito máis que unha actividade física; a Xunta cre nun deporte plural e diverso, sen xénero nin idade, para todos e para todas, enriquecedor da sociedade, transmisor de valores, xerador de noticias, formador, igualador, motor de cambio e tamén axente económico determinante.

O deporte é un instrumento social, un lugar de encontro, un mecanismo de evasión, unha fonte de saúde, unha terapia psicolóxica e, para moitos tamén, un medio de vida.

Promover, fomentar, regular, ordenar e impulsar a práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia son competencias da Administración autonómica e é un obxectivo prioritario e irrenunciable para a Xunta de Galicia. Así o seguirá sendo.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Señor vicepresidente, creo que lle faltou no decálogo un punto máis. Ten tamén o deporte galego, na súa figura, hoxe menos humildade ca nunca, porque vostede veu presumir aquí de todo o que fan os demais. Porque este goberno, que eu saiba, non fai unha ficha federativa, este goberno non salta 14,80 no triplo salto... (*Aplausos.*) Vostedes pasaban por aquí. E voullo intentar explicar agora para ver se son capaz de transmitirlle a realidade de como funciona o deporte en Galicia.

Son basicamente as federacións, os clubs e os deportistas. Obviamente, temos deportistas de grandísimo nivel, pero eu creo que non entrenan en San Caetano, nin aquí, no Parlamento. Fan un esforzo e a vostedes bótanos de menos moitas veces. Permítame esta paréntese: non todos os días —eu que son de Vilagarcía— unha vilagarcía compite en Wimbledon, Jéssica Bouzas, e faino hoxe á tarde. Así que, con todo o cariño, ímoslle mandar así un pouco de pulo, que non é nada malo... (*Aplausos.*) Pero non me vou aproveitar dese nome —agardo que vostede tampouco—, porque sabe que hai anos que non entrena en Galicia. ¡Por algo será!

En todo caso, vostedes, sobre a estrutura do funcionamento do deporte, teñen algúns problemas. Voulle poñer dous exemplos porque vostede ten tempo ilimitado e nós non, pero permítame que llo explique. Vostedes fan un proceso electoral das federacións galegas que as obriga a estar máis dun ano —ou un ano— basicamente en funcións —se a Feijóo se lle está facendo longa a campaña, imaxine unha dunha federación: un ano sen poder funcionar—. E isto porque vostedes, en fin, entenden que só debe funcionar máis ou menos, como non o entenden... E son incapaces, ademais, de ser transformadores na estrutura do deporte, unha estrutura difícil e moitas veces anquilosada, e con algunhas federacións baixo problemas, nas que vostedes pasan de refilón. Vostede citou aquí algunha; creo que como federación citou unha soa; eu xa nin vou entrar, pero teñamos coidado con algún presidente dalgunha federación.

Presume, iso si, das fichas federativas, cando vostede sabe —ou debería de saber— que dende hai moitos anos en practicamente calquera actividade que antes se facía sen federarse hoxe é exixible unha ficha federativa, aínda que só sexa para os seguros. Fanse fichas federativas aos pescadores recreativos tamén. Non creo que sexa grazas á política da Secretaría Xeral para o Deporte nin, por suposto, da súa vicepresidencia.

Hoxe fai falta unha ficha federativa para usar case calquera instalación, fundamentalmente tamén polos seguros, que, por certo, vostede di que os paga, pero, en fin, xa sabemos quen os paga, e non é a súa consellería.



Pero, en todo caso, imos ás cuestións. Tres cuestións que eu lle pretendo trasladar: infraestruturas, actividade... —polo menos, non me insulte, señor vicepresidente; quero dicir, intente manter un pouco as formas— e a utilización do deporte como ferramenta para a transmisión de valores.

Sobre infraestruturas, mire, direille que non existe un plan de avaliacións de infraestruturas ou, polo menos, se existe, vostedes non o queren difundir. Será porque en realidade non existe. Eu voulle trasladar que este Parlamento ten, dende o ano pasado —vai practicamente un ano—, unha petición do noso grupo sobre a planificación das infraestruturas deportivas, tanto na mellor ou nova construción delas durante os últimos anos como na previsión para os próximos anos. ¿Sabe que pasou —aínda que este Parlamento exige que o Goberno ten aproximadamente un mes para responder, van dez meses aló— coa súa consellería? Que non respondeu. E este Parlamento, coma sempre, calado.

Polo tanto, nós o que lle preguntamos é: ¿vostede de verdade cre que están facendo algún traballo minimamente razoable coas infraestruturas? Porque a realidade é que hai algunhas infraestruturas que financian. Normalmente asóciase bastante ben con quen goberna en cada concello, e, entón, aí si que financian, pero é unha evidencia. E pode vostede preguntarlles ás federacións, aos clubs e aos propios deportistas que pasa coas federacións. Agora, por exemplo, falaremos do Centro Galego de Tecnificación Deportiva e xa verá como nos entretemos con isto.

Pero, por tanto, vostedes con infraestruturas necesitan ter un plan de avaliación. ¿Que sentido ten ter a capacidade de investir e dirixir infraestruturas se un non ten unha avaliación de necesidades? ¿Ou a avaliación de necesidades está en se o alcalde é amigo ou non? Iso non ten moito xeito.

Sobre a actividade, mire, claro que temos deportes de alto rendemento e tamén clubs traballando en formación. Pero a realidade é que quen funcionan son os deportistas, os clubs e algunhas federacións, a maior parte delas.

Pero vostede cita aquí o Centro Galego de Tecnificación Deportiva. Obviamente, é un centro que contribúe á mellora dos deportistas, pero contribúen os técnicos que traballan alí, os propios deportistas e tamén os clubs, que fan un aporte —por suposto, Sánchez Cantón dende o primeiro momento—. Pero vostede é consciente, por exemplo, de que España ten catro centros de alto rendemento —que é unha categoría superior ao noso centro— e que o Centro Galego de Tecnificación Deportiva non é CAR porque non ten un investimento suficiente, e podería ser dende hai anos. Vostede é consciente disto. Basicamente, os informes técnicos apuntan a que hai unha falta de investimento en mellora das instalacións e a que faltan algúns profesionais técnicos, máis técnicos, e nalgúns especialidades concretamente, do que seguro que vostede é consciente, e non me vou meter por unha cuestión case de ética profesional. Pero é que hai anos que vostedes coñecen esta realidade e son certamente cicateros en recortar algúns profesionais. En fin, algunhas cuestións creo que xa é mellor sobrepasalas.

Pero, vostede presume aquí de que agora —iso si, catorce anos despois de estar investindo— vostedes van implementar un investimento sobre o Centro Galego de Tecnificación Deportiva



—pasouno así, rápido—. ¿Con fondos europeos? Non, non, perdoe, con fondos dos plans Generation; eses que vostedes non querían, eses que distribúe o Estado e eses que vostede di que non chegan a Galicia. Os fondos de Next Generation do Estado son os que van permitir que o Centro Galego de Tecnificación Deportiva estea máis próximo a ser un CAR e, por tanto, os nosos deportistas teñan máis oportunidades. *(Aplausos.)*

Sobre o aproveitamento do valor do deporte, creo que esta función, dende o noso punto de vista, é elemental. O deporte ten unha potencia tremenda para servir de ferramenta de instrución, de ferramenta de difusión de valores e de aproveitamento social e, polo tanto, cremos que hai que aproveitalo. Teñen os técnicos certas eivas cando miran para o Goberno galego, ou para a secretaría xeral da que depende o deporte no Goberno galego, porque falta a formación para os técnicos, que fan algunhas federacións —que fan un traballo fabuloso—, que fan moitos clubs —que fan un gran traballo— e que fan os propios deportistas e técnicos que se forman, pero o Goberno debería de ter un impulso sobre estes. Os niveis de formación que vostede podería impulsar poderían chegar a ser moito máis elevados, e vostedes unicamente intentan cumprir o papel, e para iso moitas veces de maneira case inexistente.

Pero hai dúas cuestións nas que si me quería deter do deporte feminino. En primeiro lugar, vostede falou dalgún impulso sobre o deporte feminino. Mire, voulle ensinar outra cuestión que nós temos rexistrado neste Parlamento desta lexislatura, pero que podía ensinarlla da lexislatura pasada, que xa pasou. Nós plantexamos que, ao fío da Lei do deporte de España —vostedes votaron en contra—, que impulsa decididamente o deporte feminino e ampara a posibilidade e a necesidade que temos de que o deporte se practique en igualdade e de que superemos moitísimas barreiras, existen moitos impulsos en termos de igualdade que vostedes aquí fan como que non ven e dos que, polo tanto, pretenden pasar. ¿Que defendemos nós? Defendemos a necesidade de implementar liñas de igualdade no ámbito do deporte.

E permítame especificar nunha cuestión que é sangrante, na que Galicia mira para outro lado e que segue ocorrendo no deporte feminino, que son as cláusulas antiembarazo; cuestión que, grazas á lexislación estatal —non á galega, que vostedes se negaron a tocar—, hoxe xa non pode incluírse. En Galicia aínda existen algunhas cláusulas antiembarazo. É vergoñento, é indecente, e o máis vergoñento e indecente sobre as cláusulas antiembarazo —que son aquelas que condicionan contratos de mulleres, porque, practicando deporte, non queren que queden embarazadas— é que vostedes as asuman, porque saben perfectamente que ocorre. Cada vez ocorre menos, porque están máis perseguidos e porque eses casos deben ser ilegais, e agora, grazas á lei estatal —da que vostedes estiveron en contra—, xa o son, pero vostedes non son capaces de orientarse para frear iso. Nós propuxemos e fixemos preguntas neste Parlamento sobre a súa posición. Fixémolas hai cinco meses. Este Parlamento ten a posibilidade de rexistrar preguntas escritas a este goberno, e o Goberno ten a obriga de responder estas preguntas escritas, pero ¿sabe que pasou con esta resposta que vostedes nos deron? Que aínda non chegou. Dende logo, moito deporte, pero o premio de velocidade non o van levar. ¡Cinco meses sen contestar sobre isto! ¿Por que? Porque vostedes non teñen nada que dicir e prefiren calar, porque a súa posición en termos de deporte e igualdade é moi problemática; problemática porque están trasladando a idea de que non importa, e hai problemas que existen.



E hai outra cuestión sobre a que nós, xa na lexislatura pasada, estivemos traballando, que son algúns problemas de condutas agresivas e violencia na contorna do deporte. Dende logo, son minoritarios, e estamos gañando espazo, estamos reducindo esas condutas ao pequeno, pero aínda existen. Existen, e existen de maneira moi problemática. Recentemente había algún que combinaba violencia no deporte, agresión verbal e, ademais, un problema claro de machismo burdo e indecente no ámbito do deporte, e a vostedes non se lles viu por alí. Vostedes non están neste tema, e non están entendendo ou non queren entender —porque, como é complicado, pasan diso— que deben de afrontar esta realidade. E o deporte podemos utilizalo para difundir valores, pero, en realidade, se o utilizamos mal, estamos admitindo cuestións. Hai episodios problemáticos, condutas agresivas no ámbito do deporte, e vostedes non teñen nin un só impulso en formación sobre isto.

Vostedes falan da campaña do «non» que vostedes financian, e non a financian vostedes; é un financiamento do Estado que chega grazas ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Polo tanto, vostedes están presumindo do financiamento doutros, pero o seu investimento é nulo.

Por tanto, vostede presume dalgunhas cousas, pero creo que se vostede vai —ou, se quere, acompañámolo— a estar con clubs, con deportistas, non para entregar subvencións e sacar unha foto, senón para preguntar cal é a realidade, verá que todos eles lle dirán que outras comunidades teñen unha política deportiva moitísimo máis avanzada, e non o quero comparar con Euskadi, con Navarra ou con Cataluña... —non ría, porque, a ver, eu entendo que vostede non saiba disto, pero, polo menos, non se ría dos que levamos toda a vida traballando en deporte— Se vostede quere compararse con Euskadi, Navarra ou Cataluña, pode, pero se vostede soubese disto, cando lle plantexasen esta comparativa, vostede agacharía a cabeza, porque é imposible compararse en política deportiva, sobre todo nos eidos da formación e dos valores. E pode vostede intentar facer toda a burla que queira. Eu xa sei que a fai porque non entende, pero o que eu lle digo é que calquera persoa que traballa no ámbito deportivo sabe que esas comparativas aquí son un problema, porque os clubs fan un gran traballo, pero botan de menos o seu goberno.

Polo tanto, vostede vén aquí presumir de moitas cousas, pero presume do que fan os demais. Isto funciona grazas aos clubs, ás federacións, aos deportistas, e vostede, como cantaba Aute, «pasaba por aquí».

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señor Calvo.

É certo que case sempre os debates que teñen que ver co deporte adoitan ser máis sosegados e tranquilos. A verdade é que non adoitan ser os temas máis belixerantes, digamos. E hoxe,



pois, aínda imos intentar que sexa un exemplo máis, como ocorre moitas veces en comisión. Até aí, até onde nos deixen, por suposto. Porque, ademais, cando hai aspectos positivos, pois sinálanse e non pasa nada, e cando hai aspectos negativos, critícanse de xeito construtivo. Un aspecto positivo, neste caso, foi o orzamentario, evidentemente. Levabamos moitos anos, pero que moitos anos, sinalando que os orzamentos da Xunta de Galiza, no que tiñan a ver cos deportes, eran pírricos. Nesta vez foron os máis altos. Ben, pois parabenízase, dise claro e non pasa nada, pero aquí hai unha serie de millóns de euros que quedaron ao longo de moitos anos, porque estamos fartos de ver anos nos que había 17, 20, 21 ou 22 millóns, pero está moi ben que agora volvan superar os 40 millóns de euros, como ocorría no Bipartito. Dise, e non pasa nada.

Pero, dito isto, temos que aproveitar a comparecencia para facerlle unha serie de preguntas e de suxestións. Unha delas é, por suposto, seguir apostando dunha maneira máis forte e decidida, tamén orzamentariamente, polo Programa Xogade. É vital levar dun xeito decidido o deporte aos centros educativos. Faise, pero, canto máis se faga, evidentemente, mellor, porque, ademais dos beneficios en saúde, tamén se está levando aos nenos e nenas unha serie de cultura e de xeito de vida e, por iso, ten que aumentar tamén a nivel orzamentario. Sempre llelo dicimos.

Como ben se dixo e como ben dixo tamén o señor Torrado, aquí parece que o vicepresidente corre 100 metros, salta vallas e fai todo, pero os premios gáñanos os deportistas, os adestradores e os técnicos. E, como ben se dixo, temos grandísimos deportistas, e, ademais, Galiza eu penso que a nivel infraestruturas e medallas, se puidese facer unha porcentaxe diso, debe ter unha das máis altas. Pois ben, temos grandísimos deportistas que levan o nome do país por todo o mundo e que traen unha morea sempre de medallas á casa; afortunadamente, son galegos e galegas. E afortunadamente tamén unha cousa que é moi positiva é que se dan en moitas disciplinas, que non se centran sempre nun só deporte, como ocorre, por exemplo, con outros países.

Pero hai algo que debe cambiar, aínda que non é fácil, e é que os nosos grandes deportistas, os máis coñecidos e as máis coñecidas, teñen que poder desenvolver a súa carreira deportiva no noso país, e isto ten moito a ver con que, ao mellor, ese nivel de infraestruturas deportivas no noso país non é tan elevado, non é tan marabilloso, non é tan utópico, porque, se non, todas as caras coñecidas do deporte do noso país que gañan medallas e que son famosos e famosas non terían que marchar para Madrid e para Barcelona adestrar sempre. Canto máis aumentamos o coñecemento e canto máis aumenta o nivel e o medalleiro, máis aumentan os deportistas que teñen que ir a Madrid e a Barcelona. E isto non é unha crítica, en absoluto, nin unha minusvaloración ao CGTD, que, por suposto, fai un labor fantástico e sempre se lle reconece.

Pero, falando de infraestruturas, hai unha que nos trae un pouco ás voltas e que leva tamén xa abondo tempo enriba da mesa, como é o parque acuático de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar. Anunciábase no 2021. En setembro dese ano adxudicárase e dábase un prazo de execución de oito meses. Por desgraza, isto, evidentemente, non se pode controlar de todo. En marzo do 2022 a empresa abandona e a Xunta volve adxudicar en xaneiro. É certo que pasaron meses, pode ser que houbese un retraso de máis, pero dáse un prazo de



seis meses de execución. Paréceme moi ben que o visite; vostede mesmo foi alí o 30 de marzo deste ano e dixo claramente que ía estar para este verán; que para este verán xa se ía poder utilizar. Isto estaba así o domingo (*O señor Castro García mostra dúas fotografías.*), e eu sei que o verán dura máis, pero estaba así o domingo. Non sei se nos poderemos bañar aí; sobre todo, non sei se a xente da «ourensanía» se poderá bañar aí, porque pinta de piscinas e de parque acuático moita non ten.

Entón, estamos falando, ademais, do principal investimento en materia de infraestruturas deportivas; e iso dá para outro debate: se o principal investimento en materia de infraestruturas ten que ser o parque acuático de Monterrei. Niso non vai chober a gusto de todos, pero sempre hai certas tendencias en quen goberna nun dito sitio cando hai un investimento deportivo. Pero, evidentemente, como estamos falando do principal investimento en materia de infraestruturas deportivas, isto ten que ir adiante.

E como se fala de tantos cartos neste investimento, pois está ben que dea unha explicación, porque eu creo que en verán xa estamos —hoxe ¿que día é? 4 de xullo—, pero, apetecer darse un baño, pois aínda non apetece. Pero, bueno, creo que é vostede o que ten que dar as respostas. É certo tamén que en todo no que teña que ver con Ourense e quizais co Pereiro de Aguiar teñen bastantes cousas que falar internamente, pero, bueno, iso é un capítulo á parte.

Ademais disto, temos outra pregunta. No mes de abril, sorprendentemente —ou non tanto, xa non o sei—, o señor Louzán, o presidente da Federación Galega de Fútbol, facía o seguinte anuncio; prometía a volta da selección galega de fútbol en forma de partido amigable e dicíalle que, ao mellor, podería ser neste ano. ¡Marabilloso! —eu xa non lle vou preguntar, porque xa o fixemos, que lle pareceu a condena a este señor, porque xa dixeron que non lles parecía nada; hai cousas que mellor que pasen; cando non gustan, que vaian pasando—. Moi ben, pois centrémonos no deportivo: ¿que vai facer a Xunta de Galiza do Partido Popular?, ¿vai colaborar coa realización deste evento deportivo ou vai adoptar unha postura así un pouco máis diferente, como fixo coa Lei estatal do deporte, na que se deu a man con Vox e na que chegou a dicir que, por exemplo, que haxa unha selección vasca de surf era unha ameaza á cohesión territorial de España? Eu espero que fagan por axudar á realización destes encontros amigables, porque son un primeiro paso, e creo que, ademais, van facer moi felices a moita xente, a moitos galegos e galegas, sintan o que sintan.

En segundo lugar, quero dicirlles que se a cohesión de España —«a cohesión territorial», como vostedes din— se ve ameazada por unha selección vasca de surf, é que a cohesión territorial de España é bastante feble; está debilucha, digamos. Pero, bueno, cadaquén coas súas filias e coas súas fobias.

E tamén quero dicirlles que decidan ben que responder ante esta proposta do presidente da Federación Galega de Fútbol, porque, tal e como están as cousas, tal e como está o debate de incendiado agora mesmo, non vaia ser que chegue unha chamada de Génova, como chegou a Estremadura.

Eu tamén quero preguntarlle se esta proposta —que, neste caso, abriu o debate, digamos, o presidente da Federación Galega de Fútbol— se vai estender ou se quere a Xunta que sobre



todo —que é o máis importante— se estenda a outras disciplinas deportivas. E digo isto porque xa dou por feito que esta proposta, no que ten que ver co fútbol, está tamén orientada tanto ao masculino como o feminino; quero dar xa por feito.

Pero, sobre todo, aquí hai algo moi importante, que se viu ao longo da historia en todos os países do mundo, en todos os estados do mundo, que é o valor que pode ter o deporte para transmitir mensaxes; mensaxes boas, pero, moitas veces, desgraciadamente, mensaxes moi malas. E a día de hoxe, cada vez que un entra no Twitter, no Facebook, no Instagram, na televisión ou onde sexa, se ven máis agresións, máis insultos e máis pais —recalco o de «pais» porque sempre son pais— que teñen comentarios lgtbifóbicos, que teñen comentarios machistas, racistas, tanto en encontros co que son disciplinas deportivas de adultos como de nenos e nenas —que aínda é máis grave—. E, entón, eu penso que aquí a Xunta de Galiza ten que tomar unha carta bastante importante e un papel moito máis relevante. E digo isto sobre todo porque estamos nun contexto onde o debate está totalmente incendiado, onde se poden quitar bandeiras LGBT de edificios e administracións públicas, e fano vostedes gobernando, onde se pode dicir que non hai violencia machista, e vostedes gobernan con esa xente. Entón, como isto repercute e vese reflectido no deporte en todas as cidades e en case todas as disciplinas deportivas —destacando o fútbol, hai que dicilo, tamén cadaquén terá as súas razóns—, pois aquí creo que teñen que tomar parte importante, porque a Xunta aquí pode actuar. Porque se están vulnerando os dereitos máis elementais das mulleres, do colectivo LGBT, das persoas racializadas, de todo aquel que signifique o diferente. E aquí a Xunta, ben sexa a través de políticas, ben sexa a través da educación, ben sexa a través de educación a aqueles que ensinan a educar no deporte, ten que tomar parte neste asunto.

Vostedes están tendo unha postura moi incendiaria e moi condenable ao largo e ancho do Estado. Espero que a cambien e que a leven ao deporte. Podemos falar dun xeito así sosegado. Vostedes teñen algo que dicir, e seguiremos falando nas seguintes quendas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

(Aplausos.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Murillo.

A señora MURILLO SOLÍS: Bos días e moitas grazas.

Vou facer dous turnos de intervención, e vou esgotar menos tempo neste primeiro para poder despois falar un pouquiño máis no segundo, se puidese ser.

Vou tratar de ter un bo ton nesta primeira intervención e non contestarlle ao señor Torrado, ao que podería falarlle da Lei do deporte, de recente creación, do 22 de decembro pasado, na que se tratan dous dos temas dos que vostede falou aquí, agora mesmo. Un, sobre as cláusulas antiembarazo. A Lei do deporte, do Partido Socialista —que vostede debería coñecer—, deixa como deberes ás federacións deportivas deste país —España—, a nivel estatal, a normaliza-



ción da maternidade e da lactancia. Logo, se entende vostede que é un tema estatal, as cláusulas antiembarazo non son unha competencia da Xunta de Galicia. É un tema que nos preocupa a todos, pero, evidentemente, acaban de regularse e acábase de depositar a forma de normalizar a lactancia e a maternidade nas federacións deportivas por lei —a lei, a do seu partido político—.

Tamén nesta mesma lei se fala da necesidade de facer un censo de infraestruturas deportivas, do que vostede falou tamén, responsabilizando, efectivamente, a Xunta de Galicia de que non estea feito. E nesta mesma lei —repito— do 22 de decembro deste pasado ano 2022 —do seu partido político tamén— dise que hai que elaborar un censo de infraestruturas deportivas polo Estado, da man das corporacións locais e corporacións autonómicas. Logo, está ditaminado por lei dende o Estado que hai que facer ese censo a nivel estatal, en colaboración coas comunidades autónomas e tamén coas comunidades locais. Isto significa que as competencias, que poden ser delegadas, que poden ser compartidas, hai que empezar, en primeiro lugar, a asumilas un mesmo. É certo que foi un colega seu, Eduardo Blanco, socialista, o que fixo o primeiro censo en España —isto está sen actualizar—. Casualmente, na nova Lei do deporte, volven repetir dende o Estado que é preciso facer ese censo, en colaboración coas comunidades autónomas e as corporacións locais. Eu non lle tería que dicir a vostede a realidade da relación que ten esta Xunta de Galicia coa Deputación de Pontevedra, por exemplo, que nin sequera a señora Silva vén comparecer; co cal, é moi difícil que se poida elaborar un censo real de infraestruturas cando non hai colaboración interadministrativa.

Agora si vou empezar a miña intervención de modo máis calmado.

Gustaríame empezar a miña intervención felicitando a Alfonso Rueda e a Diego Calvo —presidente e vicepresidente e conselleiro de Deportes da Xunta de Galicia—; ao primeiro, por elevar o deporte ao rango de consellería dentro do seu goberno, o que, sen dúbida, lle deu máis visibilidade e importancia a este sector de actividade; e ao segundo, ao comparecente na mañá de hoxe, por traballar arreo e conseguir a maior dotación orzamentaria para deportes nas últimas décadas. Grazas a ambos.

É certo que non foi doado acadar orzamentos importantes en materia deportiva polas moitas partidas prioritarias que necesitan cobertura económica inmediata, como a educación, a saúde e outras cuestións de carácter social, pero aínda con pouco —como vén de relatar o noso vicepresidente— fíxose moito. O deporte é unha forma de socialización, unha medida acaída para a mellora da nosa saúde, unha forma tamén de ocio, do espectáculo; e cada vez con máis forza está a converterse nun sector importante tamén da nosa economía. Con todas estas vertentes o Grupo Popular, dende o Parlamento, e a Xunta de Galicia, dende o Goberno, tenderon pontes a todos os grupos políticos para que entre todos puidesen facer da actividade física e do deporte unha actividade presente en moitas franxas de idade en todos os recunchos de Galicia.

A unanimidade de voto en materia deportiva nas derradeiras lexislaturas neste Parlamento —que vostede coñece, señor vicepresidente— acadou practicamente o 98 por cento das iniciativas tramitadas. É certo que sempre dende aquí buscaremos a excelencia, exixiremos traballo en políticas destinadas a favorecer a práctica deportiva en todos os eidos, de forma



especial, no eido da igualdade e do deporte inclusivo; solicitaremos sempre máis apoio económico e colaboración con clubs e asociacións deportivas para que poidan desenvolver máis e mellores actividades; e pediremos máis infraestruturas e, ¿como non?, máis orzamentos. Xa sabe, isto é un clásico, pero a Xunta, en xeral, escoita.

Como vostede vén de avanzar, o número de licenzas no deporte federado crece a bo ritmo, o que indica que as cousas se están a facer ben. Os nenos e non tan nenos comprométense e organízanse para adestrar e competir da man dos clubs e asociacións deportivas do noso país. As cifras que acabo de relatar indican que practicamente o dez por cento da poboación galega practica un deporte federado, o que, sinceramente, é un éxito de todos.

Especial e con éxitos evidentes de participación, o Programa Xogade, promovido pola Xunta de Galicia como método de iniciación á actividade física e ao deporte, é probablemente unha das claves do crecente número de practicantes en Galicia; programa que acerca o mundo do deporte aos nenos de entre 6 e 16 anos. O xerme dos futuros deportistas profesionais do noso país está aí, nese inicio, nese contacto do neno ou da nena con calquera modalidade deportiva que lle poidamos ofrecer. Dende aí, cando xa o deporte é algo que semella parte da súa vida diaria, o mesmo que son os estudos, eses avances especialízanse dentro dos clubs deportivos. A cadea funciona porque os éxitos do deporte galego son moitos.

Importante para todos os colectivos que traballan con nenos que compiten cada semana e que —como ben vén de dicir vostede— é a única comunidade autónoma que o financia é o seguro para os deportistas na franxa de 6 a 16 anos. A seguridade dos rapaces, a tranquilidade dos pais e a economía dos clubs son elementos que dende a Xunta de Galicia se tiveron presentes á hora de asumir este custo. O agradecemento do sector deportivo, en xeral, cónstame que lle foi transmitido en reiteradas ocasións. Os recoñecementos deportivos de alto nivel —incluíndo árbitros, técnicos e, como non pode ser doutro xeito, dentro do grupo de deportistas, aqueles con diversidade funcional, que tantos éxitos deron a Galicia nas últimas paralimpíadas— son exemplo de que cada día son máis e mellores; e así deben de ser recoñecidos para que sintan que as súas metas son as nosas.

Se falamos de excelencia, falamos do CGTD, o Centro de Alto Rendemento de Galicia. Para min —por ser de Pontevedra— resulta especialmente importante corroborar que a presenza deste centro na miña cidade, nesta pequena vila fundada por Teucro, foi o pulo fundamental para que a cidade se convertese dun tempo a esta parte en referente deportivo en practicamente todas as modalidades coñecidas. Grazas á Xunta de Galicia por apostar por Pontevedra no pasado, no presente e agardo que tamén no futuro. En Pontevedra respírase deporte, ámase o deporte e sempre seremos quen de acoller eventos deportivos promovidos polas administracións públicas de todas as cores políticas, en colaboración coas entidades privadas. A colaboración institucional debe estar presente hoxe e sempre para facer máis polo mundo do deporte. Grazas ao responsable da Xunta de Galicia por manter sempre ese ton e boa sintonía co Goberno da cidade de Pontevedra para poder avanzar en melloras para todos. Sentimos orgullo de que en Pontevedra entrenen campións olímpicos coma Teresa Portela, en piragüismo, ou Gómez Noya, en triatlón —por citar algúns e non esquecer outros—; si-gamos apostando por Pontevedra. E aínda que a descentralización pode ser boa e é necesaria para descolapsar as instalacións do CGTD, creando os NADE, o centro de operacións —a xoia



da coroa como vén vostede de dicir —, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva, señor vicepresidente, debe manterse si ou si en Pontevedra.

É fundamental, sen dúbida, e é unha excelente noticia a creación da Oficina de Atención ao Deportista, a nota común entre aqueles que traballan arreo para acadar altas metas individuais ou colectivas e a necesidade de horas de adestramento en idades temperás, o que lles impide ás veces concluír círculos formativos por falta de tempo, por falta de formación ou incluso por carecer nestas etapas temperás da necesidade de visualizar un futuro máis aló do deporte. Axudar o deportista cando inicie a súa carreira, axudar o deportista con accións formativas para que sexa mellor cando está na súa plenitude ou axudar o deportista cando finalice a súa carreira profesional, cando ten que comezar unha nova vida, é síntoma de solidariedade do pobo galego.

É de ben nados ser agradecidos, e se eses deportistas pararon as súas vidas, sacrificando o tempo coas súas familias ou o tempo para estudar, para tratar de conseguir éxitos dos que todos nos sintamos orgullosos, debemos agora axudar para que esas oportunidades que deixaron pasar naquel momento a prol dun éxito deportivo hoxe poidan ser realidade. Non se pode perder un capital humano coma este, cheo de valores, como son o sacrificio, o compromiso, a disciplina e o traballo en equipo, porque non atopen eles unha axuda de ninguén. Non o podemos perder. Esta era unha demanda dos deportistas e da sociedade en xeral. Grazas por facer que sexa unha realidade.

O apoio ao tecido deportivo é fundamental para o funcionamento do sistema. Grazas á Xunta de Galicia polas axudas que regularmente achega aos clubs e federacións galegas. A necesaria colaboración público-privada neste eido está a dar os seus froitos. É imposible que as administracións públicas por si mesmas poidan dotarse de persoal e medios suficientes como para promover, organizar e fiscalizar os milleiros de competicións, adestramentos e eventos deportivos que teñen lugar cada semana en Galicia. A delegación para a organización de ligas oficiais das federacións deportivas, xunto co inestimable traballo realizado por milleiros de dirixentes de clubs e asociacións deste sector, fan que o deporte e a actividade física estean presentes en cada lugar deste país. Grazas a todos eles dende o Parlamento de Galicia. Grazas á Secretaría Xeral de Deportes da Xunta, que, en coordinación coa Secretaría de Igualdade —con Susana López Abella á fronte—, axudaron na campaña e impulsaron «NON á violencia de xénero» para difundir, grazas á moita visibilidade do deporte, os principios que deben estar presentes dende moi cedo na nosa sociedade: a igualdade e a tolerancia cero, cando falamos de violencia de xénero. Cada día máis nenas e mulleres enarboran a bandeira do deporte con éxitos; os números non enganan, cada ano máis galegas compiten como deportistas federadas profesionais. Noraboa, señor vicepresidente, as políticas aplicadas pola Xunta están a funcionar.

Acadamos orzamentos máis altos para axudar a profesionalizar os clubs galegos. Incrementáronse as partidas para federacións deportivas galegas coa finalidade principal de que poidan asumir con garantías as competencias delegadas da Administración. E séguese investindo en infraestruturas deportivas para apoiar a nosa xente.

Hai moito feito, señor vicepresidente. Noraboa. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Murillo.

Para a réplica, o señor vicepresidente primeiro.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Grazas, señora Murillo, polo ton e, sobre todo, polas cousas que dixo, porque lle agradecemos que, efectivamente, se poñan de manifesto cales son os acertos; dende logo, tamén as eivas pero, dende logo, os acertos agradecemos que se recoñezan.

Grazas tamén ao señor Castro porque, efectivamente, vostede pode ter unha opinión distinta, loxicamente; e ademais dixo algunhas cousas ás que tentarei darlles resposta. A ver se son capaz de satisfacer con esa resposta.

E, señor Torrado, mire, hoxe asistimos claramente a por que o Partido Socialista está onde está en Galicia e a por que o Bloque Nacionalista Galego cada vez segue crescendo máis e o Partido Socialista segue baixando máis: porque é incapaz o señor Torrado de facer un debate construtivo. Entende que a maneira de facer un debate construtivo —ou de críticas ou de opinións distintas— é enlodazar sempre e dicir as verdadeiras barbaridades que vén dicir aquí. Eu non sei o que vostede sabe de deporte, non o sei —de verdade, dáme igual—. Decía vostede que parece que eu veño saltar 14 metros ou correr os 100 metros lisos; non, nin moito menos. Creo que fun suficientemente claro durante toda a intervención. Nós ao que vimos é a poñer recursos, a poñer infraestruturas e a tentar axudar os deportistas para que consigan eles os verdadeiros fitos, dos que nós nos sentimos orgullosos. E eu non fago iso, vostede tampouco; a diferenza é que nós vimos axudar os deportistas, e vostede o que veu facer hoxe aquí foi enlodazar, falar mal do deporte galego e tentar dicir medias verdades, que o deixan a vostede en mala situación.

Hai unha semana debatíamos sobre a Lei do xogo e vostede dicía que era un auténtico experto; hoxe é do deporte, e dicía vostede que vostede sabe máis. O outro día tivo a oportunidade de falar cun representante socialista recoñecido no mundo do deporte, Eduardo Blanco. Creo que lle deixou moi claro cal era a súa postura respecto das políticas deportivas do Partido Socialista, respecto da Lei do deporte en España e respecto do que vostedes propoñen. Non era ninguén do Partido Popular, non era o portavoz de Deportes, non era ninguén da Consellería; era un dos seus. Pero vostede sempre sabe máis ca ninguén, sempre quita afirmacións que non veñen ao caso ou que, dende logo, non sei de quen son e sempre tenta traducir unha realidade que non é certa, como na outra semana cando dixo que os menores van poder xogar ás máquinas nos bares. ¿Pero como pode vostede dicir ese tipo de cousas e quedar tan tranquilo? ¿Pero non ten ningún remordemento de conciencia? ¡Carai!, ¡carai!

Señor Castro, dicía vostede que, efectivamente, os orzamentos creceron. E foron crescendo ao longo destes últimos anos, despois de terse reducido durante moito tempo. É certo, houbo unha crise —como vostede sabe— dura, e os orzamentos da Xunta baixaron en xeral e tamén baixaron os de deportes. Agora conseguimos, por fin, recuperar o nivel que coidamos que é necesario, e imos tentar seguir aumentándoo, loxicamente.



Falaba vostede dos orzamentos do Programa Xogade. Fíxese, creo que hai outra comunidade máis que paga o seguro aos rapaces que xogan no Programa Xogade; ningunha outra comunidade o paga. Son catro millóns de euros o que nos custa pagarlles o seguro para que non o teñan que pagar nin as familias, nin os centros, nin os clubs. Hai un esforzo importante. Tamén pagamos o transporte para que poidan facer as competicións. Eu estou de acordo en que convén seguir aumentando os orzamentos para ese programa e en que convén seguir apoiándoo porque, efectivamente, coa práctica deportiva, nós estamos facendo algo máis que deporte, estamos tentando que os nosos mozos e mozas primeiro se habitúen a practicar un deporte, que cada vez collan máis afección a practicar deporte e que despois — que ese é o obxectivo fundamental —, cando pasen aos 16 anos e abandonen a educación obrigatoria, sigan sendo afeccionados á práctica deportiva, dá igual a disciplina.

Loxicamente, moitos dos que estamos aquí seguro que practicamos, en distintas fases da nosa vida, distintos deportes, dependendo de moitas cousas —somos todos moi malos, se non, non estaríamos aquí—. Pero, evidentemente, eu creo que eses valores van coa práctica deportiva: saber gañar, traballar en equipo, saber perder —que é moi importante saber perder—, colaborar cos compañeiros, esforzarse e darse conta de que, despois do esforzo, tes unha boa recompensa. Eu creo que estamos de acordo en que niso temos que seguir aumentando.

Falaba vostede das piscinas de Monterrei e amosaba unha fotografía. Efectivamente, as piscinas de Monterrei foron adxudicadas, como vostede dixo ben. A empresa que resultou adxudicataria quixo abandonar o proxecto, houbo que modificar o proxecto e dotalo con máis orzamento. Volvémoslo sacar e, finalmente, adxudicámolo en xaneiro, creo recordar.

Eu fun facer unha visita, efectivamente, para comprobar e comprometerme coa empresa e para que a empresa volveuse facer pública unha UTE na que se comprometían a rematar as obras durante o verán. Efectivamente, non van estar a principios de verán, como vostede pode comprobar, pero a min aseguráronme e reaseguráronme —e volvérono facer esta semana— que este verán imos abrir esas piscinas, con moita présa, loxicamente, e podo asegurarlle que están facendo todo o posible para que sexa canto antes. Pero o importante é sacalo cara adiante, que saian canto antes e que a cidadanía, a «ourensanía», como vostede dixo, poida desfrutar deste centro, no que xa se pode desfrutar da parte deportiva, e agora abriremos case toda a parte do parque acuático, que creo que é necesario. Pero, loxicamente, cando vaíamos a ese primeiro baño —ao que eu me teño comprometido tamén coa xente de alí—, invitarémolo para que poida vir e comprobar que este verán nos imos bañar nas piscinas. Eu espero que si e que... —ben, ao señor Bará tamén o invitamos—, efectivamente, poidan cumprir con esa promesa que deron, e nós tamén, porque nós temos comprometido que abran canto antes. Como pode imaxinar, os máis interesados somos nós. Creo que non ten vostede dúbida de que estamos presionando constantemente e de que estamos encima para que, efectivamente, se cumplan as datas que estaban comprometidas,

Falaba vostede de fútbol e da selección de fútbol. Hai quince días a selección galega foi campioa de Europa da Copa da Rexións da Uefa, no estadio de Vilagarcía. Eu estiven alí, na final, puiden ver tamén algún partido e seguino intensamente. Nunha primeira fase, nada máis chegar eu á Vicepresidencia, quedou campioa de España de rexións, despois pasamos á fase final, e coa axuda, entre outros, da Administración da Xunta de Galicia, fomos capaces de



que a fase final da Copa da Rexións da Uefa se celebrase en Galicia. Tivemos a sorte de que a selección galega quedara campioa. Nós estamos orgullosos, e estivemos alí, estivemos apoiando e, loxicamente, estamos encantados de que así sexa. Non todos foron, non sei por que, pero alá cadaquén se vai ou non vai apoiala. Nós estivemos alí, coa selección galega e —repito— quedamos campións.

Dicía o señor Torrado que non se apoiaba os clubs e que todo o facían os clubs, as federacións e os deportistas. Por suposto, quen entrenan son os deportistas, quen pon as infraestruturas son os clubs e as administracións, que tentamos axudar. Por suposto, que son eles. Estamos moi orgullosos de que sexan eles, e dicímolo dende o primeiro momento.

E dicía que nós non faciamos nada. Eu non sei con que clubs o con que federacións. Non sei se sabe vostede o número de federacións que existen actualmente en Galicia. (*Murmurios.*) Ben, non o sei, seguramente non o sabe. Todas as federacións en Galicia, a diferenza doutras comunidades autónomas, están satisfeitas co funcionamento da Administración. A diferenza doutras comunidades autónomas, nós garantímoslles a principios de ano o que van percibir para poder levar a cabo a súa actividade; pódense programar e ademais adiantámoslles os cartos. Co cal, non teñen que acudir obrigatoriamente —poden acudir por outros motivos— ás entidades financeiras para que lles adianten os cartos e non teñen os problemas que tiveron noutros momentos. É máis, esta práctica que en Galicia se leva posto en funcionamento hai moitos anos é o que reclaman o resto de federacións e clubs ao resto de comunidades autónomas, porque aquí poden traballar máis a gusto.

Traballamos coa Ufedega —que é a Unión de Federacións Deportivas de Galicia— se lles axudamos a coordinar, e esa Ufedega é a que tamén lles axuda ao resto de federacións a poder levar a cabo todo o papeleo administrativo que hai que facer. E todas as federacións están satisfeitas en como é o funcionamento en Galicia, señor Torrado, sobre todo cando o comparamos con outros territorios e sobre todo cando aquí levamos á práctica algunhas actuacións que a eles lles veñen especialmente ben.

Eu non sei se vostede atendeu cando eu estaba falando, pero nós aos clubs financiámoslos de varias maneiras. En primeiro lugar, cunha liña para financiar as súas actividades, dotada de 2 millóns de euros ao ano. Esa vai todos os anos para os clubs, e os clubs acoden a ela e están moi contentos coa axuda que lles dá a Xunta de Galicia.

Axudamos as federacións con 5 millóns de euros, porque as federacións son as que coordinan as competicións e as que levan a cabo ou organizan as competicións e, por tanto, necesitan máis recursos. Axudamos as federacións, e todas. E non vou dicir que todas estean satisfeitas, porque todas necesitan máis, pero todas están medianamente satisfeitas co labor e co apoio que se lles dá dende a Xunta de Galicia, señor Torrado, porque é un apoio importante: 5 millóns de euros para a actividade e para as federacións.

Pero, ademais, financiamos a compra de material. Vostede veu aquí como deixando así..., como rindo, como fai vostede sempre e dicindo: estas axudas que lle deron para comprar non sei que... ¡Oia!, levamos 10 millóns de euros entregados en material aos clubs e ás federacións. Fixemos actos públicos en varios sitios, concentrando os clubs e federacións, e están



realmente contentos coa axuda que se lles dá. Grazas a iso, poden comprar dende patíns para algún club, algunha portería, algún balón, algún coche ou algunha furgoneta, porque é realmente fundamental para case todos os clubs poder desprazarse, porque, se non, teñen que utilizar os medios propios, e grazas tamén á adquisición, ás veces, de vehículos usados, porque tamén abrimos esa liña ou tamén abrimos esa posibilidade, e agradecen enormemente o apoio que se lles dá dende a Xunta de Galicia. Van 10 millóns de euros á compra de material para as federacións. Por tanto, cando vostede fala así como con desprezo cara o apoio que lles damos, unha de dúas: ou vostede mente ou non fala con elas. Non hai máis, é así de sinxelo: ou mente ou non fala con elas. Eu non lle vou dicir que é o que penso. Creo que o pode imaxinar. Pero está claro que non fala con elas, clarísimo.

Evidentemente, haberá algunha federación á que lle gustaría ter máis. ¡Claro!, ¿e a cal non? E a Galicia, como comunidade autónoma, ¿gustaríanos ter máis orzamento? Claro que si, pero iso non quita que esteamos agradecidos de todo ou que estean agradecidas de todo o apoio que se dá. Por suposto que están agradecidas.

Incrementáronse moito as axudas ás federacións, aos clubs, á actividade; moito, durante estes anos. A verdade é que deu bastante de si. Falaba vostede de comparacións tamén con outras comunidades autónomas. A revista *Deportistas*, de tirada nacional, publica cada ano un informe anual do diñeiro que as diferentes comunidades autónomas, as diferentes administracións, adican ao mundo do deporte. É unha información recollida de informacións oficiais de distintas entidades rexionais. Esta clasificación é unha ferramenta ideal para que Galicia se poida comparar con territorios con máis extensión, con máis poboación ou con máis recursos. É fundamental ter este tipo de información.

Independentemente diso, Galicia sempre ocupa as primeiras posicións no que o apoio ao deporte se refire. Se botamos un ollo á clasificación do ano 2023, vemos que recolle varias epígrafes: presuposto do 2023, gasto por habitante, comparativa co ano 2022 e porcentaxe sobre o total do orzamento da comunidade.

No que respecta ao presuposto deportivo para o 2023, Galicia é a cuarta comunidade —ja cuarta comunidade!— que máis cartos inviste directamente en deporte; a cuarta comunidade. Ben, non está mal. A comunidade galega só é superada por Cataluña, que inviste 89 millóns de euros. ¿Cantos habitantes ten Cataluña? ¿Cal é o orzamento de Cataluña? Tamén por Madrid, 55 de euros —nós, 44—. ¿Cantos habitantes hai en Madrid? E ¿cal é o orzamento da Comunidade de Madrid? Non está mal. Madrid supera a Galicia en total de millóns. E por Andalucía, que ten bastantes máis habitantes que Galicia, bastante máis orzamento que Galicia. E 50 millóns, nós 44. Non está mal. Son comunidades, como digo, que teñen entre tres e catro veces máis poboación que Galicia e tamén entre tres e catro veces máis recursos que Galicia. Polo tanto, ¡joia!, non seremos campións de nada, pero, dende logo, non estamos á cola de nada, e estamos satisfeitos do traballo que levamos feito. ¿Que nos queda por facer? Por suposto. ¿De onde quita vostede todas esas cousas que dixo aquí?, ¿de onde as quita?

Se facemos a comparativa con comunidades que teñen unha poboación aproximada a Galicia, as diferenzas son abismais, porque mentres que Galicia destina 44 millóns de euros, o País Vasco inviste 13 e Castela e León non chega a 22. Ben, ¡alá cadaquén!



Se nos centramos en gasto por habitante, pois ¡oe!, Galicia ten unha posición privilexiada. Hai algún sitio que pasa por diante, é certo, pero estamos por diante de Madrid, Barcelona ou Andalucía, o cal non deixa de ser importante.

E se miramos cal é o peso do orzamento de deportes respecto do orzamento total da Comunidade Autónoma, que tamén podería ser outro criterio, vemos que Galicia está na cuarta posición máis alta, por detrás de Navarra, La Rioja e Baleares.

Polo tanto, ¡oia!, non debemos de estar tan mal en xeral no orzamento que lle adicamos. E o orzamento que lle adicamos é para as federacións, para os clubs e para as infraestruturas, que é para o que vai o orzamento da Secretaría Xeral para o Deporte.

Pero, ¡oia!, vostede considera que isto non lle chega. Ben, eu creo que estamos no camiño correcto. Creo que despois duns anos nos que, efectivamente, o orzamento da comunidade autónoma, no que atinxe a deportes, se reduciu, pois grazas a un esforzo importante conseguimos recuperar e estar no máximo histórico no que atinxe ao orzamento da Secretaría Xeral para o Deporte, ao orzamento de Deportes.

Se Galicia está a chegar lonxe no seu deporte é porque o deporte galego vai acompañado de todos os galegos e de todas as galegas; un camiño no que procuramos non esquecer nos de ninguén. Por iso quero facer fincapé nun traballo de moitos anos, porque hai que lembrar que Galicia foi pioneira na igualación de bolsas para deportistas con e sen discapacidade. Fomos pioneiros. Agora hai máis comunidades que seguen, pero os primeiros en levalo a cabo fomos Galicia. E neste ano 2023 está a acadar un éxito histórico no que é o apoio ao deporte inclusivo. Porque, como dixemos, cremos nun deporte plural, diverso, sen xénero nin idade, para todos e para todas, enriquecedor da sociedade, transmisor de valores, xerador de noticias, igualador, motor de cambio social e tamén axente económico.

O deporte inclusivo é considerado como a práctica deportiva que favorece a inclusión das persoas con discapacidade na sociedade e xogan un papel relevante aquelas actividades que prevén esa práctica conxunta entre persoas con e sen discapacidade, e sempre buscando a igualdade de oportunidades e condicións entre persoas con e sen discapacidade.

Neste ano 2023, no marco do Plan de recuperación, transformación y resiliencia, dentro da actuación de fomento e promoción de igualdade no deporte, levamos a cabo varias cousas. Eses fondos dos que vostede falou, evidentemente, son fondos que a Unión Europea pon á disposición dos países, e nalgún aspecto o Goberno do Estado foi quen de poder distribuílos para as comunidades autónomas; noutros aspectos, non, pero hoxe falamos de deporte, non falamos de industria ou doutros asuntos. E en deportes o pouquiño que nos chegou nós puxémolo, evidentemente, en marcha no minuto cero. Señor Torrado, é unha pena que outros ministerios non fixesen o mesmo, pero non o digo eu, ¡eh!, o importante é o que pensen as empresas ou os sectores. E vostede debería preocuparse diso.

Por unha banda, hai unha nova orde de subvencións para clubs para a adquisición de equipamento deportivo para deporte adaptado. Hai algúns clubs en Galicia que o agradeceron especialmente, efectivamente, cun crédito de 227.000 euros e que se corresponde co 20 por



cento dos fondos transferidos do Estado á Comunidade galega, segundo o marcado na resolución do Consello Superior de Deportes.

Pero tamén é importante a formación e a sensibilización; esa que di vostede que non existe. Si que existe por parte da Xunta de Galicia un ámbito no que o deporte galego medrou moito dende a reactivación da Escola Galega do Deporte. Neste 2023 puxemos en marcha unha acción formativa en materia de inclusión titulada «Deporte de base inclusivo», capacitando os técnicos para a inclusión de persoas con diversidade funcional, gratuíta e dirixida ao persoal técnico deportivo das federacións deportivas galegas e que se desenvolve en catro módulos formativos en Santiago, Vigo e A Coruña.

As xornadas veñen de rematar, e contaron con preto dun centenar de participantes. Pero o traballo que realiza a Xunta de Galicia en aras do deporte inclusivo non é algo novo, senón que vén de moito máis atrás. Dende o ano 2004 igualamos as contías das bolsas paralímpicas e olímpicas en todas as nosas liñas. Anualmente convócanse axudas para a adquisición de equipamentos deportivos, onde entre os criterios de baremación se atopa o apoio a persoas con discapacidade, e valórase contar cunha porcentaxe de deportistas con discapacidade con licenza federativa.

Na mesma liña convócanse subvencións a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento da actividade deportiva, onde se favorece as entidades que participen en competicións oficiais dirixidas a persoas con algunha discapacidade. Todos estes clubs están sobrefinanciados, ou, mellor dito, valórase esa actividade ou esa dedicación que fai o club e, lóxicamente, teñen máis recursos.

Á hora de asinar os convenios coas federacións deportivas galegas —que este ano, como lles dixen, alcanzaban unha cifra de 5 millóns de euros—, unha variable de análise son as licenzas de deportistas con discapacidade. Somos coñecedores da importancia de transmitir e difundir estes valores de igualdade e inclusión na sociedade dende as idades temperás. Por iso, o noso Programa Xogade, que xunta toda a oferta deportiva federada escolar, favorece a participación inclusiva de nenos e nenas de 6 a 16 anos que participen no programa. Grazas ao convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte e a Consellería de Emprego e Igualdade, os paralímpicos e olímpicos galegos contan cunha axuda da Xunta de Galicia. Deste xeito, desenvolvemos xuntos as medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero e deseñamos e transmitimos contidos relacionados coa loita pola tolerancia, a igualdade e a non violencia no deporte e na vida. En definitiva, tratamos de construír un mundo mellor no que non caiba a discriminación. Xa vimos de comentar parte dos resultados do deporte adaptado galego, como amosa o grande éxito dese 87,5 por cento dos deportistas paralímpicos galegos que regresaron entre os oito mellores do mundo.

Pero o deporte galego paralímpico ten moita historia en Galicia, cun total de 33 medallas paralímpicas —11 ouro, 11 prata e 11 bronce— e 35 diplomas conseguidos polos deportistas paralímpicos galegos ao longo da súa historia. Nas últimas olimpíadas, nas de Toquio, foron 5 medallas paralímpicas —2 ouro, 2 prata e 1 bronce— e quince diplomas paralímpicos; un fenómeno que sucede en toda a elite do deporte galego, e non só nos xogos. Por



iso hoxe temos o número máis alto de prazas con discapacidades no CGTD, 2 para canoe e 1 para bádminton, e sumámonos ao número máis alto de deportistas galegos de alto nivel con discapacidade, ata 23: 14 homes e 9 mulleres.

Os mellores resultados animan a poboación en xeral. Susana Rodríguez Gacio vén de recoller a Medalla Castelao a semana pasada. Martín de la Puente vén de chegar á final en Roland Garros de dobres e ás semis no cadro individual. A estes nomes súmanse os de auténticos fenómenos como os de Desi Vila, Adi Iglesias, Juan Antonio Saavedra, Gustavo Nieves ou Jacobo Garrido, que animan a moitos galegos e galegas con e sen discapacidade a realizar deporte; unha realidade que comprobamos día a día tras o aumento do número de licenzas, pero que queda para toda a poboación, para todo o mundo, independente do seu sexo, idade, condición física ou circunstancias. O que queda queda para engrandecer esta comunidade galega: o seu exemplo de superación, de constancia, de sacrificio, de resiliencia e de traballo duro. Eles son os activos máis importantes cos que conta Galicia e para eles traballamos. Traballamos para que os grandes deportistas teñan cada vez mellores instalacións, poidan traballar para darlles axudas e que poidan competir en todas as competicións, que poidan acercarse ou participar moitas veces nelas. Hai exemplos como Rodrigo Conde: «*Del remo se puede vivir*» — unha entrevista de *La Voz de Galicia* —. «¿*Se puede vivir del remo?*», pregúntalle o entrevistador. E contesta: «*Al contrario de lo que yo pensaba, se puede vivir del remo. Todo el mundo te dice que tienes que estudiar, que del remo no se puede vivir; pero se puede vivir y muy bien, si consigues estar en la finales, y, si eres un gallego, más, porque la Xunta de Galicia nos da un apoyo increíble, nos ayuda un montón*». (Aplausos.) Este é un deles.

Non se pode vir tentar sempre manchar o que faga o Goberno da Xunta única e exclusivamente porque é doutro partido político. Non se pode vir contar medias verdades única e exclusivamente porque o teu partido non é o que goberna na Xunta de Galicia. Vostede pode facer o que queira, pero os electores vanos colocando cada vez no seu sitio.

Veu vostede aquí falar das cláusulas antiembarazo. Pouco máis que escoitándoo a vostede, nós, o Goberno e os que estaban sentados nesta banda deberíamos de ser trogloditas. Díxoo vostede aquí, non o digo eu. E nós, no noso decreto de deportistas galegos de alto nivel, xa falamos dese asunto, pero é que as cláusulas que vostede dixo son ilegais. Díxoo o propio Tribunal Constitucional, xa se pronunciou, e hai sentenzas en varios anos. Son contrarias á Lei 3/2007, da igualdade efectiva entre homes e mulleres. Son nulas de pleno dereito.

Pero vostede quere trasladar a imaxe de que o Goberno da Xunta e o Goberno do Partido Popular estamos en contra... Pero, ¿de que estamos en contra? Nós estamos en contra das mentiras que se din nesta tribuna, (Aplausos.) estamos en contra dos titulares que algún busca sen ter ningún sentido crítico e sen ter ningunha conciencia. Nós o que queremos é axudar os deportistas, que son os que conseguen os grandes retos, que son os que conseguen que Galicia estea representada con moito máis peso do que lle correspondería por poboación, e ter éxitos realmente impresionantes.

Falaba vostede do CGTD. Nós adicamos todos os anos 3 millóns de euros. ¿Sabe canto destina o Consello Superior de Deportes aos CAR doutras comunidades autónomas? Bastantes millóns de euros. A nós dannos 170.000 euros para gastos de funcionamento. Claro, esa é a di-



ferenza. Ao mellor, o que habería que ver é cal é o resultado e a rendibilidade e que conseguen os deportistas que están no centro de Pontevedra e que conseguen outros deportistas. Igual a axuda tería que aumentar moito máis para os de Pontevedra, para o centro de Pontevedra. O centro de Pontevedra sobrevive grazas ao apoio da Xunta de Galicia. Non temos outra axuda. Un 6 por cento na participación dos seus gastos, como comprenderá vostede, é irrisoria.

Pero é máis, temos un problema pendente, que o solucionaríamos a partir do 23 de xullo, non se preocupe; solucionáremolo a partir do 23 de xullo. ¿Por que? Porque se esperamos polo apoio do Partido Socialista ou do Goberno socialista aos deportistas galegos non teríamos os resultados que temos.

En alégrome de que sexan capaces de superarse, competición tras competición, e que fagan sentir a Galicia en xeral moito máis orgullosa de toda esa xente que practica deporte e que son un exemplo para a nosa xuventude.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor Calvo, fixo vostede aquí unha serie de afirmacións desde o plano persoal, e eu voulle transmitir a miña opinión sobre isto. Non é un problema de conciencia. Eu si teño algunha frustración de non telos convencido de cuestións que eu creo que eran boas. Pero, en fin, iso queda para a frustración dos que perden os debates, que é o que nos corresponde a nós habitualmente, numericamente. Non teña problema, que eu aprendín iso hai moito tempo. Pero, se vostede tivo que vir aquí incluso a falar da Lei do xogo, eu teño a miña percepción sobre o asunto.

O que ocorre aquí, señor Calvo, é que vostede debería —é a miña impresión persoal, ¡eh!, podo non ter razón— asumir que as críticas ás súas políticas non son ataques persoais; que non son críticas persoais. Non debería levar todo ao plano persoal porque acaba vostede facendo unha serie de valoracións despois e incluso xustificando sobre o que sabe cada un ou sobre o que non ten nin idea cada un que... Señor Calvo, eu non vou aquí sacar un currículo, porque non se trata diso, pero, bueno, eu intento saber das cousas que traslado aquí. E créame, con toda honestidade, eu podo equivocarme nalgunha cousa, pero o ámbito do deporte algo o vivín e, polo tanto, como algo o vivín, tamén algo coñezo algunhas realidades. Vostede vén aquí, porque lle pasan un informe, pretender demostrar que saber do deporte é saber cal é o número de federacións que hai en Galicia. En fin, igual, se quere, empezamos a debater sobre cales delas están recoñecidas ou non como federacións... Quero dicir, podemos debater sobre todo iso, pero é absurdo. Iso si é absurdo.



Señor Calvo, intente vostede argumentar porque vostede despois discúteme a min cousas que eu nin sequera dixen. Debe intentar asumir que os debates non son persoais, son de políticas, e a vostede non lle van aplaudir sempre. Debería asumir que ás veces se pode levar a contraria, tendo razón ou non. Esa é unha cuestión que ensina a política, pero, sobre todo, tamén a ensina o deporte, e vexo que vostede, nese plano, pois aínda non pasou por ese proceso.

Non falou do censo de infraestruturas. Vostede pregunta: ¿de onde sacan vostedes esa información? Pois deste Parlamento. O feito de que non exista información é porque hai practicamente un ano que solicitamos a este Parlamento a valoración da súa consellería sobre como funcionaba o Plan de infraestruturas e sobre cales estaban en previsión, e vostede non deu nada. E ¿de onde sacamos a información de que nós consideramos que é un erro que vostedes non defendan a ilegalidade das cláusulas antiembarazo? Pois de que a lexislatura pasada —non o defendín eu, defendeu o meu compañeiro Juan Díaz Villoslada— o meu compañeiro defendeu aquí nesta tribuna pedir, a través dunha PNL, que este goberno impulsase accións para facilitar que se denunciasen as cláusulas antiembarazo, para facilitarlles as cousas ás deportistas que teñen problemas legais. E ¿sabe que votou o Partido Popular —vostede era deputado—? En contra. Entón, non me veña vostede dicir aquí que os estou poñendo en tea de xuízo innecesariamente; é que vostedes votaron en contra de axudar as deportistas a que denunciasen situacións que ocorren, e nós o que dicimos é que, se ocorren, hai que traballar contra elas.

Veu aquí vostede falar de orzamento. En fin, eu entendo que vostede queira presumir das cousas que lle gustan, e está ben. Veume aquí discutir porque eu lle discuto de orzamento. Creo que practicamente non o mencionei en ningún momento, pero vostede compárase con outras comunidades autónomas. Para ser sensatos, calquera que coñeza minimamente o mundo do deporte sabe que o problema de compararse con Cataluña, con Euskadi ou con Andalucía —que son comunidades, evidentemente, con outra poboación— non é unha cuestión froito deste ano, é unha cuestión de que dende hai vinte, vinte e cinco ou trinta anos hai unha potencia investidora e hai unha aposta deportiva noutras comunidades. En Cataluña, sobre todo, que é unha comunidade punteira, á que, ademais, non nos podemos igualar, ten que ver, ademais, con que hai trinta anos se celebraron un xogos olímpicos e houbo un investimento potentísimo alí. Pero pasaron trinta anos. O que nós defendemos é: entón, non é posible igualarse coa Cataluña de entón, pero é posible intentar ir nese camiño hoxe. E hai algunhas cuestións sobre a pseudoprofesionalidade que se move no deporte, onde existimos como profesionais, pero aportamos como amateurs dende as institucións, que tamén é un problema.

Todo iso é unha realidade. Vén vostede aquí e falámoslle diso. Se vostede non quere que falemos diso, pois non veña, ou faga unha comparecencia sen que poidamos intervir os demais, que parece que é o único que lle gusta. Vostede compárase tamén co investimento en Euskadi. Saberá vostede —eu sei, e entendo que vostede o sabe— que ata determinada idade —antes, ata os 14 e agora un pouco antes— en Euskadi o investimento en formación deportiva non se canaliza vía deporte, porque en moitísimos dos deportes non existe competición, canalízase vía educación e, por tanto, os orzamentos que vostede dá son a metade probablemente dos que ten investidos Euskadi. Porque deciden que os nenos e as nenas a esas idades non compiten tanto e que non deben competir; é unha cuestión deles, da súa



avaliación formativa. Ben, eu non digo que estea a favor nin en contra, nin que sexa bo ou malo, non é o noso debate, pero vostede está aquí falseando datos, porque sabe esa realidade. E, se non o sabe, entón, diga vostede que minto, pero esa realidade é así. Vostede pode insultarme a min o que queira, pero a realidade é así, e o importante para o deporte é que vostede a coñeza.

Por tanto, vostede trasládame aquí debates que son falaces, intentando acusarme a min. Cataluña multiplica por dez o volume de técnicos formados a través do seu Goberno autonómico, porque sabe vostede que os técnicos deportivos se forman a través dos gobernos autonómicos, normalmente cun programa que fracasa en todos os lugares, porque existen formacións deportivas das federacións. Por certo, unha dualidade que non debería existir. Nós defendemos que deberían ser os gobernos, non as federacións. Pero ese é un debate moi grave, que vostede, ademais, sabe —e debería saber polo menos— que non é tan fácil, no que vostede non ten a culpa, por suposto. Pero é certo que Cataluña ten máis de dez veces mellor formados os entrenadores e técnicos ca nós, especialmente en deporte base, e iso dálles unha potencia en deporte base que nós non temos.

Polo tanto, vostede presume aquí dos éxitos dos deportistas, pero, se quere vostede falar de orzamentos, falamos do que supón para un medallista olímpico ter 4.000 euros ao ano, ou para un club de alto rendemento ter 8.000 euros ao ano. Sabe vostede perfectamente —e calquera pode entendelo— que iso non determina que un club sexa de primeira división ou que unha persoa que é un gran deportista sexa medallista olímpico ou non; iso non o determina, son outras cuestións. Por tanto, vostedes presumen aquí de cousas que non corresponden. Na política deportiva non existe plan de infraestruturas; demandámolo e vostedes non o facilitan. E logo a igualdade; vostedes non poñen os pasos necesarios —aínda que hoxe aquí se explicou que todo é cousa do Estado, coma sempre—, e presumen aquí de poñer recursos —que este é o primeiro ano no que superan o ano 2009— orzados —imos ver se executados—; polo tanto, é fácil pensar que levamos acumulados catorce anos de déficit nese sentido.

O sistema do deporte funciona —vostede vén aquí dicir que atacamos os deportistas, xa sería increíble—

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Remato xa.

O sistema do deporte funciona en termos de rendemento e de actividade deportiva, pero as políticas deportivas da Administración —e podemos falar de todas— son deficitarias en moitas cuestións, e isto é evidente. Claro que o Estado non nos financia o Centro de Alto Rendemento, porque non é un centro de alto rendemento. ¿Por que? Porque vostedes tiñan que poñer infraestruturas para mellorar e técnicos, que non os puxeron. E, se quere, falamos diso, pero eu niso xa lle dixen que non lle quero entrar porque vostede entenderá perfectamente que, ademais, case me implica, non digo persoalmente, pero si que coñezo ese ámbito perfectamente; e vostedes podían poñelo, teñen un plan enriba da mesa. Porque, se vostede quere presumir de cuestións como dos hábitos deportivos, eu invitaríao...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...a que colla os estudos que teñen na Consellería de hábitos deportivos e da situación do deporte...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ... e a que lea os autores, e vai levar unha sorpresa enorme.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Ben, estaba mirando agora pola internet e dixo vostede, señor Calvo, que isto (*O señor Castro García mostra unha fotografía.*) estaría para o 30 de xullo, para finais de xullo. Creo que nin eu, nin vostede, nin incluso o señor Bará, imos poder poñer o bañador, a este paso.

Pero, ben, aquí —nunca mellor dito— non veñan tampouco poñerse moitas medallas, porque está moi ben o ton —a verdade é que se agradece de cando en vez, sobre todo, tal e como está o debate público—, pero é un pouco a defensa do diálogo así un pouco de palabra —nunca mellor dito tamén—, porque logo, cando vén a hora de votar, sempre, pero absolutamente sempre que propuxemos algo que teña que ver, neste caso, co deporte feminino en Comisión ou nos orzamentos, sempre votaron en contra. Entón, realmente parece que quen o sabe todo é o Partido Popular, porque tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista parece que están sempre equivocados e nunca, nunca, nunca temos razón. E cando propoñemos medidas concretas para a defensa e —sobre todo— potenciación do deporte feminino sempre veñen as excusas do tipo: «é que xa está incluído noutras axudas», a pesar de falar dunha política moi concreta, «é que isto xa está incluído nos orzamentos»... E logo vemos o nivel do deporte feminino e sobre todo a potenciación e a importancia que se lles dá noutros gobernos e no da Xunta, e a cousa cambia. E isto non é que haxa máis medallas ou menos medallas, iso é outro tema, do cal estamos por supostísimo moi orgullosos e orgullosas.

Logo tamén está o tema do Censo de Infraestruturas Deportivas. A ver, podémonos poñer no que dixo o Estado ou no que di a Xunta, pero eu acórdome —ademais, téñoa na cabeza porque fora das primeiras intervencións que tiveren— de estar en comisión co señor Lete, o secretario xeral para o Deporte, en 2020, e dicía que xa de xa, pero que xa de xa, nese momento, ía estar o Censo de Infraestruturas Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia. Logo, no 2021, díxome o mesmo. E volvinllo recordar no 2022 e dixo que xa de xa de xa. Isto parece como cando queres entregar un traballo na universidade e, ao final, déixalo pasar, non o fas, e logo a culpa é do can que che comeu os apuntes ou do profesor que che ten manía, ¿non?



Eu intentaría esquecer, se eu fose do Partido Popular, o señor Louzán, evidentemente, pero lémbrese do que lle preguntei: ¿vai a Xunta apoiar a celebración deses encontros amigables? ¿Van ser doutras disciplinas deportivas? Dou por feito que tamén van ser tanto de fútbol masculino —aínda que sexa só o fútbol— como de feminino. ¿Que papel vai ter aí a Xunta de Galicia?

E, finalmente, de verdade, apártanse do discurso do odio, porque aquí está moi ben ter estes debates así, máis sosegados, pero logo, cando van alzando o mesmo discurso de Vox —que é basicamente espaxiar e enmerdar de odio contra as mulleres, contra as persoas racializadas e contra o colectivo LGBT—, estas palabriñas así tan bonitas ás persoas que sofren ese odio, por exemplo, nos campos de fútbol, sêrvenlles bastante pouco.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Murillo.

A señora MURILLO SOLÍS: Grazas, señor presidente.

Vou ler —señor Torrado, escoite—: «Dirixirse ao Goberno do Estado para promover as modificacións oportunas na lexislación estatal co obxecto de recoller as posibles solucións ás demandas actuais en relación coa dualidade deporte federado e maternidade en todos os ámbitos, especialmente no referido ás cláusulas antiembarazo», Comisión 1ª deste Parlamento de Galicia, 27 de novembro de 2019. Luís Villares era o portavoz, neste caso, e tras unha transacción co Partido Popular chegamos a un acordo, e foi votada por unanimidade neste Parlamento. *(Aplausos.)* Señor Torrado, ¡escoite!, a hemeroteca non engana —¡non engana!—. *(Aplausos.)* Eu estiven alí, vostede non sei, pero é a realidade: ¡cláusulas antiembarazo neste Parlamento por unanimidade! —escoite ben—; escoite, transacción da Marea e do Partido Popular, en relación con este tema. E agardo que quedase claro, porque hoxe non está no seu mellor día.

Cada vez máis e mellor, señor vicepresidente —os datos non enganan—. Somos a comunidade autónoma con maior investimento en deporte en relación coa nosa poboación. Que sexamos superados soamente por comunidades como Cataluña, Madrid ou Andalucía, evidentemente, di moito da sensibilización do Goberno galego para con este sector de actividade. É importante ser pioneiros en equiparar as bolsas para o deporte adaptado ás que xa existían para os deportistas en xeral, equilibrando situacións que penalizaban un grupo de deportistas moi concreto. Esta decisión, xunto coa aposta firme das administracións e clubs a prol dos deportistas con diversidade funcional, fixo posible a morea de premios e recoñcementos, dos que xa falamos hoxe aquí con moito orgullo.

Señores deputados, vicepresidente, o deporte galego conquiere éxitos colectivos e individuais, e debemos felicitarnos porque se están facendo ben as cousas. E digo que se están facendo ben dende a Xunta porque o Goberno galego está a asumir competencias como principal promotor do deporte na sociedade galega.



Analizando a normativa referida ás competencias das distintas administracións en materia deportiva, atopámonos con que estas non están claramente definidas. As palabras máis repetidas na diversa normativa sectorial, cando falamos da promoción do deporte ou da construción de infraestruturas deportivas, son «colaboración» e «coordinación interadministrativa».

A Constitución española, no seu artigo 43, proclama a obriga dos poderes públicos na promoción da actividade física e do deporte —ano 1978—. O Estatuto de autonomía de Galicia asume como competencia exclusiva a promoción do deporte —ano 1981—. E no 1985, a Lei reguladora das bases de réxime local enuncia como competencias propias dos concellos a promoción do deporte, das infraestruturas deportivas e da ocupación do tempo libre. Xa na Lei do deporte de Galicia, a Lei 3/2012, do 2 de abril, se identifican as competencias dos concellos e das deputacións provinciais; e, entre elas, están, evidentemente, a promoción do deporte e a construción de infraestruturas deportivas. Por iso, cando falamos de censo, temos que falar de moitas administracións, non só da Xunta de Galicia, e de exixir responsabilidades a todas elas por conxunto.

Tras este repaso pola normativa vixente, concluímos que a práctica da actividade deportiva e da promoción do deporte, sendo competencias propias dos concellos, veñen de ser apoiadas por outras administracións, exercéndose estas competencias baixo os principios de cooperación, colaboración recíproca e coordinación entre administracións. E a Xunta cumpre sobradamente co seu papel.

Dende o Parlamento de Galicia como institución do poder lexislativo trasladamos as nosas propostas ás diferentes administracións, ás veces servindo de impulso de certas políticas e outras moitas buscando aportar solucións a problemas da xente do deporte. A rebaixa do IVE nos servizos deportivos e de actividade física solicitada ao Goberno de España, propostas que fomentan o deporte inclusivo ou feminino ou o deporte tradicional, propostas que incrementan os orzamentos das federacións deportivas galegas, máis infraestruturas, axudas aos prestadores de servizos deportivos afectados pola paralización da actividade na pandemia da covid e moitas outras propostas tiveron sempre resposta dende o Goberno da Xunta de Galicia, dende a Secretaría Xeral do Deporte, e agora —quero felicitalo expresamente— dende a súa vicepresidencia, señor Calvo.

A Xunta de Galicia cumpre: infraestruturas por toda Galicia en colaboración con concellos e deputacións; deporte máis san, coa creación nesta lexislatura pasada da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe —¿recorda, señor Torrado?, vostede estaba moi interesado nisto—; deporte máis limpo, coa creación da Comisión Galega de Control da Violencia no deporte —tamén nesta lexislatura—; deporte en igualdade, con campañas formativas promovidas dende a Xunta, con presenza de todos os soportes deportivos do país; pulo aos deportes tradicionais, señor Bará, con recoñecementos como a nova modalidade deportiva da billarda; e a creación da Federación de Deportes Autóctonos; 6 millóns dos fondos covid en axudas para os prestadores de servizos deportivos que se viron afectados polas restricións aplicadas por mor da pandemia, e moito máis.

En resumo, máis axudas, máis presenza e máis visibilidade á realidade deportiva é o que hoxe se respira en cada lugar de Galicia.



Grazas a todos os axentes deportivos do país por seguir traballando por unha paixón, a do deporte. Rapaces, mozos, xenios e xente de idade practican deporte por paixón, por saúde, por diversión, polo que sexa; son moitos, e a eses moitos débémolles traballo e ilusión. Grazas aos grupos da oposición por facelo fácil. Grazas a José Ramón Lete, por aportar o seu coñecemento e traballo. Sempre grazas ao equipo da Secretaría Xeral e da Vicepresidencia. E grazas de novo, Diego Calvo, vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de Deportes, por crer, pero sobre todo por facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Murillo.

Para o peche da comparecencia, o señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, señor presidente.

Grazas, señora Murillo, por recoñecer o traballo que se fai e o esforzo que se fai, que, efectivamente, sempre pode ser mellorado e sempre pode ser mellor, pero, dende logo, o esforzo existe.

Dicía o portavoz do Bloque que non cría que puidésemos ir. Eu coido que si. Imos ir este verán, e chamareino persoalmente para que nos acompañe e para poder estar alí canto antes, e ao señor Bará, tamén, por suposto. Teña a seguridade de que nós estamos encima constantemente para que as obras se fagan, e canto antes, para que cumpran co que poñía no prego, efectivamente. E, desgraciadamente, houbo que volver sacar a licitación —foi unha pena—, pero as cousas, no mundo da construción, puxéronse tamén moi complicadas. Non é a primeira obra que paramos, tivemos na sección de Deportes algunha outra cousa e tamén noutros departamentos da Xunta de Galicia. Pero, loxicamente, temos que abrila, non sei se o 31 de xullo, o 1 de agosto ou o 3 de agosto; pero esperemos que sexa canto antes, de verdade, e invitarémolos para que estean alí.

Falaban de deporte feminino. Eu creo que —e acábao de dicir a señora Murillo— nunca tantas axudas houbo para o deporte feminino, nunca tanto apoio houbo para o deporte feminino, nunca tanto contaron as seccións femininas ou os clubs femininos para poder ter axudas da Secretaría Xeral para o Deporte. Isto é certo. Agora, eu entendo que vostedes digan: non é suficiente. Bueno, vale, podemos chegar a poñernos de acordo, e queremos seguir aumentándoo, pero que nunca houbo tanto como agora é certo. E, polo tanto, ¡joia!, ¿tentaremos aumentalo nos seguintes orzamentos? Tentaremos facelo; e tentaremos seguir apoiando para conseguir que as cifras, as porcentaxes, as licenzas de mulleres igualem as dos homes, que nalgũa ocasión xa sobrepasan as dos homes, pero, loxicamente, imos seguir.

E como no Programa Xogade, que dicían vostedes que nós queremos chegar ao cen por cento dos alumnos. Estamos no corenta e pico, pero queremos chegar ao cen por cento. ¿É a mellor cifra que podemos dar? Non porque a óptima sería o cen por cento, pero estar no 40 por



cento e superar xa os niveis prepandemia eu creo que é bo, e iso hai que recoñecelo e é o que trataba de facer hoxe aquí, cando vin.

O Censo de Infraestruturas Deportivas foi aprobado no Consello da Xunta o ano pasado e, loxicamente, despois daremos os seguintes pasos. A min non me gusta —e isto fíxeno sempre— dar unha data concreta para non ter que poñerme colorado. É verdade que, se non estou seguro da data, prefiro non darlla, pero, loxicamente, ten o compromiso de que vai ser canto antes, canto antes poidamos; non é que estea parado, senón que canto antes poidamos, efectivamente, o imos traer.

E preguntaba vostede se apoiamos a Federación Galega de Fútbol; é a federación que máis apoiamos porque ten cen mil licenzas —como lle dixeran antes—. Das trescentas mil licenzas que hai en Galicia, cen mil son de fútbol, e, ademais, a través da federación fanse numerosos eventos deportivos cos cales nós colaboramos; con algúns, si, e, con outros, non. E cada vez que hai unha proposta, estudámola, e, se podemos, apoiámola, como fixemos —repito— coa final de rexións da UEFA, na cal a Xunta estivo alí, apoiando, e na cal todos celebramos que Galicia fose campioa do Campionato de Rexións da UEFA, que é unha cousa importantísima. Alí estábamos porque, polo deporte galego, a Xunta de Galicia non podía estar noutro sitio.

O señor Torrado falaba de orzamento. No noso orzamento os números están claros, e poden velo dende distintos ámbitos da maneira que lles dea a gana; é o maior orzamento da historia da comunidade autónoma. ¿Igual tería que ser máis? Pois probablemente. Nós imos intentar defender que, para o ano que vén, nos dean aínda máis recursos, pero é o maior orzamento, e nin sequera neste momento, nesta ocasión, é vostede capaz de recoñecer nada; nin sequera así. Cando o compara con outras comunidades autónomas, compárao con Cataluña. ¡Oia!, ¿cal é o orzamento que ten Cataluña? Compáreo con Madrid. Díxenllo antes, compáreo por persoa. Madrid ten cincuenta e cinco millóns —páreceme que dixeran; falo de memoria— ou cincuenta millóns —non me acordo—. O País Vasco ten en educación unha parte, pero é que máis que dobramos a parte de deportes do País Vasco. Xa pode ter en educación trescentos millóns para facer o que vostede di, porque, se non, non admite comparacións e son incapaces —¡incapaces!—, de verdade, de recoñecer unha soa cousa.

Falaba o voceiro do Bloque de que unha cousa é falar e, outra, chegar a acordos. Non miro a hemeroteca deste Parlamento dende hai anos, pero na sesión da semana pasada esta vicepresidencia trouxo unha lei. Aí está. O cincuenta por cento das emendas do Grupo do BNG aceptámolas —o cincuenta por cento— e o cincuenta por cento das emendas do Grupo Parlamentario Socialista aceptámolas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —o cincuenta por cento—; polo tanto, cando un Goberno, un grupo parlamentario, acepta o cincuenta por cento das emendas que presentaron os grupos da oposición, ¿que espera?, pois un pouco de altura de miras tamén, ¿non? ¿E que é o que consegue? O voto en contra, pero, ¿sabe unha cousa? Volveríamolo facer. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Volveríamos aceptar todo aquilo que crésemos que podería achegar unha mellora no texto, efectivamente, ou que podería incluso acercar posicións, buscando un voto afirmativo, ou, polo menos, unha abstención. Sen embargo, hai partidos e grupos cuxos intereses partidistas lles impiden aceptar ou votar algunhas cousas. ¡Que lle imos facer! O electorado pon cada un no seu sitio, e nós estamos no Goberno e outros están na oposición.



Coincidimos co cluster do deporte nunha afirmación ou nunha petición que fixeron na reunión que mantivemos, e é que eles teñen como obxectivo chegar a dous millóns de practicantes en Galicia. Cando mo dixeron, eu coidei que era demasiado optimista pensar en dous millóns; efectivamente, é un obxectivo moi ambicioso que non sei se seremos capaces de cumprir, pero, dende logo, creo que temos que traballar con obxectivos ambiciosos. O obxectivo non é tentar que haxa dous millóns de deportistas federados ou que participen en competicións, senón dous millóns de persoas que fagan algún tipo de actividade deportiva ao longo da súa vida ou que fagan habitualmente algún tipo de actividade deportiva; eu creo que ese é o obxectivo co que nós traballamos man a man co clúster do deporte para tentar chegar a eses dous millóns de practicantes.

Como resumo, quero dicirlles que nunca en Galicia houbo tanto orzamento dedicado a deportes; nunca en Galicia houbo tantos deportistas de alto nivel; nunca en Galicia o deporte feminino estivo tan apoiado como agora; nunca en Galicia se apostou tanto polas infraestruturas e pola discapacidade na práctica deportiva —nunca—. Iso non quere dicir que estea todo feito, pero si quere dicir que o esforzo é importante.

Na páxina 5 da miña primeira intervención eu dicía que estaba orgulloso de vir a este Parlamento comparecer única e exclusivamente sobre deportes, por petición propia; e dicía que iamos facer un balance que era mellorable. Díxeno, porque, ademais, o teño aquí ben subliñado para dicilo: é mellorable. Agora si, é un balance tremendamente positivo do traballo que se fixo durante este tempo; e é máis —e tamén o teño que dicir—, non só do traballo que se fixo este último ano, senón do traballo que se fixo durante estes últimos anos, co cal quero agradecer, aquí, ao secretario xeral do Deporte e a todo o seu equipo, o traballo que viñeron facendo durante tantos anos. Temos moita sorte de ter unha persoa como el á fronte da Secretaría Xeral do Deporte.

E quédame unha cousa, que tamén é importante, porque a tiña aquí, e esquecíame. Falaba tamén vostede sobre o problema da violencia no deporte. No ano 2019 empezou a funcionar a Comisión Galega de Control da Violencia. Dende entón, en cada comisión avalíanse entre dez e vinte expedientes e establécense sancións para que ningunha acción violenta quede impune; en cada comisión avalíanse entre dez e vinte expedientes, que son os que quedan reflectidos na propia competición, nos propios partidos, nas propias competicións. Avalíanse todos os que se reflecten nas actas dos correspondentes partidos. A gran maioría dos que chegan alí son competencia das propias federacións ou competencia da Comisión estatal. Cada ano hai dúas ou tres comisións, e sobre racismo e sobre lgbtfobia non hai casos en Galicia, salvo un caso no ano 2020; un caso que finalmente se arquivou.

Polo tanto, todos os asuntos que quedan reflectidos nas actas trátanse nestas comisións. E a min gustaríame que fósemos capaces de que se pasase algo, quedase reflectido e de que viñesen eses asuntos á comisión, porque aí estamos comprometidos todos; están comprometidos vostedes, os do Partido Socialista e tamén os do Partido Popular. É un compromiso da sociedade galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, isto é, mocións.

Debatenos agora unha do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noa Díaz Varela.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre a loita contra a violencia machista

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«1. O Parlamento de Galicia condena de forma rotunda todo tipo de violencia contra a muller, declarando ademais a necesidade de que a loita contra a violencia de xénero teña un tratamento específico e diferenciado por responder a condicións sociais distintas do resto das violencias, en particular a existencia dun substrato machista na sociedade contra o que cómpre loitar mediante políticas públicas con perspectiva feminista.

2. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

a.) Elaborar de forma urxente un plan contra a violencia de xénero que inclúa campañas de información e sensibilización sobre os distintos tipos de violencia con recursos para a súa identificación e servizos dispoñibles aos que acudir en caso de ser vítima.

b.) Rematar a actualización, de forma urxente, do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

c.) Incrementar os programas de formación en igualdade e prevención da violencia de xénero, valorando a súa obrigatoriedade en ámbitos como o sanitario, a educación ou a xustiza. c.) Incrementar os programas de formación en igualdade e prevención da violencia de xénero, valorando a súa obrigatoriedade en ámbitos como o sanitario, a educación ou a xustiza.

d.) Incrementar os programas de formación en igualdade e prevención da violencia de xénero, valorando a súa obrigatoriedade en ámbitos como o sanitario, a educación ou a xustiza. d.) Incrementar os programas de formación en igualdade e prevención da violencia de xénero, valorando a súa obrigatoriedade en ámbitos como o sanitario, a educación ou a xustiza.

e.) Redactar un informe urxente por parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero que avalíe a situación actual.



3. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que cumpra na súa totalidade o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, dando prioridade, entre outras, ás seguintes medidas:

a.) Aprobar Lei de Trata.

b.) Ampliar o concepto de violencia de xénero a todos os tipos de violencia contra as mulleres contidos no Convenio de Istambul.

c.) Suprimir a atenuante de confesión e de reparación do dano nos casos de violencia de xénero.

d.) Perfeccionar a tipificación dos delitos no ámbito dixital.

e.) Introducir un listado non pechado de criterios de referencia da situación de risco, para impedir que diminúan as ordes de protección.

f.) Modificar o Código penal para considerar reincidencia cando o mesmo home cometera distintos delitos contra distintas mulleres.

g.) Comunicar o contido das ordes de protección aos puntos de coordinación. Para a súa anotación en VIOGEN.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Imos de novo, unha semana máis, falar de violencia machista, pero esta non é unha semana calquera; podemos dicir que esta última é unha semana certamente negra, na cal, no conxunto do Estado, foron xa asasinadas catro mulleres nestes últimos días — catro mulleres — por violencia de xénero. Morreu tamén unha muller de vinte anos que se suicidou, vítima do machismo, e neste momento hai cinco mulleres graves ingresadas no hospital, tras ser brutalmente atacadas polas súas parellas ou exparellas.

Nós, non o dubiden en absoluto, estamos convencidas de que ninguén presente hoxe nesta Cámara pode negar que existe unha violencia que mata só por machismo; que as mulleres nos asasinan os homes —si os homes— só polo machismo estrutural que existe na sociedade; e que negar a violencia machista e calquera outra forma de violencia contra as mulleres sexa, esa negación en si mesma, un auténtico crime.

E quero matizar aquí hoxe, á vista do que aconteceu no pasado pleno, que, por suposto, non era a miña intención nin a do noso grupo menoscar, en absoluto, a imaxe do Grupo Parlamentario do Partido Popular —como dixo o seu voceiro—; de feito, unicamente —e xa maticei que interpelaba ese grupo da miña dereita— porque a maior parte da cúpula do Partido Popular de Galicia está presente neste hemiciclo. Só por iso apelaba a bancada da miña dereita.



Sobre o que dicía o señor Puy, voceiro do Grupo Parlamentario Popular, de que estabamos poñendo en risco a unidade na loita contra a violencia machista, eu preguntolles se de verdade pensan que somos nós quen estamos poñendo en risco esta unidade; pregunto se de verdade pensan vostedes que somos nós. Os feitos falan por si mesmos, e non só falan, senón que, ademais, onte o propio señor Feijóo reafirmaba o que está acontecendo. Miren, a extrema dereita negacionista da violencia machista —e non lles estou chamando a vostedes extrema dereita; sabemos ben de quen falamos: de Vox; si de Vox— está entrando nas institucións con gobernos ou con pactos de goberno que vostedes asinan, que vostedes mesmos —o Partido Popular—, están asinando, e nos cales substitúen o concepto «violencia de xénero» por «violencia intrafamiliar». Iso non é máis que volver a eses tempos escuros, en que esa violencia eran «crimes pasionais», «divorcios duros» tamén ou «cousas de parella» que tiñan que quedar na casa. Así que pensen de verdade quen está aquí a rachar a unidade na loita contra a violencia machista.

Se de verdade esta é para todas e para todos nós unha liña vermella, a que, por certo, aludín a pasada semana, porque, en Galicia, tamén o PP de Galicia falaba desas liñas vermellas, pero tamén falaba —repito— a señora Guardiola, en Extremadura, desas liñas vermellas, que pasaron a ser verdes cando o señor Feijóo descolgaba o teléfono e mandaba ese cambio de postura... (*Aplausos.*) Se de verdade pensan vostedes que esa é unha liña vermella, verémolo esta tarde na votación desta moción.

En todo caso, nós, con respecto a esta cuestión, queremos que quede claro que o que propoñemos para a súa votación esta tarde é un acordo unánime do Parlamento galego para que se manifeste contrario ás posturas e aos discursos negacionistas da violencia machista, a favor da promoción da igualdade, así como —e isto é importante— en contra dos gobernos e dos pactos de goberno que impliquen estes discursos e que amporen as forzas políticas que os promovan; é moi sinxelo o que propoñemos hoxe aquí.

Ben, indo xa á segunda parte da nosa iniciativa —porque tamén saben vostedes que nós sempre presentamos propostas con contido, con contido de acción, con deberes ao Goberno galego e a outros gobernos, por suposto—, a que apela directamente ao Goberno galego, propoñemos varias cuestións que, sobre todo, profundan no que ten que ver coa prevención de todos os tipos de violencia contra as mulleres. Dixémolo en moitas ocasións, e non o podemos negar, avanzamos moito aquí, no noso país, en todo o que ten que ver co recoñecemento das violencias machistas e coa atención, coa protección e coa asistencia ás vítimas; probablemente haxa moito máis que traballar, pero as cousas son como son, e non o podemos negar. Nós aquí hoxe queremos falar da prevención, que, dende o noso punto de vista, é o talón de Aquiles do Goberno Feijóo e vemos que tamén o é do Goberno do señor Rueda. Descoñecemos se é falla de valentía —que pode ser— por non querer enfrontarse aos sectores máis conservadores do Partido Popular ou á dereita deste país, ou, o que sería peor aínda, por non ser quen de ver que a prevención debe ser hoxe a nosa maior preocupación, toda vez —como digo— que a protección e a asistencia ás vítimas funciona, aínda que —repito— hai que seguir mellorando e vímolos moi recentemente co caso da última muller asasinada, isto é, con Ana Vanesa.

Para iso, para avanzar na prevención, podemos comezar, por exemplo, por centrarnos en dous ámbitos —que é o que propoñemos—, que tamén poderíamos cualificar case que como



públicos, ¿non? Un ámbito é o da educación, o que, ademais, por certo, está xa obrigado por lei a esta modificación a través da última lei educativa. Falamos de educar para a igualdade entre mulleres e homes, ou, o que é o mesmo, profundar na coeducación; e educar tamén —por suposto que si— no plano afectivo-sexual. O que queremos é que se inclúa no currículo educativo materias sobre estas cuestións, por suposto —non teman, tranquilos e tranquilas—, adaptadas ás idades madurativas do alumnado; e isto é algo —como digo— a que xa o noso marco lexislativo practicamente obriga. E é por iso que apelamos ao Observatorio Galego da Violencia de Xénero para que faga un informe de avaliación das violencias contra as mulleres, con datos máis cualitativos que cuantitativos. Efectivamente, a conselleira respondía á nosa interpelación o outro día, e dicía que xa existían estes informes. Nós coñecemos perfectamente os tres informes que están pendentes de debate na Comisión de Igualdade; eses tres informes que realizou a Secretaría Xeral da Igualdade, pero nós queremos que se faga algo un pouco máis cualitativo, e que, a partir dese informe, se propoñan medidas no ámbito educativo, as que —repito— están obrigadas por lei. E tamén queremos que se faga algo con outras institucións, nomeadamente a local, que, por suposto, tamén ten competencias nesta materia. Nós, no PSdeG, entendemos que a loita contra a violencia machista corresponde absolutamente a todas as institucións e administracións.

E, xa que falamos da Administración local, facemos un inciso tamén nesta moción: apelamos ao Goberno galego para que reforce ou apure esa estratexia que tamén apoiamos e aplaudimos para conseguir que a finais de 2024 a totalidade dos concellos galegos contén coa súa correspondente mesa de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero; hoxe, dos trescentos trece concellos que temos en Galicia, só preto de noventa dispón deste recurso. Nós sabemos —por suposto que si— que esta é unha competencia local, pero entendemos que a Administración autonómica debe impulsar e completar de maneira urxente este mapa de mesas.

O outro ámbito a que me refería ten que ver con todas e con todos nós, coa sociedade galega no seu conxunto. É preciso con urxencia un plan. Ademais, non é nada novo o que propoñemos, e o certo é que cada vez que asasinan unha muller galega o presentamos —e non sei por que razón—, moitas das veces, co voto desfavorable do Partido Popular; a cuestión é que algunha vez si que se aprobou, pero non se puxo en marcha. A nós parécenos que si que é importante ese plan contra a violencia machista de maneira urxente, que se centre fundamentalmente —e aí vemos a diferenza— na prevención e na educación e que inclúa grandes campañas de información e de sensibilización sobre os distintos tipos de violencia —non todo o mundo coñece cales son as distintas formas de violencia machista— e que sinala, de maneira clara, os recursos para identificar esas formas de violencia, e, ademais, tamén os servizos dispoñibles aos cales acudir en caso de ser vítima.

Vostedes dirán e responderán que xa teñen plans e nós poderíamos responder que de telos non funcionan. Os datos son claros: a violencia machista estase incrementando —non imos repetir aquí os datos que vimos a semana pasada—; estase incrementando especialmente a violencia sexual de maneira exponencial. Foron dúas as mulleres galegas asasinadas xa no que vai de ano —eu creo que non hai moitos máis datos que dar—. O propio CES facía, na última memoria socioeconómica correspondente ao ano 2022, un balance dese ano maldito, e concluía que a violencia de xénero é un problema social de primeira orde que obriga a re-



alizar campañas de educación, especialmente entre as xeracións máis novas; e isto é o que estamos hoxe pedindo aquí novamente: a prevención.

E dúas cuestións máis: primeira, propoñemos que á volta do período estival estea xa rematada a actualización do Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero. Dixo a conselleira que xa estaban traballando —xa o sabíamos— no Observatorio. Nós o que pensamos é que hai que telo actualizado canto antes porque esta é a folla de ruta para protexer as miles de mulleres galegas que, cada ano, son vítimas de violencia. Por último, pedimos tamén incrementar os programas de formación en igualdade e prevención da violencia machista, valorando a súa obrigatoriedade en ámbitos como o sanitario, a educación e a xustiza. A esta cuestión xa respondera o Grupo Popular a esta mesma deputada hai dous anos, precisamente nesta Cámara, dicindo que non era posible; nós pensamos que si e, á vista da emenda que presentaron, entendemos que xa mudaron de opinión. Alegrámonos porque hai fórmulas para conseguilo e só é cuestión de vontade.

Nada máis, ata aquí a nosa iniciativa, que, coma sempre, ten unha clara vontade propositiva, pero nesta ocasión é certo que conta tamén cun forte posicionamento político-ideolóxico, pero entendan que para o Grupo Socialista esta si é unha liña vermella.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta

Bo día, señorías.

Efectivamente, nun contexto en que hai un incremento de delitos de violencia sexual, permítanme que comece a miña intervención amosando dúas imaxes. (*A señora Prado del Río levanta unha imaxe entre as mans e móstraa ao resto da Cámara.*) Esta primeira imaxe correspóndese co 25 de agosto de 2022, data en que o Congreso dos Deputados, a pesar das advertencias dos xuristas e do propio Partido Popular, aprobaba a lei máis lesiva para os dereitos das mulleres, isto é, a lei do só si é si, cos votos do PSOE e dos seus socios, o Bloque Nacionalista Galego. Un retroceso histórico na defensa dos dereitos das mulleres. (*A señora Prado del Río levanta unha outra imaxe entre as mans e móstraa ao resto da Cámara.*) Estoutra é do 20 de abril de 2023, oito meses despois de negar a realidade e de botar a culpa aos xuíces «machistas» da liberación á rúa de máis de cen agresores sexuais antes de tempo e tras máis de mil rebaixas de pena a agresores sexuais, pederastas e violadores. O Partido Popular foi quen de estar á altura e de axudar a que esta modificación fose real; (*Aplausos.*) pois ben o Congreso dos Deputados conseguía sacar adiante a reforma da lei do só si é si, grazas aos votos a favor do Partido Popular e a pesar do voto en contra do Bloque Nacionalista Galego.



Señorías da esquerda: leccións a este partido de feminismo e de protección das vítimas de violencia de xénero —leccións da esquerda—, ningunha; (*Aplausos.*) e, aínda menos, dos partidos que permitiron que hoxe, nas rúas de España, haxa máis de cen delinquentes sexuais con vía libre para reincidir, porque non hai bandeira, nin pancarta, nin estratexia de *pinkwashing* capaz de agochar que, pola lei que saíu adiante cos votos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, hoxe, o violador do portal volve a estar na rúa e que tamén outros monstros, como o violador do estilete, o caníbal do Turia ou o autor do crime da inmobiliaria van estar menos anos no cárcere.

Parafraseando o que dixo a propia señora Díaz no último pleno, «isto non é propio de partidos que se din demócratas e mesmo ás veces feministas»; isto chegou a dicir a señora Díaz. Se algo non é feminista é a intervención que vostede fixo no último pleno aquí, señora Díaz. Eu pídolle que a volva ver, que a volva mirar porque foi unha intervención demagoga, insultante e desprezable, xa non cara ao meu grupo e ao meu partido, ao que represento, senón, o que é peor, cara ás mulleres galegas e cara a moitas que, por desgraza, sofren o drama da violencia de xénero. O que vostede fixo aquí o pleno pasado, señora Díaz, foi un dos maiores actos de banalización da violencia de xénero e de menosprezo das vítimas que se viu nesta Cámara; foi un dos maiores, pero non o primeiro, porque, mire, señora Díaz, hai que lamentar que dende que vostede é a voceira de igualdade do Grupo Parlamentario Socialista todos os consensos anteriormente coñecidos nesta materia entre os diferentes grupos parlamentarios pasaron á historia.

Mire, cando eu cheguei a esta Cámara, no ano 2009, non se chegaba a acordos en materia de igualdade e anos despois tampouco, pero a partir do ano 2017, toda esta Cámara, con cinco grupos parlamentarios —non tres, senón cinco—, isto é, os tres que estamos hoxe, a Marea e o Grupo Mixto, conseguimos sacar adiante o Pacto galego contra a violencia de xénero e puxemos a un lado a ideoloxía —vostede di agora que hoxe trae aquí unha iniciativa ideolóxica—; pois mire, en materia de igualdade os grupos parlamentarios nesta Cámara foron quen de deixar a un lado a ideoloxía para poñer por riba dela os intereses e os dereitos das mulleres. (*Aplausos.*) E mire, eses consensos foron os que permitiron que, baixo a presidencia de Alberto Núñez Feijóo e con gobernos do Partido Popular, Galicia se convertese na primeira comunidade autónoma en ter un Decreto de formación en igualdade e prevención de loita contra a violencia de xénero do persoal da Administración, no ano 2017; en poñer en marcha o Servizo de quenda de garda psicolóxica para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos menores, no ano 2018; en poñer en marcha a asistencia integral para orfos de vítimas de violencia de xénero, no ano 2019; e máis recentemente, no ano 2021, Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas pioneiras respecto ao Estado —que nada fixo, señora Díaz— en recoñecer a violencia dixital como unha forma de violencia de xénero, e outros fitos, que, por proposta de grupos da oposición, este grupo maioritario tamén apoiou, e por iso saíron adiante, como foi a violencia vicaria, por proposta do Bloque Nacionalista Galego —¡claro que si!, señora Díaz. (*Aplausos.*) Nós somos capaces de aparcar a ideoloxía cando se trata de poñer os dereitos das mulleres por riba de calquera cuestión ideolóxica.

O compromiso na loita contra a violencia de xénero, señorías, demóstrase con feitos e con medidas reais e efectivas, e non con palabrería. No Partido Popular témolo claro, e, por iso



levamos anos demostrando a nosa incondicional loita fronte a isto. Como digo, demostrouno Feijóo en Galicia e volverá facelo a partir do 23 de xullo cando sexa presidente do Goberno de España, aínda que a vostedes lles pese. *(Aplausos.)* Ao igual que fixo o presidente Aznar cun Goberno do Partido Popular, cando se aprobou a orde de protección, que foi un antes e un despois na protección das vítimas de violencia de xénero: antes tiñan que saír da súa casa e ir para unha casa de acollida e a partir de aí quen saía da casa era o agresor, señora Díaz; *(Aplausos.)* esa si que foi a verdadeira revolución contra a violencia de xénero. Ao igual que fixo un Goberno presidido polo presidente Rajoy, cando conseguiu a aprobación do Pacto de Estado —si, señorías—, con mil millóns de euros para desenvolver durante cinco anos en orzamentos do Estado, que, por certo, tan malos non debían ser cando, o Goberno do señor Pedro Sánchez, o prorrogou tres anos consecutivos, señora Díaz, coas mesmas partidas orzamentarias para loitar contra a violencia de xénero. E, por certo, nada fixeron co Pacto de Estado e nada desenvolveron do Pacto de Estado; así que, leccións de loita contra a violencia de xénero, cero, señora Díaz. *(Aplausos.)*

Nós si que podemos ir coa cabeza ben alta na loita contra a violencia de xénero porque traballamos con feitos —si, si—. Temos claro que a igualdade efectiva é unha prioridade. Mire, non sei se o tiveron claro os deputados e as deputadas do Partido Socialista, que piden agora máis accións en materia de igualdade, cando votaron en contra da primeira Lei autonómica de igualdade de oportunidades de Galicia; que critica a Feijóo por querer suprimir o Ministerio de Igualdade, que, como dixo o propio Pedro Sánchez, «só serve para confrontar e xerar odio», e cando, ademais, o presidente socialista, José Luis Rodríguez Zapatero, suprimiu, en 2010, o Ministerio de Igualdade, señora Díaz, que, mesmo creara na anterior lexislatura; que se consideran vostedes os únicos defensores das mulleres cando gobernan, pero —mire—, sempre que gobernan contratan outros para xestionar as políticas de igualdade: fixérono no Bipartito, e xestionou a igualdade o Bloque Nacionalista Galego, e fano agora co señor Sánchez, que deu o Ministerio de Igualdade a Podemos, señora Díaz; iso é o que lles importa as políticas de igualdade: sempre que gobernan dánlles a outros para que as xestionen. *(Aplausos.)* E mire, como dixo Sánchez, señoría, deixaron o ministerio «en mans da persoa máis daniña para os dereitos das mulleres»; non o dixo esta deputada, díxoo o seu presidente, o señor Sánchez, señora Díaz. E como dixo Sánchez: «confrontar e xerar odio».

Miren, é indignante que vostedes teñan a desvergoña de pretender dar leccións de feminismo con estes antecedentes. Cando suban a esta tribuna para pretender dar leccións, pensen antes de falar, e recorden que o PSOE que pretende dar leccións de políticos dignos e indignos é o mesmo PSOE que en 2007 votou en contra da proposta que fixo o Partido Popular no Congreso para que os condenados por sentenza firme en casos de violencia de xénero non puidesen ocupar cargos públicos ou de responsabilidade pública —votaron en contra, insisto—; unha proposta do PP que foi rexeitada cos seus votos. E, se falamos de indignidade, señora Díaz, recorden que vostedes son os do PSOE que, cando se fixo pública a condena ao seu dirixente no País Vasco, Jesús Eguiguren, por propinar unha paliza á súa muller, ¿sabe o que fixeron? Non o condenaron; ascenderono e mantivérono organicamente doce anos como presidente do PSOE vasco. E, ¿saben?, convídoos a recordar tamén as seguintes palabras: «Es insoportable, como socialista, que cualquier día, pero sobre todo hoy, vayamos a gobernar Ponferrada por el voto de un acosador sexual». ¿Recorda, señora Díaz?: pactar co condenado por acoso sexual do caso Nevenka; esa é a súa historia señorías.



Faloume vostede da violencia intrafamiliar. Mire: *(A señora Prado del Río mostra un caderno ao resto da Cámara e le o seu título.) «Acuerdo para un gobierno reformista y de progreso»;* Pedro Sánchez e Albert Rivera, ano 2016. *(A señora Prado del Río abre o caderno e le nunha das súas follas.) «Proteger a la infancia, invertir en futuro: aprobar una lei contra la violencia intrafamiliar».* Firmado, firmado... *(A señora Prado del Río procura entre as páxinas do caderno e, finalmente, mostra unha ao resto da Cámara.)* por Pedro Sánchez Castejón e Albert Rivera, señora Díaz.

¡Aprobar unha lei contra la violencia intrafamiliar, año 2016!

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Eses eran os anos escuros —de que vostede di que falabamos—; eses son os anos escuros.

Mire, señora Díaz, nós presentamos unha emenda con tres puntos: o primeiro, de condena efectiva contra a violencia de xénero; o segundo, para propoñer medidas para que instemos a Xunta de Galicia; e un terceiro, señora Díaz, para que o Estado tamén se implique, porque a implicación contra a violencia de xénero é de todas as administracións, e vostede non pode vir aquí cunha iniciativa ideolóxica —como vostede acaba de dicir— para pedir só a Xunta de Galicia que cumpra porque o Estado tamén ten que cumprir, xa que a ampliación do concepto de violencia de xénero a todos os tipos de violencia contra as mulleres...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...contidos no Convenio de Istambul, ou a Lei de trata, ou as máis de duascenas medidas que están sen cumprir do Pacto de Estado, tamén son para protexer as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Se realmente vostede quere defender os dereitos das mulleres, acepte a nosa emenda ou chegue a un acordo; se o que quere é traer —como dixo— unha iniciativa ideolóxica, para iso non conte co Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día a todas e a todos.

Grazas, presidenta.



O feminismo é ideoloxía, e o que é terrible é que neguemos esa ideoloxía porque iso o único que fai é crear o caldo de cultivo perfecto a discursos de odio terribles que banalizan, e dos cales agora falaremos, (*Aplausos.*) que son os que están na base dunha realidade que debería preocuparnos —eu creo— a todas e a todos, aquí, dentro desta Cámara.

Nós, no BNG, imos votar a favor porque defendemos proxectos políticos e ideolóxicos baseados nos dereitos fundamentais e humanos, que son —eses dereitos fundamentais e humanos— os que están na base do pensamento e do movemento feminista como un profundo movemento de transformación social e emancipador para o conxunto das persoas que habitamos neste país e no mundo.

Queríamos tamén hoxe facer unha reflexión un pouco máis ampla. Eu estou segura de que coñecen o Barómetro mocidade-xénero —e, se non, é facilmente accesible por calquera das persoas que estamos aquí ou por calquera dos medios de comunicación que seguen o debate— que publicou a FAD con datos de 2021; entre os datos e os resultados desa enquisa a nivel estatal, hai un que debería acender as luces de alarma: un de cada cinco homes, de entre quince e vinte e nove anos, cre que a violencia machista é un invento ideolóxico (*A señora Rodil Fernández sinala, coa súa man dereita estendida, cara ao lado dereito da Cámara.*); unha consideración que case se duplica en moi pouco tempo, entre o ano 2019 e o ano 2021. Vou volver repetilo: un de cada cinco homes, de entre quince e vinte e nove anos, cre que a violencia machista é un invento ideolóxico. Aínda así —hai que dicilo—, a maioría da sociedade e da mocidade galega e do conxunto do Estado considérase feminista; unha definición que avanza imparabile desde hai anos, ora ben, máis entre as mulleres que entre os homes.

Hai que ter en conta que as primeiras leis de igualdade datan de comezos deste século, de comezos da década dos anos 2000 —non é tanto tempo—; de comezos —insisto— da década dos anos 2000, tanto en Galiza como no Estado. É dicir, no día de hoxe, unha persoa que naceuse no ano 2005, e que ten dezaioito anos, viviu toda a súa vida, polo menos, co recoñecemento formal da igualdade entre mulleres e homes; para as persoas que nacemos antes, nin sequera estaba recollido nunha lei que discriminarnos por razón de xénero era ilegal, senón o contrario, efectivamente, se o noso home mallaba en nós tiñamos que quedar na casa. Efectivamente, esa foi unha gran transformación, señora Prado, pero quen puxo o corpo e a vida para que fose unha realidade foi Ana Orantes e o movemento feminista, que foi quen nos trouxo até aquí, (*Aplausos.*) e iso tamén hai que poñelo en valor. (*Aplausos.*)

A modificación do ano 2003, que foi a que fixo posible —con ese Goberno, efectivamente, do señor Aznar— que as mulleres puidésemos quedar na casa, e que quen tivese que abandonala fose o noso maltratador, foi o resultado do asasinato de Ana Orantes, despois de contar na tele —na televisión autonómica de Andalucía, no Canal Sur— como o seu home levaba mallando nela máis de vinte anos; unha semana despois de contar ese caso de maltrato, que ela levaba sufrindo máis de dúas décadas, el matouna, e fixo que todo o mundo tivese que mirar para algo para o que lle estaban dando a espalda, durante décadas, o conxunto da sociedade española e dos sucesivos gobernos do Estado español. Logo veu o caso da Manada, que foi o que motivou un cambio lexislativo que fixo garantírnos dereitos fundamentais: a non ser violadas, a non ser acosadas sexualmente e a dispoñer dunha rede de servizos públicos forte que garanta ese dereito fundamental a unha sexualidade libre e sen medos.



Con todo, aínda que o feminismo avanza, aínda que a defensa da igualdade avanza e está hoxe como parte normal do debate social e político, como centro, ademais, dese debate social e político, nos últimos anos vimos avanzar e, sobre todo, callar, non só discursos, senón forzas políticas que negan a existencia mesma desa violencia machista, da desigualdade e da discriminación por razón de xénero. Entre os mozos —outra vez con datos do barómetro—, un de cada dez menores de vinte e nove anos —homes— cre que non existen as desigualdades de xénero. ¿Como é posible que alguén, que ten unha lexislación desde hai anos que recoñece a igualdade entre mulleres e homes; como é posible que existindo datos que evidencian, que cuantifican a desigualdade por razón de xénero e o prexuízo que iso ocasiona ao conxunto da sociedade —non só ás mulleres—; como é posible que poida, polo tanto, negar a realidade? Hai dous factores —non é unha reflexión do BNG ou miña propia; é o resultado do traballo do movemento feminista e das investigadoras e investigadores da Universidade— sobre os que radica ese caldo de cultivo perfecto para que avance e calle ese discurso negacionista da desigualdade e da violencia contra as mulleres: primeiro, na banalización, na negación, pero, sobre todo, na desinformación, na mentira, no ruído e na polarización absoluta da sociedade até o extremo; e, segundo, na normalización deses discursos e de quen os defende, como se se puidese levar a debate os dereitos humanos e os dereitos fundamentais, porque hai que lembrar que a desigualdade das mulleres, a discriminación por razón de xénero e a violencia machista son unha violación de dereitos humanos e de dereitos fundamentais.

Abririlles a porta dos medios de comunicación sen ningunha contrapregunta, sen réplica, como se fose normal chegar alí e negar a realidade e, ademais, mentir e desinformar a sociedade; pactar e gobernar con quen nega a violencia machista non só normaliza o discurso, senón que dá poder a esas voces e a esas forzas políticas que as representan, abríndolles de par en par as portas dos gobernos e das institucións. ¿Como non vai medrar entre a xente a idea de que a violencia machista é un invento ideolóxico e progre, se o escoitan todos os días —¡pero todos os días!— no bar, no traballo, nas redes sociais, na tele e no Congreso? E hai quen cala diante diso, e outorga; e non podemos calar, nin cando estamos tomando unha cana na barra do bar e escoitamos o Manolo de turno dicir que isto é un invento de catro feminazis, nin podemos tampouco abririlles a porta das institucións políticas e darlles poder porque iso o único que fai é situalos no centro do debate. ¿Como non vai avanzar o discurso de odio, se mesmo está a condicionar debates políticos en cámaras e en parlamentos, onde nin sequera están presentes?

Nós, no BNG, dixémolo —creo— moitas veces e imos repetilo hoxe. O que precisamos é unha axenda feminista clara e falar de dereitos, de dereitos, de dereitos, para construír unha sociedade máis xusta, máis equitativa e máis democrática para todas e para todos; non como unha resposta ou unha reacción contra algo, senón porque é a folla de ruta que nos move e que debe movernos como sociedade: conseguir unha Galiza que sexa xusta e democrática para todas e para todos, partindo dunha idea que é fundamental, e é que os dereitos e as liberdades das mulleres, o feminismo, fai máis libre e máis xusta o conxunto da sociedade; fainos a todas e a todos mellores.

Con todo, o que di o Barómetro mocidade e xénero—e todas as enquisas demostrano— é que a defensa da igualdade e do feminismo son maioritarios entre a sociedade galega, entre a mocidade deste país; que cada vez máis mulleres e homes se declaran abertamente femi-



nistas. Iso é evidente. Hoxe o sesenta e sete por cento das mozas e das mulleres de entre quince e vinte e nove anos considérase feminista; pero —jollo!—, só o trinta e dous por cento dos homes o fai.

¿Que é o que está pasando para que se abra unha fenda entre a realidade que vivimos as mulleres e a que viven os homes? No BNG témolo dito bastantes veces, e hoxe queremos volver traelo aquí; de feito, levamos unha iniciativa —non hai moito tempo, nesta lexislatura—, unha proposición non de lei á Comisión 1ª, co meu compañeiro Luís Bará: hai que falarlles aos homes; non estamos falándolles aos homes desde as políticas públicas de igualdade, desde os gobernos, desde as institucións e mesmo, nalgúns casos, probablemente, nin sequera desde o movemento feminista; hai que falar dos valores e comportamentos que o machismo e o sistema patriarcal vos impón a vós tamén, que impón tamén aos homes, isto é, hai que falar de valores, comportamentos que son igualmente opresivos e igualmente violentos para vós.

Eu non quero estenderme moito máis, pero eu creo que todo o mundo coñece —agora que se falaba de deporte— Borja Iglesias, que é xogador de fútbol e, ademais, é galego. Borja Iglesias subiu o outro día unha foto, acudindo a unha voda cuns compañeiros, coas uñas pintadas e cun bolso e esa horda —porque non ten outro nome— de machismo reaccionaria saíu contra el. Hai que visibilizar outros referentes, novas masculinidades e traballar nunha reflexión; e aí os homes tedes unha tarefa que só podedes facer vós, que ninguén máis pode facer por vós. Tedes que percorrer un camiño tamén na loita pola igualdade, construindo unha masculinidade que non sexa opresiva, que non sexa violenta e que teña outros referentes como o deste deportista. Eu quero lembrar tamén que votou o Partido Popular aquel día, cando o BNG propuxo iso: votou en contra.

Non vou estenderme máis; podíamos falar de moitas cousas, pero hai un ámbito en que é fundamental traballar porque é o que está asentando enormemente roles e estereotipos de xénero entre a mocidade —precisamente entre a adolescencia e a primeira idade da adultez—, que ten a ver coa materia afectivo-sexual.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Remato, presidenta.

A Administración pública está completamente ausente —completamente ausente— na escola, deixando en mans dunha industria terrible, como é a pornográfica, a formación e a información en materia afectiva e sexual. Logo estrañámonos de que haxa comportamentos e actitudes que, a pesar de que pasaran máis de vinte anos desde que se aprobaron as leis en materia de igualdade, sigan reproducíndose igual que nas xeracións anteriores.

Nós —xa digo— imos votar a favor; veremos, ademais, se se chega ou non a un acordo ou a unha transacción, pero cómpre quedar con esa idea: non se pode banalizar nin normalizar quen nega a violación dos dereitos humanos que se comete, no día de hoxe no noso país, cada vez que se nega un só dos dereitos que temos as mulleres.

Máis nada. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Remata o grupo autor da moción.

Ten novamente a palabra dona Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidenta.

Mire, señora Prado, insultantes e desprezables son os pactos que vostedes, o Partido Popular, asinan con Vox para conformar gobernos, e, desa maneira, están asumindo —repito— esas teses negacionistas das violencias contra as mulleres.

E, si, esta é unha iniciativa ideolóxica; é unha iniciativa ideolóxica porque —xa o dixo a señora voceira do BNG, a señora Rodil— o feminismo é pura ideoloxía, e iso é do que vimos falar hoxe. Non teñan medo.

Agora si, señora Prado. Mire, vostede dixo textualmente: «Nós somos capaces de aparcas a ideoloxía para poñermonos de acordo contra a violencia machista». ¿É vostede consciente do que acaba de dicir? (*Murmurios.*) Entón, señora Prado, ¿que pasa?, que se se teñen en conta a súa ideoloxía —claro—, non o farían. (*Murmurios.*) (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) ¿Non? É bastante evidente.

Ben, nós despois desta súa declaración de intencións, a verdade, señora Prado, xa poderíamos marchar para casa; pero non o imos facer, non o imos facer. (*Murmurios.*) Pido un pouco, por favor, de silencio... (*Murmurios.*) (*A señora Díaz Varela vírase para a señora presidenta.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, si, silencio.

A señora DÍAZ VARELA: Ben, grazas.

Miren —vai ser a única vez, e digo a única e a última; a única non, xa que xa o fixemos noutras ocasións, e, seguramente haxa por aquí algunha compañeira ou compañeiro que me diga: «non o fagas, non entres no fango», pero si que vou facer—, falando da Lei de liberdade sexual, e só para responderlle unha cousa: a cuestión dos textos lexislativos ou dos posicionamentos, tamén ideolóxicos, ten moito que ver coa intención coa que se fan. E, mire vostede, onte mesmo lía a acta da ponencia desta Lei de liberdade sexual e a propia a ponente do Partido Popular, a señora González, recoñecía no Congreso das Deputadas e dos Deputados que eses efectos terribles que tivo esa lei —non o imos negar— non estaban na vontade de quen redactara o texto. E aí está; aí, aí está a gran diferenza.

Efectivamente, isto é finalmente unha cuestión de vontade, ou, máis ben —podemos dicir— de intención; na redacción desa lei non había intención desa rebaixa de condenas, pero non podemos dicir o mesmo deses pactos coa extrema dereita que están facendo vostedes nestas últimas semanas. Están asinando documentos, señora Prado, nos cales a violencia de xénero desaparece ou é substituída; e aí está o pequeno matiz: vostedes non fan unha lei ex profeso para a violencia intrafamiliar ou para a violencia doméstica —que iso si que era o que pro-



poñían—; vostedes o que queren é substituír o termo «violencia machista» ou «violencia de xénero» por «violencia intrafamiliar». Non sei se é a súa vontade facelo, pero, dende logo, si que a é daquel partido co que vostedes están gobernando. Onte mesmo o propio señor Feijóo dicía que o seguirán facendo se o 23 de xullo —sabemos que non afortunadamente— gañase as eleccións.

E é que tamén están botando por terra ese concepto de igualdade entre mulleres e homes; tamén desaparece deses pactos da vergoña que teñen vostedes. Eliminan concellerías de igualdade; non é importante eliminar as concellerías de igualdade, pero si —como digo— nun contexto de pacto con esa extrema dereita. E introducen nas institucións, señora Prado, quen nega que o machismo mata, pero, o que aínda é peor, quen nega que o machismo existe. *(A señora Prado del Río levanta o referido caderno titulado Acuerdo para un gobierno reformista y de progreso, e móstrao á señora Díaz Varela.)*

E —repito— a nós segue asombrándonos a súa falla de responsabilidade, e de aí a proposta que traemos hoxe aquí. Nós, de momento, non sabemos que vai pasar en Galicia, pero, dende logo, si que nos gustaría que houbese un posicionamento claro do Partido Popular de Galicia, deste Goberno que temos aquí en Galicia, rexeitando eses pactos porque eses pactos o que están é, finalmente, agochando políticas que van poñer en cuestión ou que xa poñen en cuestión o futuro dos dereitos das mulleres; de todas nós, das que estamos aquí e das que non estamos —de todas nós—. E preocúpanos —si—, preocúpanos que partidos democráticos abracen ou amparen eses discursos que están normalizando o negacionismo destas violencias, porque eses abrazos deixaron de ser casos illados —que puideron selo nalgún momento, pero que xa non o son— e se están convertendo en constantes, en tendencias. Ese é o problema.

¿Que en Galicia non corremos ese risco? Verémolo, queremos confiar; por iso, de aí, a nosa proposta de hoxe. Eu estou segura de que todos e todas aquí concordarán comigo no que estou a dicir, e, por iso, hoxe, o que pedimos é valentía, valentía para denunciar o que está acontecendo fóra do noso país.

A respecto da súa emenda —porque xa non teño moito máis tempo—, direi que concordamos no punto 1, pero, obviamente, se queren como engádega; sen ningún problema, por suposto que si. É toda unha declaración de intencións que xa votamos noutras ocasións, ademais, por unanimidade; non temos problema, pero como engádega. O noso punto 1 non vai ser substituído por nada. O segundo punto non o podemos aceptar; non podemos aceptar ningunha parte do seu segundo punto, máis que nada, porque o que eliminan é precisamente o que nós queremos, que é profundar na necesidade de que sexa a educación un dos chanzos en que se traballa a igualdade. Copiaron o noso texto, pero simplemente eliminaron as responsabilidades no ámbito educativo. E, canto ao terceiro punto, non teríamos ningún problema en aceptalo, máis que nada, porque nós tamén comprendemos e, ademais, compartimos que, efectivamente, hai que desenvolver na súa totalidade o Pacto de Estado. *(Murmurios.)* Tamén é certo que nos gustaría que a propia Xunta de Galicia... —é que é bastante complicado falar con este rebumbio—..., o Goberno galego...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Díaz.



A señora DÍAZ VARELA: ...—si, remato—, cumprise na súa totalidade ese pacto de Estado porque aínda quedan moitas cuestións por cumprir.

Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión, que será reanudada ás dezaseis horas.

Bo proveito.

Suspéndese a sesión ás dúas e nove minutos da tarde e retómase ás catro.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Avanzamos co punto 3, coa seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación da atención sanitaria na época estival

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra, por tempo de dez minutos, dona Monserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Hai un famoso programa de Televisión onde o seu presentador principal di aquilo de «agora que coñecen as noticias imos dicirlles a verdade». E, entón, hoxe imos facer algo parecido, porque o Partido Popular non consegue tapar con propaganda a grave situación da sanidade pública galega, dos problemas gravísimos estruturais, consecuencia de catorce anos de políticas inmisericordes do Partido Popular desde a Xunta de Galiza. E o BNG temos que volver dicirlles hoxe que non imos aceptar que nos vendan como normalidade unha situación de excepcionalidade permanente. E no anterior pleno o conselleiro pois veu aquí facer precisamente iso: dicirnos que a situación de excepcionalidade na que está a sanidade pública, de falta de profesionais, de demoras, de listas de espera, de miles de galegos e galegas desatendidos, que iso: tranquilidade e normalidade; é dicir, nesa machacona idea de que isto é o que hai.

E, entón, por un lado, está o teatrillo do Partido Popular, o puro teatro de intentar facernos crer que isto é o que hai e que nada se pode facer, e, por outro, está a realidade que viven miles de galegos e de galegas. E esa realidade ten unha radiografía clara que a evidencia:



son os miles de galegos e galegas que non teñen médico nin médica asignada, os que teñen que agardar semanas por unha cita, os miles aos que lles pecharon os consultorios.

E ten unha realidade nas listas de espera. Son 215.000 persoas que agardan por unha primeira consulta, 215.000 persoas, (*A señora Prado Cores mostra un documento.*) datos oficiais da Xunta de Galiza, que tiñan que ser publicados —insisto— o 31 de decembro do ano 2022, que os publicaron hai nada; son 215.000 máis; no ano 20019 eran 166.000, é dicir, case 50.000 persoas máis esperando por unha primeira consulta.

Listas de espera, as últimas publicadas, que din que hai 46.161 persoas esperando por unha intervención cirúrxica, que son 10.441 máis que no ano 2019. Unhas listas de espera para probas diagnósticas nas que, sumadas as de radioloxía, medicina nuclear, endoscopias, estudos, hai 250.000 persoas agardando por unha proba diagnóstica. Mais ¿que din os datos? Que son 165.983 máis que no ano 2019. Eu voulle deixar logo á presidenta estes datos, que están na web da Xunta. Son as listas oficiais, ás que, evidentemente, se aquí lles engadimos as non estruturais, todas esas que ata que se chaman non están absolutamente en ningún lado, que están nos caixóns, que están nos buzóns, máis que incluso os datos publicados, poñen os pelos de punta, porque non son estatísticas.

Detrás das estatísticas están persoas de carne e óso, detrás das estatísticas están as persoas que sofren as consecuencias destas listas de espera, detrás das estatísticas están as denuncias de enfermos de cancro que din que levan sete meses sen revisións en Santiago; denuncia a Asociación de Usuarios que persoas enfermas de cancro están esperando sete meses por probas diagnósticas, esperando por seguimentos, esperando por que lles poñan tratamentos ou saber se teñen que seguir con tratamentos ou teñen que cambiar tratamentos porque non lles fan esas probas diagnósticas nin teñen consultas; doentes que denuncian: estou pendente dunha revisión, teño que saber se sigo co tratamento e dinme que non hai oncólogo. Traio aquí probas documentais da prensa, (*A señora Prado Cores mostra un documento.*) que se non certas, agardo que o Partido Popular denuncie estes medios de comunicación, para que non veña aquí logo a representante do Partido Popular a dicir como nos atrevemos a dicir non sei que cousas.

Por iso, hoxe a miña intervención vou sustentala en probas documentais, que calquera pode verificar. E —insisto— demoras de sete meses de enfermos oncolóxicos. Non é iso que din moitas veces de que traemos aquí un caso puntual de non sei que persoa que collemos ao voo e resulta que foi unha casualidade, que quedou aí traspapelada. Estamos falando de cuestións que calquera pode ver todos os días nos medios de comunicación.

E a radiografía da realidade, que se contrapón ao teatro do Partido Popular, son os datos do gasto sanitario. E volvo referirme á estatística: o gasto sanitario público publicado polo Ministerio de Sanidade, o último publicado en abril deste ano, que fai referencia ao último ano analizado, e isto analiza o investimento real, o gasto real, non o que poñen nos orzamentos, que logo non se compadece coa realidade.

E ¿que di este informe do gasto sanitario? Pois di que Galiza é a segunda pola cola en investimento en atención primaria. Está aquí, (*A señora Prado Cores mostra un documento.*) a pe-



núltima, 11,8 por cento; só por detrás está Madrid, co 11 por cento, fronte á media do Estado, do 14,2 por cento, que non é para botar foguetes, dende logo, moi lonxe do 25 por cento que todos os organismos din que debería ter a atención primaria. ¿Que di ese informe? Que na variación interanual, é dicir, o aumentado entre o ano 2020 e 2021 —insisto—, en plena pandemia, Galiza é a cuarta pola cola. Hai comunidades que aumentaron o 8,4 por cento ou o 7,6 por cento; Galiza soamente o 4 por cento, é dicir, a cuarta pola cola. Insisto: informe oficial do ministerio.

¿Que di ese informe? Que Galiza é a cuarta pola cola en investimento para pagar ao seu persoal. Logo poden presumir do que queiran. Pode vir aquí o conselleiro dicir que son os campións, que noutros sitios están peor, todo o que queiran. Mais os cuartos pola cola en porcentaxe de investimento sanitario destinado a pagar aos seus profesionais.

E o que si tamén di este informe é que somos os segundos en gasto farmacéutico, por moito que presuma tamén o Partido Popular de que son o exemplo superlativo de como se fai a xestión.

Unha radiografía da realidade son as prazas MIR de formación que ninguén quere. E resulta que das prazas MIR de formación para medicina familiar e comunitaria, onde tanta falta de profesionais hai, en Galiza na primeira tandada quedaron 39 prazas sen cubrir, logo foron a repesca, 6 persoas colleron, co cal hai 33 prazas MIR de familia e comunitaria que ninguén quere. Resulta que logo piden que se formen máis, que haxa máis prazas e tal, cando a realidade é que logo ninguén quere coller as prazas de familia e comunitaria en Galiza polas condicións laborais nas que teñen que desenvolver a súa asistencia, ou que dos que logo si collen e rematan a formación MIR resulta que logo non queren quedar en atención primaria.

E temos aquí os datos da denuncia: na área sanitaria de Vigo, de 21 residentes que remataron este ano 2023, soamente 6 aceptaron un contrato en atención primaria, ou dos 11 que remataron en Santiago soamente 2 aceptaron un contrato en atención primaria.

Unha radiografía da realidade que se opón ao teatro do Partido Popular son os máis de 11.000 nenos que non teñen pediatra asignado nin ningún outro profesional en Galiza. Información da Asociación Española de Pediatría: 11.000 nenos e nenas do noso país que non teñen ningún profesional asignado.

Ou unha radiografía son os 193 concellos de Galiza nos que non hai absolutamente ningún pediatra.

Unha radiografía da situación é o exceso de temporalidade que hai no Sergas, e veñen de novo as enfermeiras a denunciar a situación. Acaba de haber un proceso selectivo onde fixeron unha enquisa, porque a Xunta, o Sergas non facilita datos, onde din que o 66 por cento das enfermeiras que están en unidades de hospitalización son eventuais e, por iso, quedaron en cadro á hora de ter que ir á OPE; é dicir, un nivel de temporalidade que está próximo ao 50 por cento.

A radiografía da realidade, que se enfronta ao teatro do Partido Popular, é a falta de médicos nos PAC da área de Vigo. A denuncia de que seguen existindo moitísimas prazas estruturais



nos PAC da área sanitaria de Vigo é un exemplo, pero pasa en todas as áreas sanitarias, onde hai prazas estruturais sen cubrir.

A radiografía da realidade é a denuncia dos médicos de Ourense onde din que se prevén quendas no servizo de urxencias do Hospital de Ourense con só 2 médicos, menos incluso que nos PAC. E a Federación de Asociacións de Defensa da Sanidade Pública denunciou o colapso de urxencias.

É dicir, esta é a realidade, fronte ao teatrillo —insisto— do Partido Popular.

E, por iso, o BNG trae aquí hoxe unha moción derivada da interpelación que trouxemos ao anterior pleno, onde demandamos fundamentalmente unha cousa tan básica como é información. Iso non é máis orzamento —non fai falta—, senón información. Que se presente o plan de continxencias, que dixo o conselleiro que todo tranquilidade e normalidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ¿Por que non presentan o plan de continxencias para evitar que este verán haxa colapsos en urxencias, nos PAC, que os centros de saúde queden sen médicos? ¿Por que non presentan ese plan de continxencias? ¿Por que nin sequera aos representantes dos traballadores nin informan xa de cal é o plan de continxencias?, información de cales son as actuacións para evitar que nos hospitais queden en cadro. Preséntase un informe onde consta xustificación de por que hai que derivar a hospitais privados. ¿Cal é a xustificación, se non hai recursos na pública que estean pechados e parados que poidan estar funcionando en vez de derivar aos hospitais privados?

Que se presente un informe cos resultados...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidenta— deste programa de intensificación 2023 presentado polo presidente da Xunta no Consello da Xunta do 12 de xaneiro do ano 2023, onde dicía un plan de continxencias para minorar as listas de espera para o ano 2023, e que polos resultados que se van publicando, dende logo, parece que non están nin se lle espera.

Polo tanto, unha moción que traemos hoxe aquí de mínimos, onde son cuestións básicas, e se realmente o Partido Popular quixera facer algo máis que o teatro ao que nos ten acostumados.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra don Julio Torrado.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas.

Boa tarde a todos e todas.

Grazas, presidenta.

A moción que presenta aquí hoxe o BNG, orixinalmente fundamentada nunha interpelación sobre a atención sanitaria no verán, aínda que inclúe cuestións tamén sobre pediatría e sobre listas de espera, nós focalizámola ou pretendemos responder basicamente a nosa posición sobre a xestión da asistencia sanitaria no verán; cuestión que, ademais, xa ten sido debatida neste parlamento, que nós tamén plantexamos na Comisión de Sanidade hai un par de semanas e que plantexa unha cuestión que todos os anos temos que debater, tamén con certa frustración, porque o Partido Popular utiliza estes debates unicamente para argumentar que só vimos aquí desmerecer a sanidade, meternos cos profesionais, falar mal de todos e todas estas cousas.

Entón, imos intentar darlle unha volta ao asunto, a ver se somos capaces de transmitir algunha idea que cremos que, de ser tida en conta, podería contribuír a sumar, a optimizar ou a mellorar a nosa asistencia sanitaria que dá o Sergas.

A primeira cuestión. É natural asumir que o sistema sanitario ten que reordenarse ou reorganizarse no verán; no verán especialmente, porque é onde se concentra a maior parte das vacacións que pide o persoal, que obviamente non só ten dereito senón que son claramente merecidas e que, como é normal, disfrutan especialmente non só pero especialmente na época do verán. E isto obriga a facer unha revisión de como está o sistema.

E, por tanto, é natural que se poida reorganizar incluso parte da asistencia, que é posible programar, porque algunha asistencia é posible programala. E é fácil entender que algún tipo de asistencia se poida reorientar no tempo, reorganizar ou aprazala; aquela que se permite por unha cuestión clínica e aquela que non vai ser un problema para o paciente e que é posible reorganizar para facer noutros momentos ou —o que é o mesmo— ir a unha velocidade máis lixeira. Isto é facilmente entendible por todo o mundo e cremos que ninguén o discute nunca e que ademais non é ese o obxectivo. ¿Onde está o problema? O problema está en que non toda a asistencia se explica así, porque pode separar outros servizos ou pode separar outros sistemas para de maneira practicamente total, non total, pero si de maneira moi contundente o sistema educativo, pero porque ten unha programación que pode desafiarse así, pero a xente tampouco escolle cando enfermarse.

É fácil comprendelo, ademais, que dá igual cando sexa o período do ano, hai cuestións que poden ocorrer e que, polo tanto, as persoas necesitan un sistema que siga funcionando con certa continuidade.

Tamén é certo que se argumenta moitas veces que hai picos asistenciais noutras épocas do ano que hai que ter en conta, que no verán non existen. E é certo: ninguén pode pedir —sería absurdo— que plantexemos o verán como unha necesidade de estar preparados contra un pico da gripe; isto parece absolutamente lóxico. Pero coa mesma lóxica non imos estar



preparados en xaneiro para unha onda de calor. Polo tanto, hai que ser conscientes de que tamén en verán aumenta o volume dalgún tipo de necesidades sanitarias.

E terceira cuestión que é importante ter en conta sobre iso, ademais da planificación obrigada e de que o tipo de asistencia é distinto: Galicia acolle, por fortuna, é gran receptora de turismo no verán. En realidade, durante todo o ano hai unha boa frecuenciación de turismo, pero en verán Galicia acolle —podemos dar datos diversos, imos poñer segundo algúns nin optimistas nin non optimistas—, en realidade durante todo o período que se planifica no Sergas pode chegar a haber case ata dous millóns de visitantes en Galicia. É natural asumir que, se temos dous millóns de persoas máis distribuídas durante o tempo, non están os dous millóns todos os días dos case catro meses que se planifican no Sergas, tres meses, pero si é natural asumir que temos que ter un nivel de asistencia distinta e que temos incluso que incrementala nalgúns puntos.

E este é o problema, porque o único que non se vai de vacacións nese sistema son as ganas do PP de recortar; esas non se van de vacacións nunca, que xa poderían tomar algúns días de vez en cando; pero non. En canto teñen a oportunidade de argumentar con algún dato a posibilidade de recortar, rapidamente recortamos; iso si, para aumentar cando hai máis demanda iso xa existe menos.

E, por tanto, o que nós plantexamos é: é natural asumir que en verán hai algunhas necesidades a maiores, especialmente naqueles lugares onde se frecuenta máis turismo —tamén é certo— e especialmente nalgunhas patoloxías nas que non podemos deixar de ter a mesma continuidade asistencial porque non as afecta a cuestión do tempo —digamos— meteorolóxico —por dicilo dalgunha maneira—. E, por tanto, é natural asumir que debemos de plantexalo así.

Todo este marco parece razoablemente asumible por todo o mundo —por explicalo en vocábulos do Partido Popular—, sen ideoloxía; quero dicir, por todo o mundo no sentido de que calquera que planifique ou que pense no sistema sanitario entende que isto é así: que cambian as patoloxías, que hai algunhas continuidades nas que hai que seguir traballando e que hai outras que si que se poden planificar pero que non teñen que ver en realidade co groso do sistema.

En recentes días, a semana pasada, tiven a oportunidade de participar nalgúns grupos de traballo ou debates con voceiros de distintas formacións políticas fóra de Galicia e compartía con algunha xente do Partido Popular, ben, falando dos debates que se dan frecuentemente nos ámbitos parlamentarios, e un era sobre este.

E falabamos e eu explicaba —ao fío da iniciativa que presenta o BNG— que aquí neste parlamento nós pedimos habitualmente algunha cuestión tan simple como os plans de continxencia; é dicir, o plan que o Sergas elabora —debera elaborar, asumimos que elabora evidentemente— sobre como se vai afrontar o verán para saber como se van reforzar unhas áreas ou non, como se van cubrir determinadas baixas ou non, ese plan de continxencia que nós temos que demandalo vía parlamentaria porque non se nos ofrece.

E explicaba que, aínda que o demandemos vía parlamentaria, non o temos, e sorprendíase a xente do Partido Popular e dicía: non pode ser, iso ten que ser mentira. E fíxense vostede



en que todos os anos o pedimos, todos os anos dísenos: é que vostedes non saben nada disto; pero nunca se facilita.

E unha das cuestións que pide esta iniciativa —que temos pedido nós ano tras ano— é que se nos presente cal é o plan de continxencia, para saber se realmente están planificando ben ou incluso porque pode ser que poidamos axudar. Porque ao final o que escoitamos unicamente son argumentos manidos do Partido Popular, como ese famoso «non se pechan camas»; e, claro, as camas non teñen pechadura, non hai unha chave coa cama, claro.

Eu explico sempre —ou intento explicar sempre— o mesmo exemplo: eu podo argumentar que non se pechan as aulas, pero non hai maneira de dar clases na facultade agora, porque non hai profesores; polo tanto, aínda que as aulas están pechadas, non hai docencia. Pois, aínda que as camas estean nos hospitais —que ninguén as leva de alí—, non hai persoal e, por tanto, non se poden utilizar. Creo que este exemplo é sinxelo para entender —se se quere entender— e, por tanto, argumentar que o sistema segue funcionando igual é absurdo. Non debe funcionar igual pero funciona menos do que debería.

Por tanto, nós o que plantexamos é: evidentemente, o sistema sanitario en verán ten que reorganizarse. Pero a ver se por unha vez o Partido Popular entende que reorganizar non é recortar, que empezan as dúas por «re» pero non é o mesmo, reorganizar non é recortar. E, polo tanto, incluso noutras épocas o Partido Popular era moito máis razoable e plantexaba o que se denominou —denominou esta consellería— dende hai anos «o reforzo de costa»; cando digo hai anos falo de décadas; o reforzo de costa, que era entender que cando en verán temos maior afluencia de persoas, nalgunhas zonas determinadas, esas zonas deben de estar reforzadas. ¿Por que? Porque se entendía —por tanto, en contra do criterio que mantén o Partido Popular agora— que necesitamos máis profesionais sanitarios e máis asistencia nalgunhas zonas.

Isto que o Partido Popular nega hoxe dicindo: non, é que vén menos xente aos hospitais, vén menos xente aos centro de saúde e imos poñer menos persoal, isto, que se entendeu toda a vida así, hoxe xa non se fai, e hoxe é certo, con algunha salvidade. Poñía o exemplo hai dúas semanas: Sanxenxo e O Grove están limítrofes, teñen os dous unha afluencia turística enorme; Sanxenxo refórzase, O Grove non. Aínda que se dean titulares, a realidade é que non están todos os profesionais no Grove; e, dende logo, en Sanxenxo o Goberno chegou incluso a intentar pagarlles vivendas a algúns amigos. Pero isto evidencia que o Partido Popular entregou as armas xa con respecto ao sistema sanitario e van intentar recortar sempre que se poida e no verán utilizan esta escusa como outra calquera.

Por tanto —en resumo—, ¿é certo que a asistencia necesita reprogramarse en verán? Si. ¿É certo que é posible reorientar o que é prioritario no verán cara a outras funcións? Tamén. Pero é certo que necesitamos continuidade asistencial e é certo ademais que no verán existe algún tipo de asistencia que necesitamos reforzar, principalmente a atención primaria, que é a fundamental, con todos os profesionais que pode ter a atención primaria —todos, non só médicos e médicas—, todos os profesionais; e que tamén os hospitais poden contribuír a aliviar un pouco as situacións de listas de espera nalgún tipo de cirurxía, por exemplo cirurxía ambulatoria, se no verán tivéssemos maior actividade da que temos.



Hai profesionais —porque hai profesionais de moitas especialidades esperando que poden estar contratados— pero non existen en plan de continxencia; e, se existen, nunca se comparten e nunca se facilitan —que digo eu que podía ser unha cuestión de importancia—.

E, por tanto, para nós no que se resume ao final é na argumentación de que hai menos asistencia sanitaria e por tanto imos ter persoal. Pode ser que sexa á inversa: como temos menos persoal, asistimos menos en termos sanitarios en verán. E iso vale para que o ano seguinte, como fixemos menos traballo agora, dicir que, como había pouco traballo, imos poñer aínda menos; e iso é unha pescadilla que nunca para e que vale sempre para xustificar os recortes.

A ver se algunha vez poderíamos inverter o asunto e probar que realmente, se damos máis servizos, igual realmente curiosamente a poboación agradece e, por tanto, teríamos xustificación para incrementalos. Pero, claro, esa é a decisión ideolóxica de incrementar sanidade ou reducir sanidade, e por agora seguen no mesmo punto de reducila. A ver se somos capaces de convencelos de que algunha vez proben a aumentar o investimento no sistema sanitario.

Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona Encarna Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señorías.

Moitas grazas, presidenta.

Ben, todos nós escoitamos a semana pasada o conselleiro —que o escoitamos todos—: volve o verán, volve a calor e con iso volven os presaxios apocalípticos do BNG ao redor da sanidade pública, e, ¿como non?, dos seus socios, os señores do Partido Socialista. E, ademais, hai pouco, na última Comisión de Sanidade, debatemos este asunto, que o trouxo o Partido Socialista; vamos, un clásico de verán que non pode faltar no mes de xullo.

E todo isto a pesar de que o conselleiro de Sanidade foi claro e contundente na súa exposición. Pero, señorías, por máis que se lles explique aquí e noutros medios, parece que o que fallan son as entendedeiras. Poderíase dicir aquí iso de ¿ignorancia ou mala fe?, señorías.

Di o señor Torrado: reorganizar ou recortar. Nós entendémolo perfectamente, falta que o entendan vostedes. Supoño que, como vén sendo habitual cando vostedes falan de sanidade, o caso é enredar e tratar de confundir, pero non esquezan que os galegos non son parvos e saben en quen teñen que confiar. E, elección tras elección, confían neste grupo político, no Partido Popular. *(Aplausos.)*

Desde aquí, por encima do ruído, temos a obriga e o deber de transmitir á cidadanía a verdade: que a atención sanitaria durante a tempada de verán está garantida en todo o Servizo



Galego de Saúde. Volvo repetir: os galegos teñen garantida a atención sanitaria en todos os servizos galegos de saúde.

E tratarei de explicar os puntos que vostede trae na súa moción, señora Prado. Mire, en cada período vacacional a planificación sanitaria faise do mesmo xeito: o Servizo Galego de Saúde planifica todos os anos a adecuación dos recursos asistenciais tendo en conta a demanda asistencial en función da mobilidade de determinadas patoloxías, mantendo operativos os recursos adaptados a esa realidade. No relativo aos hospitais, ano tras ano leva a súa planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas, tanto de ingresos médicos como dos derivados da actividade cirúrxica. Loxicamente, esta planificación non se improvisa, elabórase tras un estudo no que se ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias en cada área sanitaria concreta en anos anteriores. E a estimación de ocupación cando chega a este período basease en datos de ocupación real correspondentes ao período acumulado entre xuño e setembro do ano anterior, e a esta estimación engádeselle unha marxe dun 10 por cento ou un 12 por cento para que garanta a atención sanitaria dos pacientes.

E, desde logo, está documentada unha importante diminución tanto na prevalencia como na morbilidade de numerosas patoloxías, pero iso non é unha planificación que sexa estritamente do Servizo Galego de Saúde. Esta mesma situación —e tamén o dixo o conselleiro no pleno pasado e díxenllo eu ao señor Torrado tamén na Comisión de Sanidade— está documentada. Mire, o diario *Redacción Médica* publicaba o 12 de xullo do ano 2022 o que pasaba en Cantabria —conselleiro socialista—: «*El cierre de camas tiene que ver con la actividad. No tiene sentido camas abiertas cuando no se necesitan. Las camas instaladas siempre están disponibles cuando se necesitan*». Castela-A Mancha: «*Es una actividad que se adecúa a las necesidades del verano*». Extremadura: «*En la región no se cierran camas*». Baleares: «*En los meses de verano baja la actividad*». É dicir, todo isto, señorías, son declaracións de conselleiros, altos cargos e voceiros de gobernos socialistas ou partidos independentistas, empregando os mesmos argumentos cos que vostedes descualifican ou tratan de presentar como ocorrencias do PP, ou, como nos dixo hoxe a señora Prado, «o teatrillo do Partido Popular».

Déronse de bruces contra a realidade, señorías. Miren, na atención primaria os servizos reorganízanse igualmente, de maneira que sexa posible que os profesionais sanitarios poidan desfrutar das súas vacacións, o que, á vez, garante a atención sanitaria.

E, señorías, é responsabilidade dun goberno serio adoptar medidas de xestión que preserven a eficiencia e a correcta utilización dos recursos, tal e como debe de ser nun sistema sanitario público como co que contamos nós en Galicia, o Servizo Galego de Saúde.

A atención urxente que se presta nos PAC está en todo momento garantida, porque estes recursos no verán non ven reducida a súa plantilla. Así tamén nolo transmitiu o conselleiro, que a dotación dos PAC se mantén estable, chegando incluso a reforzar estes dispositivos para que durante o verán estean preparados para os posibles aumentos de demanda que poidan requirir as zonas con maior demanda e carga poboacional.

Señorías, deixen de enredar: os PAC van contar con todo o persoal necesario grazas a eses turnos que son cubertos, por certo, polo persoal que se incorporou a través do concurso de



méritos, ese concurso que permitiu incorporar profesionais á fronte, ao que vostedes, por certo, votaron en contra, ambos os dous grupos.

E continúan coa teima esa que teñen de recortes, de privatizacións, que se converteu para vostedes nun lema pero que son incapaces de soste con ningún dato minimamente. O obxectivo é contrastado. A realidade é que a media diaria de profesionais que traballan en atención primaria no Sergas no ano 2022, en comparación co ano 2018, é hoxe bastante superior; temos máis de mil profesionais; e todo isto tendo en conta o descenso poboacional que houbo nestes últimos anos. No ano 2008 había 8.692 profesionais, fronte aos 9.711 de 2022; como dicía, unha diferenza de máis de mil profesionais.

Seguen coa demagogia, señora Prado. Eu tiña que escoitalle agora demoras de sete meses en oncoloxía. As noticias hai que lelas completas. Di a noticia: *Todo lo que puedo decir hasta hoy del Servicio de Oncología del CHUS y de la gestión de las citas es impecable. Todo esto lo dice una paciente oncológica del Clínico después de cinco años de revisiones periódicas.* Agora atópase que non. Mire, hai unhas vías rápidas da oncoloxía. Ou sexa, vostede quere facérllelo crer aos galegos. Grazas a que os galegos non son parvos e todas as persoas que teñen un problema coa sanidade saben que ten solución. E temos unhas vías rápidas para o cancro polas que se resolven os problemas de forma inmediata.

Tempos de espera, falaba de tempos de espera. Pero ¿de que está falando, señoría? Mire, evidentemente, nós agora mesmo estamos cun plan de redución de listas de espera para poder chegar a eses datos que tiñamos en 2019. Pero a realidade é que hoxe Galicia para primeiras consultas ten unha media de 55 días; no Bipartito era de 65. ¿E que pasa en Asturias? 70 días; Aragón, 95 días; Canarias, 101 días. Aí non está o goberno popular gobernando.

¿Que pasa coa patoloxía cirúrxica de prioridade 1? Galicia, 19 días. ¿Que pasaba no Bipartito? 40 días.

Hai que contar toda a verdade. Desde logo non debe quedar ningunha dúbida en canto a que o aumento de recursos na atención primaria sempre foi unha prioridade para os gobernos do Partido Popular, para toda a atención sanitaria, ano tras ano. E isto ponse de manifesto cos orzamentos. Non lle gustan as comparacións, pero mire: o orzamento do Bipartito era de 442,2 millóns de euros. ¿Cal é o orzamento de 2023? 576,3; estou falando de gastos de persoal. A diferenza é que hoxe se gastan en persoal 134,1 millóns máis.

Este ano aprobouse a maior oferta pública de emprego sanitaria de toda a historia de Galicia, con máis de 5.500 prazas para todas as categorías. Estes son feitos, señorías, non son slogans ou palabras baleiras, como fan vostedes.

Os orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2023 contemplan a creación de 134 prazas novas en categorías distintas ás de facultativos: enfermería, persoal de xestión. Este goberno do Partido Popular, que tan mal fai as cousas segundo vostedes, promoveu unha nova convocatoria de prazas de difícil cobertura para a atención primaria: 72 prazas de médicos de familia, 60 para pediatría, xunto con máis de 110 prazas de especialidades para hospitais



comarcais, a eses que vostedes levaban autobuses con xente dicindo que se ían pechar. Pero 173 prazas para a saúde mental.

E todo isto, señorías, sempre sen o seu apoio. Eu recórdolles que, cando a este parlamento se traen leis para mellorar a sanidade ou para poder habilitar a convocatoria de prazas de difícil cobertura, aí vostedes miran para outro lado e sempre atopamos o seu voto en contra; non vaia ser que se mellore a sanidade e que se lles acabe o discurso catastrofista que tanto lles gusta.

Mire, fomos quen de incorporar novos médicos e médicas impulsando un procedemento pioneiro, o concurso de méritos, fronte ao que vostedes votaron en contra.

Evidentemente, o Goberno do Partido Popular aposta tamén de maneira prioritaria pola saúde dos máis pequenos, e todos os nenos galegos en idade pediátrica teñen asistencia por parte dun especialista en pediatría, ben sexa pediatra ou un médico con formación en puericultura. E esas prazas de médicos con formación en puericultura van pasar a ser ocupadas...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—acabo xa, presidenta— por especialistas en pediatría, grazas tamén a un novo concurso de méritos xa convocado, ese que vostedes votaron en contra.

Tamén lle recordo que vostede falaba da presidenta da Asociación Española de Pediatras de Atención Primaria. Pois mire, esta mesma presidenta da que falaba vostede cualificou de boa noticia que nove comunidades autónomas, entre as que se atopaba Galicia, estean facendo as cousas ben e que a maioría dos seus nenos estean atendidos por pediatras.

E, finalmente, falando de privatización, recórdolles que en catro anos que gobernaron Galicia vostedes aumentaron nun 50 por cento os cartos para os concertos da sanidade privada.

E eu lamento que continúen tirando do argumentario do BNG, co mesmo mantra cada inicio de verán, en vez de facer políticas sanitarias construtivas. Volverá acontecer cada ano. Cando remate o verán...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...daranse conta de que non pasa nada.

E, afortunadamente, a saúde dos galegos —remato xa— está en boas mans, xestionada por un goberno que traballa con eficiencia e coherencia, que está en permanente alerta por cada problema que poida xurdir, atento a ofrecer solucións e facendo do paciente o centro das súas políticas sanitarias.

Ímoslle pedir a votación por puntos, polos puntos que vostede traía na súa redacción que presentou.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: A sanidade pensamos que non pode quedar nun slogan. E, se teñen verdadeira vontade de chegar a un acordo, esperemos que nos deixen facer esa votación por puntos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten novamente a palabra a autora da moción, dona Monserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Ben, quedou máis que demostrado —¿verdade, señora Amigo—?: *lo tuyo es teatro, puro teatro*, e insisten, ¿non?

Volven dicir aquí que vimos enredar, terxiversar, confundir, e, claro, a cuestión é: ¿a quen confundimos, señores e señoras deputados do Partido Popular? ¿Ás 46.000 persoas que están esperando por unha cirurxía? ¿Ás 215.000 que están esperando por unha consulta? Son os datos oficiais —insisto—; se lles sumamos os que están nos caixóns, é que mete medo. (Aplausos.) ¿A esas 250.000 que están esperando por unha proba diagnóstica, a todas esas peticións de primaria que non informan, ás persoas que despois de agardar meses por un TAC ou unha resonancia teñen que esperar un mes ou máis para ter o informe que Galaria non dá feito, por exemplo? ¿Aos 11.000 nenos que non teñen pediatra asignado nin outro médico en Galiza? ¿Aos enfermos oncolóxicos sen seguimento, señora Amigo?

Leu aquí, efectivamente, unha persoa que tivo seguimento e que agora leva meses sen telo. ¿Cal é a mentira que trae aquí o Bloque Nacionalista Galego?

¿Ás persoas que están agardando oito horas no Servizo de Urgencias de Ourense? ¿A esas engana o Bloque Nacionalista Galego, confunde? ¿Ás 40 persoas diarias que polas mañás agardan cama no Álvaro Cunqueiro? ¿Á poboación dos concellos da costa, que duplican, triplican a súa poboación e non soamente non é que non teñan reforzo de costa, senón que van ser atendidos por menos profesionais? ¿A todas esas persoas confunde e engana o Bloque Nacionalista Galego? ¿Ou pretende o Partido Popular facer pasar un camelo polo burato dunha agulla, como pretenden vostedes?

Esa é a realidade que viven galegos e galegas todos os días, por moito que vostedes intenten ocultalo. ¿Pretenden enganar a poboación da Barbanza, que teñen a axenda de medicina interna pechada? ¿Pretenden enganar a poboación do Hospital do Salnés, que nin sequera no hospital lle poden facer unha ecografía, que teñen que ir a Pontevedra porque nin sequera teñen radiólogo para facer unha ecografía, porque non se informan as radiografías básicas nin sequera nas urxencias durante as quendas? ¿A esa poboación queren vostedes enganar? ¿A eses profesionais que están hipersaturados e que non poden máis? ¿Cren vostedes que os engana o BNG ou son vostedes os que teñen a sanidade galega nunha situación límite? Esa é a auténtica realidade.



E por iso o BNG pois non acepta como normal esta situación, non aceptamos o seu teatrillo. Porque, mire, a sanidade pública é unha conquista social, é unha conquista social que nos iguala diante da enfermidade. É unha conquista social que fai que todos poidamos ser atendidos, non en función da carteira, como están facendo vostedes, que están convertendo a atención sanitaria para aqueles que teñen carteira que poidan ir á sanidade privada, porque non poden estar agardando todos esa lista de espera. Esa é a situación.

Entón, indo á moción do BNG, gustaríanos saber por que van votar en contra de que se presente un plan de continxencia — pregunteillo antes, pregunteillo ao conselleiro—. ¿Por que xa non hai informes de cobertura? ¿Por que non informan de cales son as coberturas, por que non informan nin sequera aos profesionais de cantas persoas se contratan, cantas das quendas hai que cubrir con intersubstitucións, con prolongacións de xornada? ¿Por que non queren ter esa información? ¿Por que non queren admitir que nos PAC haxa equipos completos, por que van votar en contra de que se cubran todas as prazas estruturais nos PAC?

Dígoo porque isto é o que pide aquí o BNG. ¿Por que a posta en marcha de actuacións cos recursos orzamentarios precisos para atender a atención primaria? ¿Por que van votar en contra de aumentar o orzamento de atención primaria? ¿Por que van votar en contra de aumentar en equipos multidisciplinares? ¿Por que seguen sen contratar ou introducir profesionais tan necesarios na atención primaria que hoxe non existen?

Isto é o que demanda aquí o BNG.

¿Por que van votar en contra diso? ¿Por que van votar en contra de que os nenos e nenas gallegas todos teña unha atención pediátrica presencial á que teñen dereito? Pois é outra das demandas que fai aquí o BNG. ¿Por que van votar en contra de que non se pechen unidades de hospitalización e probas diagnósticas mentres se derivan á privada? ¿Por que van votar en contra de que se presenten informes xustificando por que non se pode dar esa asistencia nos hospitais públicos, mentres están derivando aos privados, que, por certo, non pechan camas nin dispositivos no verán? ¿Por que votan en contra diso? ¿Por que votan en contra de que se xustifique esa situación? Pois é unha boa pregunta, ¿non? ¿Por que van votar en contra de que se xustifique esa cuestión?

Porque ¿saben unha cousa, señoras e señores do Partido Popular? Cada ano nos hospitais un ano pechan a planta de traumatoloxía, ao ano seguinte a de uroloxía, outro ano a de medicina interna, noutro hospital outra. ¿E iso que ten que ver co que din vostedes que baixa a demanda? ¿Cada ano baixa unha demanda concreta, nun hospital baixa uroloxía e no outro traumatoloxía, e noutro medicina interna? Teatro, puro teatro. Non se sustenta con nada racional nin ningún informe que xustifique esa cuestión, única e exclusivamente a folla de ruta.

E dicía o señor Torrado que isto ía polo tema dos colapsos do verán. Na interpelación fixemos un repaso de cal era a situación, pero é que o problema é que a situación de colapsos no verán ten que ver coa situación na que está a sanidade pública, de extrema gravidade, que o Partido Popular a ten na UCI e que no verán non fai máis que multiplicarse e agravar esa situación. E a situación dramática, que vén de antes, cada verán multiplícase, empeora, e, se non se recupera, no verán seguinte estamos aínda peor.



Por iso o que presenta aquí o Partido Popular...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...son cuestións para o verán, pero, sobre todo, cuestións que soluciónen o problema estrutural, que é realmente a base do problema.

E tamén pedimos aquí que presenten un informe co resultado dese plan de intensificación, que lle gusta tanto nas roldas de prensa ao presidente da Xunta, ao conselleiro e demais, nos consellos da Xunta, nas reunións, pero é que logo non sabemos nada máis do que pasa con el.

Presentaron un plan de intensificación para eliminar as listas de espera en xaneiro do ano 2023 e estamos en xullo. ¿Van votar en contra de que se presente un informe de cal é o resultado dese plan de intensificación?

Ben, pois gustaríanos saber cal é a xustificación para votar en contra destas cuestións tan básicas que presenta hoxe aquí o BNG.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

Continuamos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas e para formulala, por dez minutos, ten a palabra dona Iria Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Se hai algo que podemos sacar como conclusión da interpelación que lle formulamos a semana pasada á conselleira de Emprego e Igualdade, é que a Xunta de Galiza está traballando duramente e arreo por lograr esa plena igualdade.

Nós discrepamos. Para empezar, cremos que cumpriría por parte do Goberno un chisco de autocritica e algo menos da autocompracencia, porque queda aínda moitísimo por facer. Porque, cos datos na man, o que temos é unha realidade bastante menos optimista que a que se debuxou neste parlamento a semana pasada.

Os datos apuntan que temos un problema moito máis grave do que poida parecer e que require de actuacións rigorosas e actuacións decididas.



O Ministerio de Interior sinalaba que en 2021 tiveron lugar no Estado español 466 incidentes relacionados coa LGTBfobia. Estes son os delitos de odio que máis se incrementaron a respecto do ano 2019, un 67 por cento máis.

As agresións por causa de orientación sexual ou identidade de xénero ocupan o primeiro posto entre a mocidade menor de 18 anos. Nese mesmo período en Galiza tiveron lugar 23 infraccións penais por este tipo de delitos LGTBfóbicos.

O Observatorio Coruñés contra a LGTBfobia rexistrou o ano pasado, o 2022, 68 agresións de odio.

Todos estes datos falan de delitos, pero a realidade é maior. Eu creo que calquera de vostedes podería, pode vela simplemente prendendo a radio, acendendo a televisión ou estando un anaco nas redes sociais para ver como os discursos de odio teñen unha gran presenza diaria en todas as capas da sociedade.

E a isto súmase que nas agresións LGTBfóbicas existe unha taxa de infradenuncia elevadísima. As razóns son variadas. Moitas persoas non denuncian por medo ao que poida pasar, polas represalias que poidan sufrir; moitas non denuncian, incluso, porque temen non ser tomadas en serio. O informe realizado polo Foro de Disidencias Sexuais salientaba que entre o 89 por cento e o 96 por cento das agresións LGTBfóbicas queda sen denunciar.

E, precisamente, baseándonos nas recomendacións que enumera este informe, trasladamos hoxe aquí, a través desta moción, varias iniciativas para enfrontar dun xeito claro e decidido a LGTBfobia.

Para comezar, é precisa a elaboración dun plan de formación completo de todos os profesionais que interveñen no proceso de detección, de denuncia, de acompañamento e de restauración dunha persoa que sofre violencia LGTBfóbica.

É preciso rematar con esa situación vergoñenta de que persoas que sufriron unha agresión non a denuncian por medo a que se rían delas, a que non as tomen en serio, e sobre todo con situacións bochornosas nas que ese medo se converte en realidade e son deslexitimadas e infravaloradas no propio momento de poñer unha denuncia.

Pero precisamos tamén plans de formación en materia LGBT, plans que sexan de carácter obrigatorio, para todo o persoal traballador público, en especial para todas esas persoas que atenden á cidadanía en situacións de vulnerabilidade. Falamos do persoal sanitario, falamos de forzas de seguridade, de persoal de servizos sociais, da comunidade educativa.

Así como é prioritario que se denuncien todas as violencias, tamén é precisa unha diagnose precoz, que a sociedade estea alerta para detectar as violencias canto antes e poder enfrontalas desde a raíz máis básica.

Aprendemos coa violencia machista o importante que é a pregunta de «¿que tal van as cousas pola casa?» para que as mulleres que están a sufrir esta situación poidan ter un espazo



seguro onde falar de todo o maltrato que están a sufrir. Na LGBTfobia pasa tres cuartos do mesmo. Precisamos espazos seguros, precisamos persoal formado para poder facer unha detección realmente precoz.

E, sabendo que o proceso de denuncia non é sinxelo, xa non só a nivel administrativo senón sobre todo emocional, demandamos o deseño dun plan galego para a prevención e o acompañamento das persoas que sofren violencias LGBTfóbicas; un plan que debe contar cunha perspectiva multidisciplinar, coa voz e coa experiencia dos colectivos, coas familias, e sobre todo un plan que ten que contar coa mobilización de recursos e de orzamentos necesarios para poder levalo a cabo; un plan que debe incluír un mapa de recursos completo e accesible, que recolla cales son os recursos existentes no ámbito de organizacións e colectivos a todos os niveis (a nivel municipal, galego e estatal) que operan no territorio galego.

Pero non só iso. No informe do Consello da Cultura Galega salíéntanse outras cuestións que cremos que son extremadamente preocupantes. O 88 por cento das entidades e colectivos LGBT galegos non considera que as escolas do noso país sexan espazos seguros para as persoas LGBT. O 65 por cento do alumnado de secundaria presenciou nalgún momento nas clases de educación física comportamentos homófobos e moitas destas estudantes sufrírono en primeira persoa nalgunha ocasión.

A escola non pode ser un campo de batalla para as persoas LGBT. Resulta intolerable a situación actual na que os centros de ensino son o lugar fóra das rúas onde máis agresións se cometen, onde máis frecuentemente teñen lugar as violencias LGBTfóbicas. E quero volver incidir —xa llo comentei na interpelación á señora conselleira—: se a escola non é segura para as persoas LGBT, tampouco o é para o resto.

A violencia LGBTfóbica non é un elemento illado senón que se dá nun clima de odio, de intolerancia, onde tamén teñen peso outras violencias, como a violencia machista, como o racismo, a xenofobia e toda a intolerancia e odio que se promove. Por iso, urxe unha mirada detida sobre os centros de ensino. O Foro de Disidencias Sexuais propón, nesta liña, establecer unha guía de actuación que identifique as condutas discriminatorias e LGBTfóbicas no ámbito escolar e que se explicita o modo de proceder en cada caso; unha guía que ten que recoller os protocolos de actuación, as ferramentas dispoñibles e tamén medidas para avaliar e garantir o seu cumprimento.

E non só iso. É preciso educar en igualdade, desde os niveis máis baixos ata o final da etapa educativa. Por iso, propoñemos unha vez máis o desenvolvemento dun plan galego de educación sexoafectiva de calidade, científico, dentro da ensinanza obrigatoria, que abranza o conxunto do alumnado e que se adapte a cada unha das etapas educativas, que promova a igualdade, o respecto e a adquisición de competencias sobre a sexualidade humana, sobre as relacións interpersoais, sobre a violencia machista e sobre a LGBTfobia.

E xa para rematar, resulta fundamental contar cun servizo de asesoramento en temática afectivo-sexual, un servizo asequible, de proximidade, facilmente accesible e que proporcione información rigorosa, científica e axustada á poboación coa que se trata.



Quen está a asumir este servizo de asesoramento nunha boa parte dos casos son os CIM, uns centros que son claramente insuficientes. A propia Fegamp advirte que o 26 por cento dos concellos da Galiza carecen dun CIM, concellos que son maioritariamente rurais, de difícil acceso e mal comunicados. Uns CIM que, ademais, teñen un orzamento reducido, uns recursos escasos e un persoal que claramente resulta insuficiente para enfrontar todas as tarefas que teñen por diante, ata o punto de que a práctica totalidade dos centros teñen un horario de apertura que se limita única e exclusivamente ao que se recolle na lexislación: dez horas á semana, nin máis nin menos. E nesa situación teñen que asumir tamén o asesoramento ao colectivo LGBT.

Resulta curioso —a falta doutras palabras— que non exista unha figura para prestar este mesmo servizo. Os centros Quérote foron creados no ano 2008 pola Dirección Xeral de Xuventude co obxectivo de ser puntos do asesoramento afectivo-sexual para a mocidade a través dunha rede de centros que se despregarían por todo o territorio galego para garantir a equidade no acceso.

Coa chegada do Partido Popular ao Goberno da Xunta, o que vimos foi como estes centros foron sufrindo unha política de desmantelamento, de desartellamento, a través de orzamentos reducidos, e un incremento nas súas funcións que non foi parello ao incremento de persoal. Desa rede que se deseñou para despregarse por todo o territorio, actualmente só temos un centro Quérote na Coruña, en Lugo, en Santiago, en Ourense e en Vigo, cinco en toda Galiza.

Nesta liña os centros Quérote, agora Quérote+, prestan asesoramento á mocidade en materia de autoestima, autopercepción, relacións interpersoais, adiccións e uso das redes, ademais da propia actividade sobre as relacións afectivo-sexuais. Se ben todas estas temáticas resultan importantes, o incremento nas liñas de actuación sen levar consigo un incremento nos recursos, sobre todo persoais, redonda nunha deterioración do servizo e, aínda que a priori se mantén a mesma oferta de servizos nos centros, o certo é que resulta de todo punto insuficiente, o que se suma ao descoñecemento que a mocidade ten sobre estes centros por unha deficiente promoción dos mesmos.

Por iso, solicitamos un informe no que conste a situación dos centros Quérote+, no que se detallen o persoal contratado en cada centro, a cantidade de atencións prestadas por meses e centro e as campañas que se realizan, tanto de carácter interno como colaborando con outras entidades.

A LGBTfobia non é unha cuestión persoal, é un problema social, e como tal hai que afrontalo, como unha cuestión estrutural e transversal. Estas medidas que propoñemos nesta moción de hoxe son cuestións asumibles, totalmente asumibles, se existe vontade política.

Remato xa esta primeira intervención coa mesma pregunta coa que iniciiei a interpelación a semana pasada. Hai dous anos Galiza enteira botouse ás rúas para reclamar xustiza para Samuel, conmocionada polo seu brutal asasinato. Eu preguntolles a vostedes: ¿que aprendemos nestes dous anos? ¿Imos levar algo a cabo para mellorar a sociedade que temos?

(Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Nós comezamos anunciando, ¡como non!, o noso voto a favor e agardando ademais sinceramente que teña máis sorte que as iniciativas que traemos unha vez tras outra e que traíamnos hai unhas semanas, que ese consenso, esas liñas vermellas nos mínimos que dicía a miña compañeira Noa Díaz na nosa iniciativa arredor da violencia machista vaian máis alá das boas palabras e que cheguemos a acordos e a feitos neste parlamento, algo que non conseguimos hai unha semana.

Velaí están os datos —podemos abondar neles— que constatan ese incremento dos delitos e os discursos de odio contra as persoas LGBTI na nosa Comunidade, no conxunto do Estado. Tamén quería amosar esta fotografía (*A señora Otero Lago mostra unha fotografía.*) dunha escena dunha película; non sei se tiveron oportunidade de vela; de seguro que as que teñen fillas ou fillos si que a viron; esta película, de Disney e de Pixar, Lightyear, foi motivo de polémica na súa estrea porque en países antidemocráticos, Afganistán por exemplo, foi censurada e foi prohibida por esta escena onde aparecen dúas mulleres que son parella e que teñen un fillo; esta escena remata cun bico nos beizos, algo perigosísimo, de verdade. Nós dicíamos: ¡que delirio!, menos mal que nos colle tan lonxe, menos mal, ¿verdade?

Ben, nas últimas horas, en Cantabria, aquí ao lado, unha alcaldesa do Partido Popular, de Santa Cruz de Bezana, modificou a programación do cinema de verán para eliminar esta película por esta escena. (*Aplausos.*) Menos mal —dicíamos hai uns meses— que nos colle así de lonxe. ¿Somos conscientes —eu quería preguntar—do que estamos a vivir estes días?

Eu precisamente, na iniciativa que presentabamos hai unha semana neste pleno, nesa proposición non de lei, na que pediamos á Xunta e pediamos consenso neste parlamento para cumprir nin máis nin menos que a Lei galega, de 2014, contra a discriminación de persoas LGBTI, nin máis nin menos, e que nos votaban en contra, dicíamos se eramos conscientes dese retroceso; en vinte días estabamos a vivir atrasándonos no tempo vinte anos, escoitando ataques constantemente contra as liberdades das mulleres, contra a diversidade sexual, tamén no Estado.

Unha alcaldesa que toma por si mesma esta decisión —neste caso tomou esta decisión por si mesma— goberna en coalición; os socios de goberno, de Vox, aplaudían esta decisión, pero sexa a que executa, a que toma a decisión ou a que a consente, son todos e todas, somos todos e todas igual de responsables, de cómplices cos ultras, que están atacando sen ningún tipo de miramento os dereitos das persoas LGBTI.

Onte, como ben se dicía aquí, cumpríanse dous anos do brutal asasinato de Samuel Luiz nas rúas da Coruña, unha brutal malleira en plena rúa a ollos de moita xente a berros de «maricón». ¿Que temos aprendido, que temos feito durante estes dous anos?



Pero non só durante estes dous anos. Nós levamos, dende o Grupo Socialista, durante toda esta lexislatura, presentando distintas iniciativas advertindo, non só polos datos que arroxa o propio Ministerio de Interior senón outros datos das universidades, de colectivos, de observatorios arredor de todo o Estado, do Observatorio da Coruña, sobre o aumento, sobre como ese aumento nos últimos catro anos dos delitos de odio, e televisados en moitas ocasións, institucionalizados e en moitas ocasións, estaban a dar os seus froitos en cifras de aumento directamente das agresións e da discriminación das persoas LGBTI na nosa Comunidade.

E diciamos: se non freamos os discursos de odio, que advertían tamén moitas institucións, haberá estas consecuencias. Velaí están os datos. En dous anos máis dun aumento do 170 por cento dos discursos de odio, máis dun 70 por cento se teñen constatado no ano 2022 de agresións LGBTIfóbicas. E, ademais, como se ten dito en tantas ocasións, a pesar de que o nivel de infradenuncia oscila por medo, porque hai moita xente no armario, porque moitas destas agresións se producen ben nas escolas, no traballo ou no propio fogar, o nivel de infradenuncia está entre o 80 por cento e o 90 por cento.

Nós vimos, como dicimos, advertindo, buscando eses consensos, pedindo medidas para eses efectos, que xa imos tarde, xa están aí as cifras e xa perdemos a conta das ocasións nas que tratamos neste parlamento pedir que desenvolvan a Lei, do 2014, pola igualdade de trato e non discriminación. Xa perdemos a conta das veces que con cada agresión homófoba, que coñeciamos nos medios, que se producía no Estado, homófoba, tráfóbica, na nosa comunidade, nas rúas, nos bares, nas praias, nas escolas, nas discotecas, pediamos respostas á Xunta de Galicia e un compromiso e unha valoración. Perdemos a conta das veces que —hai tan só, dicía, unha semana— pedimos que amosemos neste Parlamento galego contundencia e acordo os tres grupos para previr e perseguir eses delitos de odio, para garantir os dereitos das persoas LGTBI. E en todas esas ocasións —das que, como dicimos, temos perdida conta, pero non a forza, porque seguiremos traendo a este parlamento esas iniciativas e buscando ese consenso— vótannos que non a desenvolver o propio marco normativo que temos nesta comunidade do ano 2014. Cada vez que se trae esta reivindicación xusta, urxente, agora, baseada no respecto aos dereitos humanos democráticos da igualdade e a diversidade, vótannos que non.

Dicía a conselleira, a nova conselleira, nunha primeira intervención —acaba de aterrar, podemos enténdelo— absolutamente desafortunada, e amosando un gran descoñecemento da situación das persoas LGTBI, do activismo, do funcionamento do observatorio, do que está acontecendo nos últimos tempos, que o Partido Popular tiña votado en contra da nosa proposición para cumprir a lei, porque non quixemos chegar a acordos. Mentira; en ningún caso se tratou e se trata nunca de transaccionar, de acordar absolutamente nada. Presentan unha emenda de substitución, unha emenda á totalidade, que di todo o contrario do sentido da exposición de motivos e das propostas de resolución. Presentan un texto substituíndo o noso que di que a Xunta siga facendo o que está a facer, que é dicir nada.

E nós por aí non imos pasar, non imos lavar a cara, e nós agardamos que dunha vez por todas marquen esa liña vermella da que falaba esta mañá a miña compañeira Noa Díaz.

E mentía a nova conselleira, igual que a súa antecesora, a señora Lorenzana, que, como dicíamos o outro día, a finais do ano 2021, arredor desta situación que xa estaba asomando, a dis-



criminación no ámbito laboral, presentabamos unha pregunta a raíz dun estudo da UXT sobre a discriminación en Galicia das traballadoras e traballadores LGTBI, e que falaban de discriminación por riba dun 90 por cento, que sentían que non eran en espazos seguros, que ocultaban a súa identidade ou a súa orientación, que estaban a elaborar con urxencia o seu propio estudo, que vería a luz no primeiro trimestre do ano 2022. En xuño do ano pasado volvíaa anunciar, durante esa fotografía no seo do observatorio, que xa case estaba ese estudo laboral.

E eu insisto e volvo preguntar: ¿onde está o propio estudo da consellería? De todos os xeitos, xa ten na súa man as ferramentas ese observatorio galego, que unicamente emprega para esas fotos, menos este ano, que, como dicía, os colectivos e asociacións dixeron «non», xa está ben de tomar o pelo ou buscar unha fotografía o Día do Orgullo. Pero teñen tamén a posibilidade de desenvolver unha lei, que temos repasado capítulo por capítulo, no plano formativo, no plano da educación, no plano sanitario, no plano de servizos sociais, e que incumpren de principio a fin.

Polo tanto, nós pedimos que sexan coherentes. O Día do Orgullo, 28 de xuño, mentres en Xénova ou neste parlamento durante o debate da nosa iniciativa felicitaban o Día do Orgullo, aseguraban que nada tiñan en contra das bandeiras do arco da vella e que eran firmes defensores da igualdade, a realidade impoñíase: votaban en contra neste parlamento de desenvolver —como dicíamos— a lei galega e dar contido e recursos e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación LGTBI. E tamén o día 28 de xuño a realidade impoñíase no *Boletín Oficial do Estado*, que ese día recollía e publicaba a admisión a trámite no Tribunal Constitucional do recurso de inconstitucionalidade promovido polo Partido Popular contra a Lei trans e de garantía dos dereitos das persoas LGTBI. A realidade imponse ás boas palabras, o que votan neste parlamento imponse ás boas palabras que de seguro escoitaremos deseguido. Á realidade, tenebrosa realidade, que non se abre paso estallle vos-tesdes abrindo paso.

Así que nós agardamos que tivesen tempo de analizar ese informe do Consello da Cultura Galega, esas recomendacións que trasladan despois de dezaioito meses traballando dun xeito participativo, moi rigoroso, que tivesen tempo a ler ese informe, e que, de verdade, hoxe se poñan do lado dos demócratas. Deixemos as boas palabras, voten a favor de poñer medidas en contra dunha LGTBIfobia que é absolutamente insoportable, póñanse do lado dos que non vemos nada malo nisto (*A señora Otero Lago mostra unha fotografía.*).

Por desgraza, hai compañeiras e compañeiros do seu partido que ven unha ameaza nunha película de debuxos animados como isto, (*A señora Otero Díaz mostra unha fotografía.*) xullo de 2023, Estado español, Parlamento galego, isto nunha localidade de Cantabria.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.



Onte, tristemente, foi o segundo aniversario da morte de Samuel Luiz, e tamén dende aquí queremos dicirlle á súa familia e aos seus amigos que seguimos solidarizados con eles e poñemos todo da nosa parte para que actos como ese non se volvan repetir. (*Aplausos.*)

Debatenos hoxe a moción correspondente á interpelación que se presentou no pleno da semana pasada sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGTBI, delitos de odio e comportamentos violentos que o Grupo Parlamentario Popular condena absolutamente, como así, ademais, o amosamos o pasado ano 2022, ao propoñer unha declaración institucional ao resto da Cámara galega, aprobada por todos os grupos, de adhesión á conmemoración do Día Internacional das Persoas LGTBI e de rexeitamento aos discursos de odio cara a estas persoas. Igual que tamén o fixemos no debate do estado da Autonomía do ano 2021, na 4ª resolución, na que o Parlamento amosa o seu rexeitamento aos discursos de odio e insta todas as forzas políticas para que rexeiten calquera declaración que atente gravemente contra a dignidade humana, cuestionando os dereitos fundamentais das persoas LGTBI, que foi tamén aprobada pola unanimidade desta cámara.

Polo tanto, señora Carreira, a implicación é máxima, e a importancia que se lle está a dar a este asunto é moi elevada. Dende este Grupo Parlamentario Popular imos defender sempre e imos estar ao lado das persoas que sofren estas actitudes e comportamentos violentos, buscando o cambio, buscando a sensibilización e, no peor dos casos, o castigo dos que cometen eses delitos de odio por razón de orientación sexual.

Pensamos que todos os galegos e as galegas estamos xuntos nisto, estamos xuntos na procura da eliminación dos ataques ás persoas pertencentes ao colectivo LGTBI. E, dende este grupo, denunciaremos todos e cada un dos ataques sufridos, facendo todo o posible para que algún día deixen de producirse.

A sociedade galega é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera destes comportamentos e avanzar cada día máis para concienciarnos a todos da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de sexo, e aí sempre nos atoparán, non o dubiden.

Como saben, días atrás vimos de celebrar o Día do Orgullo, e na prensa escrita atopeime cunha noticia na que se falaba de que vivimos nun planeta demasiado hostil para os homosexuais. Un de cada catro habitantes do mundo vive en países onde as relacións entre persoas do mesmo sexo son ilegais. Esta noticia estaba ilustrada, este texto, cun mapa onde podemos ver a situación das persoas LGTBI no mundo; tremendo, incluso pena de morte. Resulta curioso ver como en países como Rusia, como China, países onde goberna o Partido Comunista, aínda que sexan ditaduras, as persoas LGTBI teñen todos os seus dereitos pisoteados, con risco de cárcere, só polo feito de ser gais ou lesbianas. Tamén vemos —que é unha boa noticia— que en países de América do Sur se avanzou moito, pero aínda, segundo din os observatorios internacionais, en países como Venezuela, Bolivia ou México aínda estas persoas están moi estigmatizadas.

Estes partidos, que son tan progresistas, que sempre están na oposición loitando a favor dos dereitos LGTBI, parece que se olvidan un pouquiño deles cando gobernan. Non se esquecen moito destas persoas. E nós, señorías, que vivimos nun país onde se respectan estes dereitos,



e por sorte en todos os países da nosa contorna, países da Comunidade Europea, aínda que dicimos sempre que estamos avanzando, queda moito por facer, moito, porque en poucos anos avanzouse moi rápido.

Señorías, volvémoslo dicir alto e claro para que a vostedes non lles quede ningunha dúbida: o Partido Popular vai combater todas as expresións de violencia que se dean na sociedade, todas. Nós non aceptamos ningunha delas, porque son síntomas de falta de tolerancia e de falta de respecto. E nós cremos nun país onde todas as persoas poidan construír un proxecto de vida en liberdade, de acordo cos seus valores e coa súa expresión. Combateremos a violencia que teña por obxecto o desprezo da realidade LGTBI.

E por suposto que somos conscientes dos datos, das cifras e da realidade, e nós si queremos cambiala. E mostra diso — dicíalle a conselleira na interpelación da semana pasada — é que se leva anos traballando coas entidades para erradicar todas as manifestacións de odio. O Goberno galego leva anos tratando de acadar unha discriminación cero e unha tolerancia total con políticas transversais. E déronse moitos pasos para garantir os dereitos das persoas LGTBI: actuacións no ámbito sanitario, xudicial, educativo, Administración pública, no ámbito social, laboral, que lles describiu a conselleira na pasada interpelación e, polo tanto, non vou repetir.

En relación co punto primeiro da moción, que pide realizar un informe da situación dos centros Quérote+, estamos de acordo nese punto. E respecto do segundo, de elaborar un plan de formación completo de todos os profesionais que interveñen no proceso de detección, denuncia, acompañamento, restauración, dunha persoa que sofre violencia LGTBIfóbica, así como plans de formación en materia LGBT, tamén estamos de acordo.

Gustaríanos, non obstante, destacar aquí algo importante: é que a Academia Galega de Seguridade Pública está levando a cabo unha importante actividade de formación para todos os policías co obxecto de velar por unha mellor seguridade das persoas ao colectivo LGTBIQ+, formación que ten carácter obrigatorio nos cursos de ingreso, de promoción interna e de controlador de accesos.

Vostede, señora Carreira, dicía que faltaba formación. Todo se pode mellorar, pero no que vai de ano 2023 celebráronse as seguintes formacións: xornadas sobre diversidade afectivo-sexual, profundando no coñecemento do colectivo LGTBIQ+ e os delitos de odio; presentación do protocolo sobre o tratamento das forzas e corpos de seguridade con relación á orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI; cinco cursos dirixidos ao persoal de Policía Local; un curso dirixido a persoal da Garda Civil. Dende o ano 2011 incrementáronse tanto o número de cursos, que pasaron de 4 a 206, como o número de alumnos, pasando de 91 a 599; e, nos tres últimos anos, do 2018 ao 2021, 3.086 alumnos pasaron por estes cursos.

Pero, ademais, gustaríanos resaltar a petición desta Academia Galega de Seguridade Pública de crear na Universidade de Santiago de Compostela un grupo de traballo interdisciplinar *ad hoc*, que elaborou en 2022 o protocolo de liberdade de xénero, un protocolo que rexerá para calquera actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado con relación á orientación sexual e identidade de xénero.



Respecto do punto terceiro, de deseñar un plan galego para a prevención e acompañamento das persoas que sofren violencias LGTBifóbicas, estamos de acordo tamén, co matiz de que está pendente de asinar un convenio entre a Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade e o Ministerio de Igualdade para poñer en marcha o servizo 028, teléfono Arco da Vella, a liña de apoio contra a LGTBifobia, este servizo que será prestado pola Xunta de Galicia e, de maneira subsidiaria, polo Estado, da mesma maneira que funciona o 061.

E respecto dos puntos 4 e 5, desenvolver un plan galego de actuación, presentar unha guía de actuación que identifique condutas LGTBifóbicas, en Galicia os centros educativos contan cun plan de igualdade; moi importante, señora Carreira, educar en igualdade. E recóllense nestes plans medidas para sensibilizar, previr e intervir fronte á violencia de xénero e a LGTBifobia.

Os profesores tamén contan con ofertas formativas e tomáronse medidas organizativas no ámbito curricular. É un traballo continuo. Por iso, ao amparo desta Estratexia galega da convivencia 2025, farase un plan de coeducación con perspectiva de xénero, para identificar como afectan as situacións de violencia en función de sexo. Tamén se está ultimando a Estratexia galega de inclusión educativa, onde se reforzará a oferta formativa do profesorado e a orientación vocacional desde idades temperás.

Dispón esta estratexia de seis medidas. Dúas son as que piden vostedes na iniciativa: a 1.2.2, fomento de actuacións para a incorporación da educación afectivo-sexual á prevención das violencias de xénero como contido curricular en todas as etapas educativas, e a 1.2.3, creación dun grupo de traballo para elaborar materiais e orientacións para a abordaxe integral da educación sexual e a prevención e erradicación de todas as manifestacións de violencia sexual nas distintas etapas educativas.

Polo tanto, como lle acabamos de relatar, nós, nesa política de man tendida en temas tan importantes para todos, propoñémolles unha pequena transacción para eses puntos 4 e 5 de impulsar esa estratexia galega que contempla os puntos que vostedes piden na iniciativa. E, dende o Grupo Popular, gustaríanos e parécenos moi importante chegar a un acordo unánime neste parlamento neste tema, porque a violencia sobre as persoas LGTBI segue estando presente, e para acabar con ela necesitamos enfrontala todos xuntos.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vispo.

Grupo autor da moción, señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Eu creo que temos un problema grave, moi grave en Galiza. Primeiro, pola autocompracencia, por crer que xa se está traballando suficiente arreo, que hai moito por avanzar, pero que ben, que o que se está facendo é importante. Segundo, porque a conselleira rematou a súa intervención neste parlamento o mércores pasado dicindo que a LGTBfobia non ten que ver cos gobernos, senón con persoas intolerantes.



A LGTBfobia non é un problema de persoas intolerantes. Ás mulleres non nos asasinan homes desalmados, homes enfermos, homes que están desequilibrados. Temos un problema como sociedade, un problema que é profundo, transversal e que vai moito máis alá dunha persoa illada, de que a alguén nunha noite de copas se lle foi a pinza e lle deu tal malleira a un rapaz, ao berro de «maricón», que acabou coa súa vida.

Estamos vendo como, día tras día, os discursos de odio medran, se reproducen e cada vez ocupaban máis tempo nas redes sociais, nos medios de comunicación e, incluso, en boca de representantes públicos. Discursos de odio que un sector bastante importante está deixando de combater, para comezar a tolerar, a arroupar, a alentar e a reproducir. Os discursos de odio non son unha cuestión menor, e non valen medias tintas con isto. Temos un problema grave, estrutural e transversal.

Comentaba a miña compañeira Olalla Rodil na moción que se debateu pola mañá as cifras de negacionismo que se daban entre a mocidade a respecto da violencia machista. Esta só é a outra cara da mesma moeda. Ou tomamos isto en serio ou, cando nos queiramos decatar, vai ser tarde.

Señora Rodríguez-Vispo, varias cuestións a respecto da súa intervención. Primeiro, mencionar que vostede fixo un retrato da situación internacional, preocupante, abofé; esqueceulle mencionar tamén o que está a pasar en países máis próximos: en Hungría, en Polonia, en Italia, o que está a pasar en réximes máis afíns, (*Aplausos.*) en Marrocos, nos Emiratos Árabes, que contan con persoeiros que agora fixaron alí a súa residencia, en Catar. O que pasou en países ao outro lado do Atlántico, por exemplo no Brasil, mentres que Bolsonaro estivo á fronte deste país. Agora ben, tamén é certo que que haxa países cunha situación peor que a nosa non pode facernos esquecer o que está pasando nas nosas rúas neste país a día de hoxe.

Falaba vostede de que estaba habendo formación. Si. ¿Esa formación é suficiente? Non, claramente non o é.

Falaba tamén de que desde o Partido Popular se ía defender sempre todas estas persoas, este conglomerado de siglas. Pero a día de hoxe o Partido Popular ten interposto un recurso ante o Tribunal Constitucional desde o momento en que se ampliou un marco normativo que velase polos dereitos deste mesmo colectivo, deste mesmo conglomerado de siglas.

Cando falamos dos dereitos do colectivo LGBT, non falamos de algo abstracto, falamos de dereitos humanos; falamos do meu dereito a poder saír á rúa sen que se me insulte; falamos do dereito de todas as persoas a non ter pintadas na súa casa por mor de quen é, de con quen se deita ou de con quen se levanta; falamos, señora Rodríguez-Vispo, de que é preciso que estas boas palabras se trasladen moito máis alá diso, dun desexo, e que se fale en serio de garantir a seguridade e o benestar das persoas LGBT.

Centrándonos nunha cuestión importante que traemos nesta iniciativa, vostede propuña unha emenda *in voce* a respecto dos últimos puntos, falando de que nos centros educativos no noso país existe xa un plan de igualdade, que se está a elaborar esa estratexia de convivencia.



As escolas a día de hoxe non son espazos seguros para as persoas LGBT. Isto é algo que ten que facer prender todas as alarmas. Que tres cuartas partes do alumnado a día de hoxe —alumnado de secundaria— presenciara algún tipo de agresión homófoba nas aulas de educación física é tremendo; falamos do 65 por cento por cento do alumnado. Parte deles sufríronas en primeira persoa, nas súas carnes. Isto é abrumador.

Cando un espazo non é seguro para as persoas LGBT, ¿por que vai ser seguro, por exemplo, para as mulleres ou para as persoas racializadas? ¿Acaso unha persoa que me despreza pola miña orientación sexual vaime respectar máis por ser muller? Cando estamos falando de que as escolas non son espazos seguros para as persoas LGBT, que temos un problema grave como sociedade e que llelos estamos trasladando ás persoas máis desprotexidas, e que están, precisamente, aprendendo a convivir dentro da sociedade.

As medidas que hoxe traemos nesta moción son medidas que son perfectamente asumibles, que son medidas de mínimos, pero o que requiren é de vontade política.

Varios destes puntos son, de feito, recomendacións directas feitas polo Foro de Disidencias Sexuais, que foron recollidas tal cal se presentaron no informe e trasladadas a esta moción. Informe que se fixo precisamente para facer recomendacións para gobernos de diferentes eidos para mellorar a calidade das persoas LGBT. Non son contos da chistera que saquemos agora porque nos apetece.

As persoas LGTB merecemos dereitos humanos, e este goberno, sobre todo, o que ten que facer é un pouco de autocritica. Contamos cun marco lexislativo cativísimo, cunha única lei, trinta e tres artigos, dos que a maior parte están sen cumprir a día de hoxe. Está sen cumprir incluso a disposición que di que hai que enviar un informe cada tres anos. O último informe que se enviou foi no 2017, está sen recibir o do 2020 e o de 2023; algo tan básico que non se está nin sequera a cumprir nese sentido. Moito menos medidas reais que traballen pola non discriminación e pola igualdade de trato.

Os cinco puntos que ten esta moción son medidas básicas que só requiren da vontade política, e sería triste ver que hai esa falta de vontade.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Rematado o debate das mocións, procedemos á votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Noa Díaz Varela.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular na que se acepta o primeiro punto como engádegas, o segundo punto non se acepta e o terceiro punto si. ¿Esa transacción é así, señora



Prado?, ¿é así? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? ¡Ah!, non hai transacción; vale, vale, perfecto.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre a loita contra a violencia machista.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Votamos.

(A señora Amigo Díaz pide a palabra.)

¿Perdón? Déanlle voz ao escano da señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Pedimos a votación por puntos, separando o punto número 2 e o número 4.

O señor PRESIDENTE: 2 e 4. ¿Acéptao, señora Prado? (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) Non acepta. Entón, votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a planificación da atención sanitaria na época estival.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Iria Carreira.

Hai unha proposta que... (*A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez pide a palabra.*) ¿Si, señora Rodríguez-Vispo? Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Queríamos pedir a votación por puntos, separando os puntos 1, 2 e 3 nun bloque e noutro bloque o 4 e o 5.



O señor PRESIDENTE: *¿Acepta vostede, señora Carreira? (A señora Carreira Pazos pronuncia palabras que non se perciben.) Si. Grazas.*

Ben, pois entón votamos, en primeiro lugar, os puntos 1, 2 e 3.

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galicia, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos da moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os puntos 4 e 5.

Votación dos puntos 4 e 5 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galicia, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos, sobre as políticas para afrontar os delitos de odio e a fobia ao colectivo LGBT.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das mocións.

Continuamos co punto 4^o da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a recuperación das rías galegas e do marisqueo

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Volvemos hoxe traer aquí a debate un tema que xa trouxemos en numerosas ocasións, e fácelo porque non renunciamos a poñer enriba da mesa todas cantas veces faga falta un asunto que consideramos prioritario para o país económica, social e culturalmente, que ocupa e preocupa miles de persoas e afecta tamén miles de familias, que o sector pesqueiro e marisqueiro denuncia cada vez con máis claridade, e que nós consideramos que a Conse-



llería do Mar e o conxunto do Goberno galego —porque este tema atinxe tamén a outras consellerías— non o están a tratar nin con rigor e moitísimo menos cos medios humanos, económicos e tecnolóxicos que cómpren diante dunha situación que xa é pronunciada no tempo e que neste momento é unha urxencia atender.

Falamos do estado das rías galegas, un estado que a consellería non quere ver e que segue a enmascarar ata límites que xa parecen unha burla, non recoñecendo —para empezar— os datos oficiais que a propia Xunta proporciona cada ano a respecto da perda de produtividade das rías; non escoitando os traballadores e traballadoras do mar; actuando coa desidia e coa inercia de sempre, como se non pasase nada; e acusando os grupos parlamentarios, nomeadamente o BNG, no mellor dos casos de non saber interpretar os datos e, no peor dos casos, de manipularlos.

Falabamos pola mañá, aquí neste hemiciclo, da Lei do litoral. Falabamos da necesidade de gobernar —de gobernar dende aquí e non dende Madrid— o noso mar. Falabamos de competencias. No entanto, no momento en que a Xunta de Galicia ten xa competencias propias, como no marisqueo e nas augas interiores, limítase a deixar agonizar un sector que cada ano desángrase en postos de traballo e que pesa cada vez menos na economía galega.

E mentres pasa todo isto cos sectores produtivos que manteñen unha auténtica rede de riqueza, de actividade social e económica nos pobos costeiros, o Goberno galego abre as portas de par en par, como hoxe mesmo outra vez na propia Lei do litoral, a actividades, sectores e industrias que prexudican gravemente as actividades tradicionais, que prexudican e destrúen os ecosistemas mariños e que ocupan cada vez máis espazo, expulsando o sector pesqueiro e marisqueiro. Nos últimos anos, falo dos últimos, nada máis e nada menos que catorce anos, que xa dan, se existise vontade e decisión política, non só para recuperar un sector como o pesqueiro e marisqueiro senón tamén para potencialo, nos últimos catorce anos —digo—, a Xunta de Galiza limitouse a aprobar unha serie de normativas que van claramente en contra do sector e do medre da produción pesqueira e marisqueira, máis alá de que a asignatura do saneamento das rías, co que conleva de investimentos e actuacións en todos e cada un dos concellos costeiros e non costeiros, segue pendente.

As actuacións políticas encetadas na Lei de fomento de iniciativas empresariais ou na Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galiza, ou a propia Lei do litoral, que incrivelmente non recoñecía —ata que o emendou o BNG— como estratéxico o sector do mar, pero si pon a alfombra vermella á eólica mariña, van todas esas leis na mesma dirección: recortar dereitos ambientais e incentivar, promover e axilizar actividades empresariais —véxase Altri, mina de San Fins, mina de Touro, etc.— que van en claro detrimento de actividades verdadeiramente sostíbeis, como a pesca e o marisqueo.

E esta é a política, esta é a decisión dun goberno do Partido Popular que cando menos ten dúas caras: a cara da propaganda abafante, que insiste en estar ao lado —como din eles— do noso mar —aínda o escoitamos hoxe pola mañá outra vez—, e a cara terríbel de afundir cada vez máis ese noso mar que din defender e venderllo ao mellor postor, e por riba, e por riba, acusando os demais de enganar e de manipular.



E foi, efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego quen incitou, quen promoveu a pesca en Galiza, para que, por exemplo, falase de que en xaneiro deste ano vendéronse en lonxa 263 toneladas de ameixa e berberecho en Galiza, e que se poden comparar eses datos coas 243 toneladas que se vendían cinco anos antes, en 2017.

Tamén foi o Bloque Nacionalista Galego quen asesorou o Instituto Galego de Estatística, que di nos seus datos oficiais, por exemplo, que entre 2011 e 2021 o volume de produción de ameixa e berberecho se reduciu en 2.700 toneladas.

Tamén foi o Bloque Nacionalista Galego quen está encirrando tamén o Instituto Galego de Estatística para que no mes de marzo, moi recentemente, sacase a análise do sector da pesca —tal cal así se chama o informe—, que recolle, textualmente, que o número de postos de traballo do subsector da pesca e acuicultura pasou de 33.481 no ano 2000 a 19.414 en 2020; é dicir, un 43 por cento, un 43 por cento, moi preto da metade, en vinte anos. Ou que recolle tamén, textualmente, este informe do IGE, que dende o ano 2005 ata o ano 2020 o número de buques pesqueiros con porto base en Galiza se reduciu nun 20 por cento, pasando de 5.391 en 2005 a 4.318 en 2020; unha redución, que non estamos falando de barcos de altura, nin de gran altura, non, non, unha redución que afectou en particular as embarcacións de artes menores, que en 2020 —en 2020, hai dous días— tiñan 847 buques inscritos menos que no ano 2005. Ou, por exemplo, tal e como recolle o informe do IGE —volvo ler textual—, que «o número de permisos de marisqueo a pé tamén se reduce de forma notable.» En 2020 eran 3.724 permex, fronte aos 5.124 do ano 2005; hoxe son aínda menos, 3.614, que supoñen 110 menos que hai dous anos.

E tamén foi o Bloque Nacionalista Galego quen empurrou o Ministerio de Facenda, a Axencia Tributaria, para que diga que Francia exportou ao Estado español 2,4 toneladas de ameixa e berberecho en 2019 e 3,8 en 2021, e máis de sete toneladas, máis de sete toneladas, no ano 2022.

O Bloque Nacionalista Galego tamén foi quen lle dixo á Axencia Tributaria que Portugal medrou de 5,4 toneladas en 2019 de exportación ao Estado español de ameixa e berberecho a 6,5 toneladas en 2021, ao que hai que engadir, por certo, que estes produtos foráneos se venden como galegos en moitos casos, sen que pase absolutamente nada e sen que o Goberno galego, a Consellería do Mar e a Xunta de Galiza digan nin mu.

E, por último, tamén foi o Bloque Nacionalista Galego os que esta mesma semana, esta mesma semana, aparecíamos ao lado do señor Agustín Hernández dando os datos do informe da economía de Galiza a respecto do ano 2022, onde se recolle que nese ano, só nun ano, se perden 1.100 persoas ocupadas no sector pesqueiro e marisqueiro a respecto do ano anterior.

En fin, nada de todo isto que acabo de dicir, datos oficiais, encirrados, evidentemente, polo Bloque Nacionalista Galego, datos de distintas institucións, unhas do propio Goberno galego e outras de organismos tamén oficiais, nada disto afecta a Consellería do Mar, que aínda hai menos de quince días, menos de quince días, veu á Comisión 8ª a repetir o de sempre, o cansino e acrítico mantra de sempre: non hai, taxativamente, perda de produtividade nas rías galegas. E leo textualmente —señora directora xeral de Desenvolvemento



Pesqueiro—: «Só hai factores alleos á actividade: pandemia, choivas, baixa salinidade e biotoxinas.» Isto é o que causa a incríbel e brutal baixa de produtividade nas rías galegas. Así, con isto, despachou o tema a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Señorías —xa para rematar—, a perda de produtividade e, polo tanto, a perda de postos de traballo e a perda tamén de millóns de euros de ingresos económicos para miles de persoas neste país é un feito que a Xunta de Galiza xa non pode agachar. E a demanda de solucións e de medidas para que se deteña esta sangría é un clamor, non de onte nin de antonte, dende hai bastantes anos.

Por iso, o Bloque Nacionalista Galego, de novo, de novo, e traerémolo aquí as veces que faga falta mentres siga existindo o problema, por iso, de novo, traemos aquí propostas serias, propostas pegadas á realidade que se está a vivir nas rías, unha realidade que é unha evidencia para todo o mundo agás para o Goberno galego. E é unha realidade que hai que empesar, primeiro, por recoñecer, e, segundo, por actuar para atallala.

E nesta proposición non de lei falamos de dúas cuestións que entendemos que son absolutamente básicas para empezar a encauzar o problema.

Primeiro, instar o Goberno galego a que presente nun prazo de seis meses un plan para o saneamento —falamos do plan—, a rexeneración e a recuperación integral das rías galegas. Un plan, evidentemente, onde se establezan medidas, onde se establezan prazos e onde se establezan recursos económicos para que poida comezar a revertirse esta situación absolutamente terríbel nun prazo de tres anos.

E o segundo punto o que propón a proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego é elaborar tamén un plan estratéxico de estudo e recuperación do marisqueo, que, como todo o mundo sabe, está absolutamente tocado, non afundido, pero moi tocado; un plan —digo— en colaboración sempre, en primeiro lugar, co sector; en segundo lugar, cos centros de investigación que temos no país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, presidente— e coas universidades galegas. E este plan, cando menos, ten que enfrontar a mortalidade do marisco, a falta de subministración de semente, a escaseza de capturas e o peche de bancos de libre marisqueo.

De momento, máis nada, moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez Fernández.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.



Boa tarde a todas e todos de novo.

Supón este debate sobre a produción marisqueira nas rías galegas un dos elementos —e mire que un ao final acaba pasando debates por este parlamento—, un dos debates máis sorprendentes que eu vivo e atendo nesta cámara, porque podemos debater sobre posicións políticas, sobre perspectivas de xestión ou de modelos ideolóxicos, ideoloxía non, pero modelos ideolóxicos sobre como se enfrontan as cuestións.

Pero a realidade é que, neste caso, hai evidencias enriba da mesa, e que logo a partir delas poderíamos debater. Nin sequera todos os problemas que se poden traballar sobre a evidente perda de produción no sector marisqueiro teñen que ver exclusivamente coa xestión do Goberno; evidentemente, dende o noso punto de vista hai algunhas que teñen que ver fundamentalmente coa parálise e co certo negacionismo do problema. Pero o que é imposible debater son os feitos, isto parece natural. Non obstante, supón este debate algo asombroso.

Non estamos debatendo nin sequera sobre os feitos porque os vexamos de maneira distinta, senón que estamos debatendo dende hai moitísimo tempo contra un goberno que se nega a recoñecer que son certos os datos que o propio Goberno emite, porque é algo sorprendente. Non hai dato que emita este goberno que non diga que hai unha perda de produción marisqueira en Galicia. Non obstante, o Goberno chega ao Parlamento e di que non pasa nada, que está todo ben, que somos uns alarmistas, e nós utilizamos unicamente datos oficiais, que emite o propio Goberno galego.

E, por tanto, é sorprendente este debate, porque non estamos, nin sequera, en plantexar cales son as mellores solucións. Estamos diante dun goberno que nega sistematicamente un problema, pero non é un problema ademais deste ano. Permítanme recuperar os que convivimos —porque, ao final, nas comisións neste parlamento en certa maneira convívese tamén— na Comisión 8ª —sei que isto lles vai supoñer un pouco do aburrimiento— co conxunto do pleno algunhas afirmacións, titulares de medios de comunicación, que van alá practicamente case dez anos, sobre as épocas de libre marisqueo.

En 2016: «Nos lombos do Ulla cundiu onte o desánimo». En 2017: «Patróns maiores urxen a Xunta a culminar a rexeneración dos lombos do Ulla.» 2018: «Frustración e desánimo nun inicio do libre marisqueo en Arousa peor do esperado». Pódolles facer numerosos titulares como este. Imos obviar 2020, que evidentemente hai un problema notorio en 2020 que non ten que ver nin coa xestión da Xunta nin con nada máis que cunha pandemia, a pesar de que se utilizou como argumento nalgún momento que en 2020 estabamos mellor, porque en 2020 o marisqueo ía mal; ben, a pandemia e tal, como detalle, pero en fin.

2022, a campaña arrincou sen grandes esperanzas, é o mesmo de sempre, ou aínda peor —di un patrón maior—, o libre marisqueo xa non convence a case ninguén. Estes son titulares dos últimos anos, dende 2016 para adiante, sobre as campañas de libre marisqueo en Galicia.

Explicou a directora xeral algunhas a preguntas do Partido Socialista nalgún momento atrás, meses atrás, que esas noticias tenden a ser malas ao principio da campaña de libre marisqueo; ao final, seguen sendo as mesmas, pero debe ser que só miran ao principio as noticias.



Eu hai un home de mar que coñezo que me trasladou unha vez unha frase demoledora, que é: o mar está enfermo; e trasládao así: o mar está enfermo, o mar está mal, e temos unha perda clara. Pero vaíamos a dar máis datos, se é posible.

A señora Pérez mencionaba o informe do CES. O CES, que preside un exconselleiro do Partido Popular —non é un organismo chino-ruso-cubano-venezolano-bolivariano—, Agustín Hernández, di que do ano pasado a este perdemos máis de mil empregos no sector do mar e acuícola, máis de mil empregos nun ano.

Nos permex, os permisos de explotación marisqueira de Galicia, en 2010 estabamos ao redor dos 6.500; dende hai anos que nós vimos a este parlamento trasladando que a perda é continuada; cada ano temos que actualizar o dato e cada ano é peor. Estabamos en 6.800, e a señora Quintana —que agora é exconselleira do Mar e candidata por unha provincia do interior— prometeu naquel momento que Galicia superaría os 8.000; estabamos en 6.500; hoxe apenas chegamos a 3.600, e cada ano temos menos permisos de explotación marisqueira. ¿Por que hai menos permisos? Porque hai menos produción marisqueira; é unha evidencia: menos produción, menos permisos.

Pero non só iso, senón que é a realidade, que os profesionais nos din e transmiten, que é que temos menos capacidade e extraemos menos. Fronte a iso, a semana pasada compareceu a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro na comisión —compareceu non, veu responder a unhas preguntas do Partido Socialista— e explicou: fronte a todo iso, a produción marisqueira aumenta un 6 por cento en 2022, *(O señor Torrado Quintela mostra un documento.)* 6 por cento, afirmou, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, aumenta en 6 por cento, a semana pasada, están os vídeos da comisión, e os que estamos na comisión escoitamos. Ao día seguinte —pódolles prometer que non tivemos nada que ver, podía parecer preparado, non tivemos nada que ver, oxalá, tamén llelo digo, oxalá, pero non tivemos nada que ver—, *(O señor Torrado Quintela mostra unha fotografía.)* non van ver a foto, pero son un montón de colectivos do mar, fundamentalmente da ría de Arousa, a ría máis produtiva de Galicia, que se reúnen para emitir un comunicado no que afirman que no último ano, só no último ano, onde a directora xeral di que aumentamos un 6 por cento, perdeuse de vender en lonxa ao redor de 25 millóns de euros. ¿Saben de onde sacan o dato? Do portal oficial da Consellería do Mar, que é o único dato oficial que se pode conseguir. 25 millóns de euros.

¿Como é posible que a directora xeral diga un día que sobe o 6 por cento da produción e os colectivos do mar, que viven do mar, que extraen o produto e que o venden en lonxa, digan que perden 25 millóns de euros, baseándose en datos da consellería? ¿Como pode ser que o Goberno argumente que sobe un 6 por cento cando os seus propios datos din que perdemos 25 millóns de euros nun ano?, ¿como é posible?

E vostedes dirán: non, esa xuntanza serán de militantes do Partido Socialista e do BNG, que os xuntaron alí pagando bocadillos. Miren: Acuimega, Adega, Agrupación de Marisqueo a Flote de Carril, Agrupación de Marisqueo a Pé de Carril, Agrupación de Marisqueo a Pé de Noia, Asociación de Produtores de Mexillón Amevila, Produtores de Mexillón San Saturnino, Produtores de Mexillón Vila do Mar, Asociación de Produtores de Mexillón de Vilaxoán, Asociación de Produtores de Mexillón Virxe do Carme de Abanqueiro, Asmecruz, Asociación Me-



xilloeira do Barbanza, Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra, Aspromeri, Confraría da Pobra do Caramiñal, Confraría de Cabo de Cruz, Confraría de Cambados, Confraría da Illa de Arousa, Confraría do Grove, Confraría de Rianxo, Confraría de Vilanova de Arousa, Confraría de Vilaxoán, Colectivo Ecoloxista do Salnés, Ecoloxistas en Acción, Federación Arousa Norte, Federación Rural Galega, Fundación Monte-Escola, Mulleres Salgadas, Opmega, Op-megal, Plademar de Muros-Noia, Plataforma en Defensa da Ría de Arousa. Todos estes colectivos, todos estes, asinaron un manifesto no que fan un chamamento desesperado á consellería. Por favor, deixen de negar a realidade. Con datos oficiais. E vostedes seguirán pensando: pero isto non pode estar pasando, non pode ser que os datos digan iso.

Voulles ofrecer datos da propia consellería; non se olviden de que lles estou dando datos oficiais, que emite a propia consellería. Para evitar coller 2020, ano de pandemia, ou 2021, afectado pola pandemia, eu voulles dar os datos de 2022, os últimos datos enteiros que temos, e os primeiros enteiros antes da pandemia. Podería escoller mellores comparacións se collo os últimos catorce anos, máis favorecedores, para dicir que todo vai mal, pero é que nós o que queremos é que mellore. Voulles coller eses, porque son o último dato que temos, os dous últimos datos —digamos— que temos enteiros, sen pandemia de por medio, 2019-2022.

Vounos coller —digamos— nos emblemas da produción marisqueira. Berberecho, en quilos, en azul, o 2019, en gris o 2022, perdemos en quilos. (*O señor Torrado Quintela mostra uns gráficos.*) No da dereita en diñeiro, en produción, en cartos, para a xente que traballa: perdemos. En ameixa xapónica, repítese exactamente o mesmo gráfico, repítese exactamente: perdemos quilos, perdemos produción económica. En ameixa babosa, perdemos unha pila de quilos e, polo tanto, quedamos na metade na produción económica. En ameixa fina, da que menos hai, perdemos menos, pero como é da que menos hai, o dano tamén é suficiente, pero perdemos: perdemos en quilos, perdemos en produción económica. Datos oficiais do portal da Consellería do Mar.

E a pregunta sobre todo isto, máis alá de apoiar esta iniciativa, que apoiaremos, como o BNG apoia as nosas cando pretendemos defender que hai un problema, e porque pide datos, porque o que está pedindo son informes, plans e datos, é: ¿como é posible que exista un goberno incapaz de asumir que os seus propios datos están ben? Porque esta é a realidade. Os seus datos indican que temos un problema, pero non é do ano pasado, nin de hai tres nin de hai cinco. Temos un problema da última década, probablemente dos últimos quince anos, dos últimos vinte anos, en que perdemos produción marisqueira. A xente que vive do mar cada vez vive peor ou é menos xente vivindo da produción marisqueira. Son datos constantes, reais, indiscutibles. E, a pesar diso, este goberno segue saíndo aquí a dicir que todo vai ben, pero non é capaz de sostelo con ningún dato propio, porque os seus datos propios din que as cousas van mal.

Por tanto, ¿a onde están dispostos a chegar con tal de non asumir algo que nin sequera, nin sequera, é necesario que asuman que é unha crítica feroz e horrible contra as súas políticas? Nós cremos que vostedes tardan en actuar; claro, se o negan, claro que tardan. Pero é posible que incluso existan cuestións que necesitamos reformular entre todos, entre todas as administracións, concellos, Goberno do Estado, pero non é posible se vostedes asumen que os seus propios datos son mentira e fan como que non existen.



Asuman a realidade e a partir diso construíamos, porque, se non, seguirá sendo o debate máis estraño que podemos ter neste mundo. Todos os datos que lles ofrecín, todos, son datos oficiais ofrecidos pola Consellería do Mar, todos. E ningún vai ben, porque o mal está aí, e o mar está enfermo.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Suárez Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Volvemos falar nesta cámara dun asunto tan importante como son as rías galegas e o marisqueo. É tan importante para Galicia, para a súa economía, xa que o complexo mar-industria aporta preto do 5 por cento do noso PIB. Vou tentar ir desgranando todos os asuntos dos que vostedes falan na súa iniciativa para demostrar, con datos, que a situación das rías galegas e do marisqueo non é catastrófica, como vostedes queren pintar, senón máis ben todo o contrario.

En canto aos datos do sector, en 2019, a produción do sector do mar acadou os 5.500 millóns de euros, un 50 por cento máis que o ano 2021, mostra evidente do avance do sector. Sumando as importacións, a actividade do sector ronda os 9 millóns de euros, a maior cifra da historia.

En canto a cotas de pesca, dende o ano 2009 ata o ano 2022, as cotas globais para España das augas do Cantábrico noroeste, Gran Sol e Francia medraron case un 50 por cento, o que supuxo un aumento de 70.000 toneladas. Tendo en conta que Galicia ten o 70 por cento das cotas de España, iso quere dicir que agora temos arredor de 50.000 toneladas máis que en 2019. Aplicando o prezo medio do peixe e marisco fresco en Galicia durante o ano 2021, que eran 3,20 euros/quilo, daría unha ganancia de valor ao redor dos 160 millóns de euros.

En canto ás descargas en lonxa, no ano 2022 comercializáronse máis de 134.000 toneladas de produtos do mar, por un valor próximo aos 438 millóns de euros. Estes datos supoñen unha subida de arredor do 1,1 por cento das cantidades comercializadas respecto ao ano 2021 e un incremento de preto dun 3 por cento nos ingresos obtidos por estas vendas.

En termos de prezos, o ano 2022 foi o mellor ano da serie histórica, cun valor medio por kilo de 3,26 euros. O arranque do ano 2023 está a ser positivo nos datos de descarga e de facturación en primeira venda das nosas galegas. Os rexistros da Plataforma Tecnolóxica da Pesca certifican, por unha banda, un incremento nas capturas de ata preto de 25,7 millóns de quilos no primeiro trimestre, e, por outra banda, un avance da facturación de xaneiro a



marzo ata superar os 96,4 millóns de euros, preto de 4 millóns de euros máis que o ano pasado, o maior valor dos últimos catro exercicios. Esta evolución produciuse na práctica totalidade dos grupos de especies e supón continuar, e mesmo acelerar, a tendencia ascendente rexistrada o pasado exercicio.

En canto á situación da frota, o descenso das frotas pesqueiras e do número de embarcacións é unha tendencia a nivel mundial. Ao peche en 2021, Galicia contaba 4.260 buques; en todo caso, aínda que estamos a vivir, neste momento, un proceso de regularización da frota, estanse perdendo menos buques que co Bipartito.

Mire, no período 2005-2009 perdéronse 538 embarcacións, 134 embarcacións ao ano. E no período 2009-2022, do Goberno do Partido Popular, pérdense 593 embarcacións, 49 embarcacións ao ano.

En canto ás exportacións, a fortaleza do sector do mar de Galicia manifestouse, a peche de 2022, cun récord exportador que superou os 2.700 millóns de euros. Con este nivel de facturación no exterior, superouse nun 12 por cento o de 2021, que dan 2.400 millóns de euros. E a media dos últimos seis anos queda próxima aos 2.300 millóns de euros.

O sector leva tempo traballando con vistas ao exterior, co apoio da Xunta de Galicia, para recuperar fóra o que pode perder no mercado interno, onde a pesca e a conserva foron, xunto coa agrogandería, os grandes damnificados do Goberno de Pedro Sánchez, que se pechou en banda e privou as actividades primarias da ansiada rebaixa do IVE, a pesar da insistencia do Partido Popular, a través do noso presidente nacional e candidato á presidencia do Goberno, Alberto Núñez Feijóo.

En todo caso, dende aquí queremos tranquilizar o sector e a poboación en xeral, porque isto vai cambiar a partir do 23 de xullo, cando Alberto Núñez Feijóo sexa presidente do Goberno de España. (*Aplausos.*)

En canto ao orzamento de 2023, a nivel xeral o orzamento global da Consellería do Mar para este ano 2023 acada os 212 millóns de euros, o que supón unha suba de máis dun 9,2 por cento en relación con 2022. O incremento acumulado dende 2016, cando totalizaba 129 millóns de euros, é do 65 por cento en sete anos. O orzamento da Consellería do Mar para 2023 medra por riba do incremento do 8 por cento dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia.

En canto á rexeneración dos bancos marisqueiros, a Consellería do Mar leva traballando intensamente dende 2009 na rexeneración dos bancos marisqueiros e apoiando actuacións como a compra de semente para aqueles nos que se detectou perda de produtividade, sempre da man do sector e co obxectivo de favorecer tanto a situación do recurso como a mellora dos ingresos das e dos profesionais do mar.

De feito, nos últimos catorce anos aprobáronse preto de 350 proxectos de rexeneración, por importe de máis de 11 millóns de euros, aos que hai que engadir os máis de 6 millóns de euros investidos en financiar medio cento de accións impulsadas directamente dende a propia Consellería do Mar. Todo isto permitiu actuar sobre máis de 16 millóns de metros ca-



drados de bancos marisqueiros e a semente de preto de 250 millóns de unidades de cría de ameixa.

Como mostra desta dinámica, o pasado 25 de abril publicábase no *Diario Oficial de Galicia* a orde de axudas ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nos bancos marisqueiros da ría de Arousa, cun orzamento ampliable de máis de 4 millóns de euros.

En canto ao saneamento das rías, os esforzos da Xunta de Galicia en materia de saneamento e para mellorar a situación das nosas rías permitiron unha grande evolución da situación microbiolóxica na calidade das augas en 39 zonas de produción de moluscos bivalvos.

Nesta evolución foron claves os 1.100 millóns de euros investidos pola Xunta de Galicia dende o ano 2009 en actuacións encamiñadas a mellorar e garantir a calidade da auga e dos servizos relacionados con ela. Preto de 600 millóns de euros dedicáronse concretamente á mellora da calidade das augas das rías galegas, dos que 400 millóns se corresponden con obras que xa están en servizo.

A Xunta ten no saneamento integral das rías de Galicia un dos seus principais obxectivos. Por iso deseñou e está a executar a estratexia para mellorar o saneamento e depuración das rías galegas, que rematará as súas actuacións no horizonte do ano 2027. Aos investimentos de 228 millóns de euros que se mobilizan sumaranse os 66 millóns que xa se mobilizaron en actuacións que agora mesmo están en execución.

E ata aquí, paso a paso e punto por punto, os datos que amosan que a situación da calidade das augas das rías galegas, da pesca, do marisqueo e do conxunto do sector mar-industria, coas súas dificultades e a diferentes ritmos, están a evolucionar positivamente nos últimos catorce anos, da man do Goberno do Partido Popular e, por suposto, da man do sector.

Unha das zonas máis sensibles precisamente é a ría de Arousa, que vostede e mais eu, señora Pérez, coñecemos ben. Pois mire, as xentes do mar da ría de Arousa saben perfectamente quen está ao seu carón e quen non fai máis que ruído sen aportar nada de proveito. Mire se o saben ben e o dixeron claro que, nas últimas eleccións municipais que se acaban de celebrar, dos dez concellos bañados pola ría de Arousa, en sete o Partido Popular foi a forza máis votada e en oito subimos en apoios en relación co ano 2019.

Pola contra, o BNG —sinto dicirlllo, señora Pérez— non gañou en ningún concello. É máis, no único concello no que gobernaba o Bloque Nacionalista Galego perderon catro concelleiros; pasou de ser a forza máis votada en 2019 a ocupar o cuarto lugar en representación na actual corporación municipal. Señorías do BNG, con toda humildade, creo que deberían reflexionar e replantexarse a súa estratexia.

Está claro que os galegos e as galegas da ría de Arousa, onde o sector da pesca e o marisqueo son fundamentais para a súa vida e para a súa economía, se senten respaldados e apoiados polas políticas do Partido Popular no Goberno da Xunta e polos representantes do noso partido nos seus concellos.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Remato.

Volvendo á PNL, nós poderíamos apoiar a súa iniciativa, porque basicamente o que propoñen nos seus acordos é o que leva facendo a Xunta de Galicia intensamente dende o ano 2009. Pero o que non podemos admitir de ningunha maneira é que vostedes falen de abandono por parte da Xunta de Galicia dos sectores do mar ou de que non existe planificación de actuación a medio e longo prazo, e tampouco podemos admitir que se poña en dúbida a importancia que para o Goberno galego ten o sector pesqueiro e marisqueiro, porque son afirmacións falsas. Vostede sábeo e o sector tamén o sabe.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Por iso, en zonas onde o mar é a principal fonte de vida, como por exemplo a ría de Arousa, confían maioritariamente no Partido Popular.

Señorías, non podemos apoiar esta iniciativa, pero o sector sabe que pode contar co Goberno galego e con este Grupo Parlamentario Popular para defender os seus intereses, os seus postos de traballo, a pesca, o marisqueo, a acuicultura, as rías galegas e a cadea de transformación de produtos do mar. A xente do mar sabe que ten ao seu carón o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, dona Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Antes de nada, agradecerlle ao Partido Socialista o seu apoio.

E, señora Suárez, vostede sabe, agora que estamos practicamente a piques de comezar a campaña das eleccións xerais, ou debería saber, que hai deputados e deputadas galegos, nados en Galiza, escollidos en Galiza, que van nas listas de circunscricións galegas e que, polo tanto, son deputados galegos. Pero sabe tamén que hai moitos deses deputados galegos, a maioría por desgraza, que non exercen de galegos.

Vén isto a conto —pois xa lle vexo unha cara un pouco rara, vou ir despacio— *(Murmurios.)* porque di que vostede e mais eu somos da ría de Arousa e que as dúas a coñecemos ben. As dúas somos da ría de Arousa, pero as dúas non exercemos como persoas da ría de Arousa. Non, non, as dúas non exercemos. Porque vostede, nese negacionismo permanente da Consellería do Mar, que xa se lle contaxiou ao Grupo Parlamentario Popular, nega datos aquí



que nos dan todos os días sectores, tamén da ría de Arousa, sectores que á súa vez recollen os datos de institucións, como lle dixen na miña intervención primeira, do propio Goberno galego.

Entón, vostedes teñen institucións e teñen organismos que fan estudos e quitan conclusións, elaboran uns datos, que, finalmente, lles pagan por todo iso, por ese traballo, evidentemente, e, finalmente, a Consellería do Mar colle todos os estudos, conclusións e datos e preguntámonos que fai con eles. Porque a situación vai a menos cada ano. Non llo di o Bloque Nacionalista Galego.

Citei aquí Pesca de Galiza, si, citei aquí o Instituto Galego de Estatística, citei aquí o Consello Económico e Social, citei aquí a Axencia Tributaria. Claro, nun discurso sobre produtividade, descenso brutal da produtividade nas rías galegas, que a señora portavoz do Partido Popular neste tema mesture votos das eleccións municipais con cotas do Cantábrico noroeste, pois así nos dan efectivamente as conclusións e os resultados dos datos, (*Aplausos.*) así nos dan.

Señora Suárez, sen *animus molestandi*, Ribeira. ¿Sóalle, Ribeira, ría de Arousa, ría de Arousa, Ribeira? Ribeira, trinta e seis anos de goberno do Partido Popular. O próximo venres vai tomar posesión un alcalde nacionalista por primeira vez na historia. (*Aplausos.*)

Catoira, ¿sóalle Catoira, señora Suárez? Ría de Arousa, ¿sóalle Catoira?, ¿sóalle, verdade? ¿Sabe vostede quen acaba de tomar posesión, verdade? En fin, en fin.

Se en vez do que temos que falar imos vir aquí facer campaña electoral, pois todos podemos facer campaña electoral. Cando estamos falando, claro, porque aquí o Bloque Nacionalista Galego puxo datos moi concretos enriba da mesa a respecto da produción marisqueira. E citeille varios datos que falan do descenso alarmante de ameixa, distintos tipos de ameixa, e berberecho. Claro, e contra todo iso a señora Suárez sáenos coas cotas do Cantábrico noroeste. ¡Oia!, ¿teñen vostedes as competencias no Cantábrico noroeste? Non. Eu faleille de competencias propias e augas interiores e vostede fáleme de Australia e de Nueva Zelanda. Iso é do que fala vostede. (*Aplausos.*)

Entón, se imos ser serias, falemos, e falemos cos datos dos propios organismos da Xunta de Galiza, que é de onde os quita o BNG, que é de onde os quita o Instituto Galego de Estatística, que é de onde os quita o Consello Económico e Social. Falemos deses datos, que son datos oficiais, señora Suárez.

Pero, en todo caso e antes de rematar, señora Suárez, quero dicirlle expresamente que me vou hoxe moi tranquila para a miña casa cando acabe esta sesión plenaria. E voume moi tranquila porque dixo vostede que todo isto vai cambiar a partir do 23 de xullo, porque Feijóo vai ser o presidente de España. Voume moi tranquila. E a verdade é que me alegro moito por todo o resto de España, pero é que aquí tivemos o señor Feijóo trece anos e as cousas seguen bastante peor que antes de que el gobernase. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Pérez.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E, ademais —remato, presidenta—, hai que engadirlle a que todos xa podemos estar tranquilos porque o señor Feijóo vai gobernar España e as cousas van mellorar, non só as que a coñecemos e as que traballamos con ela, ¿verdade?, non só estamos tranquilos polo de Feijóo, senón porque unha conselleira que se gabou aquí de levar máis de trinta anos na Consellería do Mar sexa a candidata pola única provincia do país que non ten mar, señora Suárez. *(Aplausos.)*

Noraboa a todos os españois e españolas. Os galegos e galegas teremos, por desgraza, que seguir aturando o Partido Popular...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...ata dentro de moi pouco tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas proposicións non de lei, neste caso a 4.2.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar un plan galego para a mobilización da vivenda baleira

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentaron emendas e para defendela, por dez minutos, ten a palabra dona Alexandra.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

A provincia de Pontevedra ten medio millón de vivendas. Agora imaxinen cada unha delas dende os bloques de Vigo, o ensanche de Pontevedra, cada unha das vivendas unifamiliares que ocupan todo o seu territorio, todas baleiras; todas as vivendas da provincia de Pontevedra sen xente, pechadas a cal e canto. Pois o número de vivendas baleiras en Galiza alcanza xa esa dimensión.

Imaxinalas así todas xuntas, concentradas nunha soa provincia, permítenos ver moito mellor as consecuencias que teñen. Imaxinen canto supón cada ano dar servizo a toda a provincia de Pontevedra para que ao final esas vivendas estean sen ningún uso: saneamento, electricidade, xestión de residuos, infraestrutura viaria. ¿Poden imaxinar o impacto en termos sociais de cada un deses inmobles baleiros, que é tamén un baleiro no tecido social? ¿Alguén imaxina que con todos os inmobles da provincia de Pontevedra baleirados haxa xente que durma na rúa, que cada vez máis xente sexa incapaz de pagar un piso porque os prezos son cada vez máis altos, porque din que hai escaseza?



E esta imaxe case pantasmagórica de toda unha provincia baleira non encaixa co discurso oficial, que sostén que estamos sufrindo unha falta de stock de vivenda, que esa é a razón pola que soben os prezos e que, por tanto, o que necesitamos é construír máis. ¿Alguén cre que medio millón de vivendas baleiras neste país —o 29 por cento das vivendas— é falta de stock? Señorías, a pregunta aquí é: ¿escaseza ou exceso? ¿Cal é a situación do noso parque construído?

E a primeira conclusión que podemos tirar a partir dos datos é que a poboación e a vivenda están indo en direccións opostas; mentres que a poboación galega descende, segue aumentando o número de vivendas construídas e aumenta en paralelo o número de vivendas baleiras. Dende o BNG xa vimos alertando desta tendencia, pero a conselleira non fai máis que negar a evidencia. Nunha interpelación sobre esta cuestión chegou incluso a negar que houbera vivenda baleira en Galiza, argumentando que o último censo que había, o de 2011, que falaba de 300.000 baleiras, xa estaba superado por unha nova realidade, que era a da escaseza de vivenda.

Pois ben, acaba de saír a semana pasada o novo Censo de Vivenda e Poboación do INE para esta década —o de 2021— e dinos que agora, en lugar de trescentas mil vivendas baleiras, en Galiza hai medio millón. Temos unha conselleira negacionista da situación do parque inmobiliario, mentres os datos falan por si mesmos: insisto, de 300.000 a 500.000 vivendas baleiras en Galiza nunha década. E, ademais —por se a portavoz do Partido Popular está tentada a reiterar ese discurso negacionista da conselleira—, é bo saber que este novo censo foi elaborado dunha forma moito máis fiable, xa que non se basea só nos datos que puidese tomar o axente censual nunha visita, como se facía antes, senón que se basea nos consumos vivenda por vivenda, o que nos ofrece unha composición de lugar moito máis realista.

E este brutal aumento explícase ben en relación con estes outros dous datos: na última década construíronse 150.000 novas vivendas en Galiza, mentres que a poboación baixou 100.000. Temos un parque construído máis grande, mentres cada vez somos menos. Este desaxuste deixa como resultado esas 200.000 vivendas baleiras máis nunha soa década. Polo tanto, non hai escaseza; hai moito, pero mal ordenado. É o momento de preguntarnos se pode este país seguir soportando este descontrol, se podemos seguir construíndo por riba das nosas necesidades e se podemos seguir crendo nunha autorregulación do libre mercado sobre o parque construído, como propón o Partido Popular. E estes datos que dei confirman que non, que, ou hai políticas públicas que regulen o mercado inmobiliario ou a tendencia é que se continúe agravando esta fenda entre demografía e parque construído.

Outro dos argumentos da actual conselleira para non actuar, para non facer nada, é que esa vivenda baleira é vivenda en ruínas no rural. E os datos volven desmentir esta versión: as sete grandes cidades deste país suman 90.000 vivendas baleiras. De feito, Vigo ten hoxe máis vivenda baleira que hai unha década.

A Coruña e Vigo están entre as tres cidades de todo o Estado con máis vivenda baleira, incluso, se imos aos concellos de máis de dez mil habitantes, descubrimos que dentro do *top ten* do Estado en vivenda baleira, cinco son galegos, e todos eles concellos cunha dinámica urbana económica e social importante. No *top ten* está Mos, cun 46 por cento de vivenda ba-



leira; Monforte, cun 40 por cento; Verín, cun 38 por cento; e Lalín e O Porriño, cun 35 por cento. Só a área metropolitana de Vigo suma 48.000 vivendas baleiras.

Con estes datos enriba da mesa, a segunda conclusión é que non estamos só ante o resultado da emigración dende contornos agrarios cara a contornos urbanos, resultado da industrialización e do desarrollismo. Non, esa é unha parte, efectivamente. Pero hai outra tamén moi importante, que é o resultado de que se promove a construción —especialmente a partir dos anos noventa— cunha tendencia contraria á demográfica. Polo que, reducir este fenómeno a esa caricatura da vivenda en ruínas na aldea non se compadece coa realidade. Este é un fenómeno multicausal, e, segundo os motivos polos que ficaron baleiras, podemos dividir as vivendas en dous grandes grupos: as que pertencen a ese grupo do despoboamento do rural e hai outro importante, que é a construción urbana sobredimensionada.

A evolución do parque construído tamén nos dá outro dato. Dinos que estamos chegando ao momento do esgotamento do paradigma desarrollista de crecemento ilimitado. Esta situación, que, ademais, é común no contexto europeo que estamos vivindo, este estancamento demográfico, está tamén fomentando un novo modelo urbano e territorial que asume as consecuencias dese estancamento demográfico nos límites ecolóxicos e que se centra fundamentalmente na mellora do construído, por diante do que é o consumo de novo solo.

O discurso do Partido Popular é un discurso caducado, que pretende estender de forma artificial un modelo xa esgotado, cunhas xustificacións que non se asentán en datos obxectivos. Señorías, aquí non hai escaseza, o que temos é un parque construído, o máis sobredimensionado de todo o Estado, pero moi mal ordenado e gobernado baixo un paradigma que chega ao seu fin.

Dende o BNG traemos propostas e respostas a un problema que a Consellería até o momento non quixo ver. E a primeira destas propostas é a necesidade, dunha vez por todas, de desenvolver un marco regulatorio propio da vivenda baleira, tal e como teñen xa outras comunidades autónomas. Porque aquí hai que recordarlles ao Partido Popular que poñen o grito no ceo na cuestión das competencias pola Lei estatal de vivenda, pero seguen sen facer nada no desenvolvemento do marco regulatorio propio. Nós pedimos que se desenvolva isto baixo os principios de establecer unha declaración da nosa vivenda que se adecúe á nosa realidade, tamén unha definición dos tipos de propietario baseada na nosa realidade e unha creación dun rexistro de vivendas baleiras.

¿Con que criterios se debe ordenar ese parque baleiro? Ben, nós entendemos que hai que distinguir medidas segundo onde estea localizada a vivenda. Para aquelas vivendas baleiras que estean en zonas onde hai unha demanda acreditada de vivenda —que son fundamentalmente contornos urbanos— o que necesitamos son medidas impositivas que graven o incumprimento da función social da propiedade das vivendas; unha medida que ten unha finalidade disuasoria e non recadadora e cuxas cotas deben regularse definindo tipos progresivos, en relación co tipo de propietario e co total de metros cadrados acumulados. Así mesmo, poderían aplicarse reducións sobre este imposto se os propietarios facilitasen que esas vivendas que teñen baleiras se destinasen a alugueiros a prezos accesibles.



Para o conxunto das vivendas baleiras, tanto as que están en contornos onde existe demanda como as que non, tamén plantexamos políticas de fomento mediante axudas dirixidas a mellorar a habitabilidade, a accesibilidade e a eficiencia enerxética, e sobre todo priorizar aqueles propietarios con menos recursos. Tamén pretendemos a posta en marcha dun programa de mediación, por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que procure a posta en alugueiro de vivendas baleiras privadas a prezos limitados a través de medidas de contraprestación segundo o tipo de propietario.

Ben, digamos que este sería o paquete de medidas que habería que pór en marcha dentro dese novo marco regulatorio, mais tamén hai outras medidas, como a de desenvolver o actual Censo de Vivendas Baleiras, que recordemos que é un censo no que se está obrigado á inscrición daquelas vivendas propiedade das entidades financeiras, da Sareb, por exemplo, e que o Partido Popular mete nun caixón. O que lle pedimos é transparencia, que faga pública a información dese censo. E un criterio de función social, é dicir, regular as obrigas sociais para estes propietarios, establecendo mecanismos para a disposición do parque residencial deste censo baixo rendas limitadas.

Tamén necesitamos impulsar unha comisión de vivenda pública e accesible que se encargue de adquirir vivenda baleira, de adecuala e incorporala ao parque público de vivendas. Ou tamén propostas como a de elaborar, dende o Observatorio da Vivenda de Galicia, un estudo de enquisas propias sobre o estado do parque galego.

Remato xa. Quero destacar tamén que estas medidas non só van ter un impacto que vai moito máis alá do impacto inmediato, senón que inciden tamén dunha forma estrutural. Primeiro, porque mandan unha mensaxe potente: a vivenda é para vivir antes que para especular; xera un efecto disuasorio para aqueles investidores que teñen a estratexia única e exclusivamente de encher a carteira de activos inmobiliarios que logo deixan fóra do mercado. E isto o que implicaría sería unha economía e un sector da construción menos dependente das flutuations no mercado inmobiliario.

Tamén é importante considerar que este tipo de medidas de regulación e de ordenación do parque de vivenda baleira favorece que aflore a vivenda baleira no mercado, que aumente a oferta, e, por tanto, tamén contribúe a un descenso dos prezos da vivenda libre. Os programas destas vivendas que se dirixen tamén a colectivos con baixos recursos permiten tapar de forma transitoria o déficit que temos de parque público neste momento. E, ademais, se provocamos o interese dos propietarios por sacalos ao mercado, tamén axuda a dinamizar a conservación e rehabilitación dos inmobles.

E, por último, outro factor importante é que evita o consumo de novo solo, e, por tanto, é unha aposta de futuro por un modelo territorial máis sostible.

Como ven, a nosa proposta é de calado, é ambiciosa; con beneficios directos para as persoas que optan por alugar estas vivendas a prezos reducidos, mais tamén para as que acceden á vivenda no mercado libre grazas ao aumento da oferta, e, en xeral, para o conxunto da poboación, en tanto que promove unha sociedade máis xusta e unha economía menos especulativa e máis relacionada coas demandas reais e máis sostible medioambientalmente.



Agardamos o seu voto favorable. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Eduardo Ojea tamén por tempo de dez minutos.

O señor OJEA ARIAS: Boas tardes, señora presidenta.

Señorías.

O elevado número de vivendas baleiras en toda España e a escaseza da mobilización delas por parte das distintas administracións fan que o problema aumente ano a ano. As administracións non están sendo capaces de mobilizar a vivenda baleira nun contexto de axudas económicas á rehabilitación. En España, hai 3,83 millóns de vivendas baleiras; representa o 14,4 por cento do total do parque, que suma máis de 26,6 millóns de inmobles, segundo mostra o último informe do Censo de Poboación e Vivendas 2021, elaborado polo Instituto Nacional de Estatística.

O concepto de vivenda baleira varía segundo a comunidade autónoma. Así, en Galicia, é aquela que non sexa ocupada polo seu propietario e na que, ademais, non exista unha persoa usuaria que dispoña do correspondente título que lle dea dereito á súa ocupación. No ano 2011 había: 1.059.233 vivendas familiares principais; 246.852 vivendas familiares secundarias; 300.000 vivendas baleiras e 520 colectivas. O que representa máis de 1,6 millóns de vivendas en total, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística.

Segundo o último informe do INE, o volume de vivendas baleiras en Galicia —como se comentou aquí— é de máis de cincocentas mil, case o vinte e nove por cento do total, sendo o maior de toda España, e duplica a media española, que é do 14 por cento. É de considerar que para a obtención destes datos —tamén como se comentou— se usaron datos obxectivos, como o consumo de enerxía eléctrica por parte do Instituto.

O 1,5 por cento das vivendas baleiras nos 313 concellos galegos atópase no circuíto de comercialización, xa sexa en venda ou en alugueiro. En calquera caso, é moi diferente que unha vivenda estea baleira ou que sexa habitable. De igual xeito, moitas destas vivendas baleiras, mesmo as habitables, non están dispoñibles; unha ampla porcentaxe das vivendas baleiras, o 78 por cento, necesita unha rehabilitación ou reforma.

Os concellos que presentan unha maior cantidade de vivenda baleira son os que contan cunha poboación de entre cinco mil e dez mil habitantes, cun 21,6 por cento de vivenda desocupada. Esta porcentaxe alcanza case o corenta por cento, se lle sumamos os que están localizados nos concellos que teñen entre dez mil e vinte mil habitantes. O 30 por cento da vivenda baleira atópase nas sete grandes cidades, nos sete grandes concellos, aínda que na análise por tramos de concello, segundo o número de habitantes, todos presentan unha porcentaxe de vivenda baleira dun 15 por cento como mínimo.



Isto obriga a elaborar estratexias que coas súas especificidades cubran todo o territorio da comunidade, con dúas dinámicas diferenciadas relacionadas coas dinámicas urbano-rurais que se dan nas provincias atlánticas e interiores, respectivamente. Nas sete grandes cidades, nas que o grupo máis numeroso de vivenda baleira é o edificado ou rehabilitado totalmente entre os anos 2002 e 2011, está o caso de Ferrol, onde o grupo máis numeroso é o das construídas na década dos cincuenta, e en Ourense capital, na década dos setenta.

Nas provincias de Lugo e Ourense, o grupo con máis vivenda baleira está emprazado en pequenos núcleos rurais, nos que non existe demanda de vivenda ou ten escasas condicións de habitabilidade. Nestes dez anos, a Xunta de Galicia non foi quen de facer estratexias e programas para mobilizar o excesivo número de vivendas baleiras. Programas como o Plan RehaVita, programa de rehabilitación, alugueiro e mellora do vivenda 2015-2020, establecía accións destinadas a reducir a porcentaxe de vivenda baleira en cada un dos niveis territoriais.

A Xunta tamén puxo en marcha o Censo de Vivendas Baleiras, publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 26 de febreiro de 2016. Ten como obxectivo coñecer a situación real destas vivendas baleiras en Galicia, co obxecto de poder deseñar as oportunas políticas públicas orientadas á súa ocupación. É obrigatoria a inscrición das vivendas baleiras situadas en concellos de máis de dez mil habitantes, que sexan titularidade de entidades de crédito e de entidades de xestión de activos en edificios de tipoloxía residencial colectiva e complexos inmobiliarios.

A petición dos propietarios, poderán inscribirse no Censo con carácter voluntario o resto das vivendas non obrigadas a inscribirse. No ano 2023, o Goberno galego volve presentar axudas ao Plan Rehaluga, destinadas á rehabilitación de inmobles que se inclúen dentro do programa de mobilización de vivendas para o alugueiro, por un importe de 300.000 euros. A Xunta xa puxera en marcha, no ano 2016, un programa en colaboración cos concellos destinado a pór vivenda baleira no mercado de alugueiro. O obxectivo era crear unha bolsa de 600 inmobles para dedicalos a familias con poucos recursos. A iniciativa rematou nun fracaso, xa que, en catro anos, tan só conseguiron 25 vivendas. Ao non funcionar, a Xunta lanzou unha segunda versión á que lle chamou «Vivendas vivas», levando como principal modificación que a Xunta é a que asume a xestión, e dáse entrada aos axentes inmobiliarios e aos administradores de fincas. Hai case unha vintena de participantes.

No ano 2018 só foron concedidas dúas axudas por un montante de 6.986 euros, sobre un orzamento de 130.000 euros, o que significa un 5,37 por cento do orzado. No ano anterior, sendo o orzamento inicial superior, só se executou o 3,32 por cento, concedéndose axudas por un montante de 10.499 euros. Entre os 69 concellos adheridos a este programa non suman nin media vivenda por concello, o que mostra a ineficacia dos plantexamentos do Goberno galego.

Os resultados do Programa de vivendas baleiras, promovido pola Xunta de Galicia, foi un absoluto fracaso se o obxectivo era mobilizar vivenda para alugar a prezos razoables, a prezos sociais. Mentres isto acontece, en Galicia medran os prezos dos alugueiros, e medran tamén os desafiuzamentos por impago do alugueiro. Por iso, precísanse máis que nunca políticas efectivas na defensa do dereito a unha vivenda digna e precísanse medidas eficientes



para a creación dun parque público de vivenda que dea resposta á crecente demanda de vivenda en alugueiro social, e que sirva tamén como elemento regulador dos prezos do mercado libre.

En Galicia, o Rexistro de Demandantes de Vivenda da Xunta segue a mostrar que hai máis de quince mil inscricións, o que demostra o notable interese cidadán por poder acceder a un piso promovido baixo a protección do Goberno galego, aínda tendo en conta as escasas posibilidades de que esta inscrición acabe traducíndose no acceso a unha vivenda. Ao tratarse dun problema que afecta todo o Estado, o Goberno central deu solucións á mobilización das vivendas baleiras a través da Lei polo dereito á vivenda, aprobada recentemente. Esta lei é a primeira da democracia de vivenda que está dirixida para a maioría fronte ás elites e aos fondos de investimento, que queren que a vivenda sexa un artigo de luxo e destinado á especulación.

Dentro da lei aparecen definicións como a «zona de mercado residencial tensionado», como aquela zona na que o esforzo da renda ou a hipoteca máis a subministración básica superen o 30 por cento dos ingresos medios, ou ben que os prezos acumulen nos cinco últimos anos un incremento do 3 por cento no IPC. Define tamén os «grandes tenedores», que son aqueles que posúen máis de dez inmobles residenciais, ou cinco, se están en zonas tensionadas.

E, como non podía ser doutro xeito, tamén define o concepto de vivenda baleira. Así, unha vivenda considérase baleira con carácter permanente cando permaneza desocupada de forma continuada e sen causa xustificada por un prazo superior a dous anos, conforme os requisitos, medios de proba e procedemento que estableza a ordenanza fiscal, e pertenza a titulares de catro ou máis inmobles de uso residencial.

Os concellos poderán modular recargas no IBI, dende o 50 por cento permitido na actualidade ata o 150 aplicable a vivendas desocupadas durante máis de dous anos, e a propietarios titulares dun mínimo de catro vivendas no mesmo concello. Máis concretamente, o incremento mínimo para pisos desocupados será do 50 por cento cando, sen causa xustificada, a vivenda leve máis de dous anos baleira e pertenza a un propietario que teña catro ou máis inmobles de uso residencial. Elevarase ao cen por cento cando sexan tres anos, podendo modularse en función do período de tempo de desocupación. Por último, está a ocupación do 50 por cento adicional, en caso de inmovible cuxos propietarios teñan dous ou máis pisos no mesmo termo municipal.

Polo tanto, o Partido Socialista considera que por aí pasa a mobilización das vivendas baleiras, pero somos conscientes de que os concellos serán os que tomarán a decisión de aplicalas ou non. Se falamos de Galicia, con arredor de cincocentas mil vivendas baleiras, esta medida tería un grande impacto se os concellos o aceptasen. Ese sería o desexo do noso grupo.

Dado o traballo que está a desenvolver o Partido Socialista para a mobilización de vivenda baleira dentro da Lei de vivenda, imos absternos nesta proposta do BNG porque consideramos que se está facendo un traballo que é importante, e esperamos que se dea solución.

Moitas grazas. Nada máis.



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona María Begoña Freire.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Señorías, non é a primeira vez que falamos neste Parlamento das vivendas baleiras, da necesidade de mobilizar a vivenda sen uso para que saia ao mercado en alugueiro, pero, dende logo, señoras e señores do BNG, partimos de posicionamentos ben diferentes. O BNG propón sempre crear impostos que graven as vivendas e outras medidas de intervención directa, e nós, o Partido Popular, pensamos que o camiño son as medidas incentivadoras e non restrictivas, con apoio, e non con sancións, nun marco de seguridade xurídica e respectando o dereito á propiedade privada.

Antes de ir ao fondo da iniciativa, cabe que nos refiramos ao recente censo do INE, ao que tamén se refería a señora Fernández. Se no Censo de Poboación de Vivenda de 2011 do INE se incluían, entre as vivendas baleiras, inmobles que non reunían as condicións mínimas de habitabilidade e incluso ruínas, outro tanto volve pasar no censo de 2021. O INE utiliza no Censo de 2021, para determinar o uso das vivendas, o consumo eléctrico, o que pode supoñer manter os mesmos datos distorsionados de 2011, incrementándoos coas vivendas que rexistran baixo consumo eléctrico. E isto polo seguinte: inclúense como vivendas baleiras todas as que non teñen contrato da luz, o que vén significar que se están volvendo a incluír como vivendas baleiras inmobles que non cumpren os requisitos mínimos de habitabilidade, e tamén os que non son máis que ruínas de antigas vivendas. Considéranse baleiras as vivendas que, tendo contrato da luz, teñen un consumo inferior á media de 15 días ao ano. Con esta forma de medicións, están cuantificando como baleiras vivendas que teñen un uso esporádico e baixo consumo de enerxía eléctrica, por non usala en electrodomésticos de alto consumo e reducirse a usala na iluminación, que supón o consumo máis baixo dunha vivenda. Incluso neste grupo pode haber vivendas de uso vacacional que non teñen un uso moi intensivo. Non hai que esquecer que en Galicia, especialmente no medio rural, é común o emprego de leña ou gas embotellado para a cociña, e de leña ou gasóleo para a calefacción. Se nestes concellos se fan os cálculos con criterios urbanos, os resultados serán distorsionados. Por outra parte, o uso do consumo enerxético como indicador único é moi parcial, e bótase en falta que non se analice tamén o consumo de auga e gas, o que permitiría ter unha visión moito máis completa e realista da situación.

Polo tanto, señorías, señora Fernández, se queremos ser serios, hai que relativizar os datos feitos públicos a pasada semana polo INE, xa que, sen dúbida, conteñen os mesmos erros, ou máis, que os contidos no Censo de 2011. En calquera caso, os datos publicados son provisionais, como indica o propio INE na súa nota de prensa, que di: «Estes resultados teñen aínda a consideración de provisionais, dado que é preciso profundar aínda na mellora das fontes e na súa análise. Unha vez que os resultados se consoliden e teñan a consideración de definitivos, analizaranse no marco do Observatorio da Vivenda de Galicia».



A señora Fernández parte tamén doutra premisa errónea. A estrutura da propiedade de vivenda en Galicia non ten nada que ver coa existente en Madrid, Barcelona ou noutras grandes contornas urbanas. Non se cansan vostedes de falar de grandes tenedores, cando non existen grandes tenedores en Galicia. A realidade galega é outra, pero vostedes recorren sempre ao discurso do gran tenedor, porque lles vén ben para vender o seu posicionamento.

A realidade é que a meirande parte do parque de vivenda en Galicia é de pequenos propietarios privados que investiron os seus aforros nunha vivenda ou que a recibiron en herdanza. Deixen de chamar especuladores aos galegos e galegas; deixen xa ese discurso demagóxico, señorías. *(Aplausos.)*

En Galicia estamos a falar de pequenos propietarios que teñen unha vivenda á súa disposición como segunda residencia e que, se a poden arrendar, lles reporta os únicos ingresos de que dispoñen; noutros casos repórtalles un ingreso extra ou un complemento á pensión de xubilación; e noutros casos os propietarios non poden alugar o inmovible por non poder facer fronte aos custos desa reforma, e esta é unha gran porcentaxe.

Dito isto, non cabe descoñecer a existencia na nosa comunidade de vivendas desocupadas que non están á disposición no mercado. Non hai negacionismo, señora Fernández. Repetidas veces a Xunta de Galicia expuxo neste Parlamento a necesidade de incentivar a posta á disposición no mercado de alugueiro destas vivendas. E nesa liña traballouse, por exemplo, poñendo en marcha o anterior Programa de vivendas baleiras, que fora creado a partir dun convenio entre o IGVS e a Fegamp, asinado no ano 2016, e no que se precisaba da necesaria colaboración dos concellos para captar vivenda e adxudicala.

A falta de implicación dos concellos gobernados polo PSOE e polas distintas Mareas de Podemos —precisamente nas grandes cidades, onde se concentraba a maior demanda— impediron acadar os resultados esperados. Estes concellos renunciaron a adherirse a este programa por puro interese partidista, e non pensaron precisamente na xente; non pensaron nas persoas que precisan vivenda en alugueiro a prezos accesibles. Foi, por exemplo, o caso de Vigo, gobernado por un alcalde socialista, e da Coruña, gobernada naquel momento pola Marea Atlántica. Non serviron de nada nin os requirimentos da Valedora do Pobo para que o Goberno da Marea Atlántica se sumase ao programa da Xunta, nin tampouco as mocións debatidas e aprobadas a instancias do Partido Popular, porque o Bloque Nacionalista Galego tamén votaba en contra da adhesión do Concello da Coruña ao Programa de vivendas baleiras da Xunta.

Hai que ter moita cara, señora Fernández, para vir aquí dicir que o Programa de vivendas baleiras da Xunta non funcionou, cando, mesmo vostedes, os señores e señoras do BNG, se opoñían a que os concellos se sumasen ao Programa de vivendas baleiras da Xunta. Sinceramente, hai que ter moita cara. Iso chámase cinismo puro e duro. *(Aplausos.)* Esa é a política, a mala política, á que se refire a señora Fernández: esa política, a mala política, do BNG e do Partido Socialista, de poñer por enriba dos intereses das persoas, por riba dos intereses da xente, os seus intereses partidistas.

Esa falta de colaboración —máis ben, total oposición dos concellos, onde se concentraba a maior demanda de vivenda— levou a Xunta a reformular o programa no marco do Obser-



vatorio da Vivenda de Galicia e no Pacto social pola vivenda 2021-2025, poñendo en marcha no ano 2022 un novo programa de mobilización de vivendas para alugamento: o Programa vivendas vivas. Este programa pasa a xestionarse —como facía referencia tamén o señor Ojea— directamente polo IGVS, coa colaboración de axentes da propiedade inmobiliaria, dos administradores de fincas, e co obxectivo de mobilizar o maior número posible de vivendas baleiras de titularidade privada para a súa incorporación ao mercado do alugueiro a prezo accesible.

Temos que sinalar que o IGVS mantén contacto permanente cos administradores de fincas e axentes da propiedade inmobiliaria a través deste novo programa. Estes profesionais de vivenda manifestan que o principal problema para poñer vivendas desocupadas en alugueiro é convencer os propietarios de que se trata de algo seguro, xa que as diversas medidas adoptadas polo Goberno central causan temor entre os propietarios e non se atreven a destinalas a alugamento. A política errática levada a cabo polo Goberno de Sánchez, o intervencionismo estatal nos prezos do alugueiro, a Lei estatal de vivenda, as ocupacións, os continuos cambios legais e a inseguridade xurídica son cuestións que levan a moitos propietarios a manter as súas vivendas baleiras.

Por este motivo, a Xunta de Galicia aposta decididamente por ofrecer seguridade xurídica aos propietarios de vivendas que se acollen ao Programa de vivendas vivas, e faino por medio de seguros de impago e multirrisco do fogar, financiados ao cento por cento polo IGVS, sen custo ningún para os propietarios das vivendas; ademais, con asistencia xurídica e con axudas para a rehabilitación ou mellora das vivendas, porque, como sinalaba, en moitos casos, trátase de pensionistas que teñen un piso para alugar, pero non poden facer fronte nin ao adecentamento nin ao investimento dunha reforma. Estase a traballar, señorías, para axudar os pequenos propietarios, ofrecer seguridade xurídica e superar esas reticencias á hora de poñer a súa vivenda desocupada en alugueiro.

¿Pero que é o que nos plantexa o Bloque Nacionalista Galego na súa iniciativa? O BNG propón sempre implementar medidas de presión fiscal e outras medidas máis agresivas de intervención directa, seguindo modelos de leis desenvolvidas en Cataluña, en Euskadi ou en Valencia —referiuse moitas veces a señora Fernández a ese tipo de modelos—. O BNG plantéxanos, unha vez máis, medidas penalizadoras. O BNG propón medidas impositivas que graven as vivendas con criterios progresivos; medidas que, como sabemos, non deron resultados positivos en ningún sitio, e que, dende logo, este grupo non comparte.

O Bloque Nacionalista Galego sempre defendeu recargas no IBI, o que é competencia dos concellos, non da Xunta de Galicia. Estaremos expectantes, señores e señoras do BNG, ao que van facer no Concello de Santiago de Compostela. Parece que nesta proposición, á parte desa recarga do IBI, nos propoñen a creación doutros impostos. Espero que na segunda quenda nolo poida aclarar. O BNG tamén propón na súa iniciativa, no caso de que a vivenda non sexa mobilizada, pasado un tempo determinado, medidas de intervención directa.

E imos ver cales son eses recargas impositivas e esas medidas de intervención ás que se refire o BNG na súa proposición, segundo os modelos aos que sempre fan referencia dos



modelos que defenden: Barcelona, no caso de que os pisos non se poñan en alugueiro no prazo dun mes, medidas sancionadoras como multas ou advertencias de expropiación; Valencia, multas coercitivas de carácter mensual; e País Vasco, que foi o último modelo referenciado pola señora Fernández nas últimas intervencións, canon de 10 euros/metro cadrado, alugueiro forzoso e incluso expropiación.

Ben, señores do Bloque Nacionalista Galego, o Grupo Parlamentario Popular non comparte o seu modelo. Xa dixemos en múltiples ocasións que a Xunta de Galicia opta por medidas positivas fronte a medidas penalizadoras, e que pasa por ofrecer seguridade xurídica aos propietarios que poñen as súas vivendas en alugueiro a prezo razoable, incentivalos con garantías de cobro do alugueiro e de mantemento en condicións das súas propiedades e con axudas para rehabilitación ou captación das vivendas.

Ese é o noso modelo, e non imos importar nin o modelo do BNG nin importar outros modelos doutras lexislacións doutras comunidades autónomas.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Freire.

Ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, dona Alexandra, por tempo de cinco minutos.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Desgraciadamente, no Partido Popular continúan no negacionismo. O retrato do Partido Popular é que esas vivendas baleiras son ruínas en aldeas quentadas con cheminea. ¿Vostedes cren que é normal que Vigo e A Coruña estean, as dúas cidades, entre as tres con máis vivenda baleira de todo o Estado, que as sete grandes cidades sumen 90.000 vivendas baleiras, que a área metropolitana de Vigo teña 48.000 mil vivendas baleiras? ¿Saben o problema? Que nós lles damos datos, e vostedes o único que aportan aquí son caricaturas que non se basean en nada. *(Aplausos.)*

E di que non nos enteramos de que a estrutura da propiedade de Galicia é diferente. A ver, ¿vostede leu a iniciativa? Porque o que di é: establecer un marco regulatorio propio para definir os tipos de propietario e definir o concepto de vivenda baleira dende a realidade galega. Aquí o único problema é que vostedes non queren exercer as competencias, e punto.

Na miña primeira intervención centreime fundamentalmente en explicar as nosas iniciativas, non quería entrar no que fixo a Xunta, porque é falar da nada, pero se vostede vén aquí cun discurso de gabanza das súas políticas, pois teño que dicirlle unhas cantas cousas.

O primeiro é que ese programa que estivo en marcha durante catro anos foi un fracaso, recoñecido polo director do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que conseguiu mobilizar trinta vivendas en catro anos.

Segundo, tamén intentaron inventar unha especie de El Idealista para vender aldeas galegas, e o seu éxito pois foi conseguir anunciar tres vivendas en Sober e tres vivendas na Peroxa.



O único para o que serviu foi para que un día a conselleira utilizase esas vivendas de *photocall* e nunca se soubo máis. (*Aplausos.*)

Terceiro, o programa Vivendas vivas, ¡menuda estafa de programa! Miren, de forma resumida, este programa Vivendas vivas supuña que tiña que ser un servizo de mediación para que os pequenos propietarios de vivenda baleira puxesen as vivendas a prezos limitados a cambio de que se lles desen unhas contraprestacións por parte da Administración. É moi parecida a unha das nosas propostas, pero a Xunta copia mal copiado. Primeiro, porque din que é un programa de vivenda baleira; falso, está dirixido a vivendas que quedasen sen inquilino dende hai dous meses, ou sexa, todas as vivendas. ¿Que vivenda pasa menos de dúas mensualidades entre cambios de inquilino? E aínda que tardase un mes, ata case lle sae mellor deixala un mes máis parada se logo lle van dar as axudas públicas. Así que non só non é un programa de vivenda baleira, senón que ata chega a fomentar que non se apuren a buscar inquilinos.

Tamén se supuña que se lles dan unha serie de beneficios a cambio dunha contraprestación pública para beneficio da sociedade, que era que se lles exixían uns alugueiros máis accesibles. Pois tamén é falso, porque a Xunta establece uns topes de alugueiro tan altos tan altos que non atopan nada. Tan altos son que na maioría dos casos superan os prezos medios da vivenda neses concellos; por exemplo, en Ourense poden cobrar 150 euros por riba do prezo medio do alugueiro nesa cidade. É dicir, que non hai ningunha contraprestación para a sociedade, non hai unha exixencia real aos propietarios a cambio dos beneficios que reciben.

Tampouco copiaron ben a parte da nosa proposta na que dicíamos que as axudas aos propietarios tiñan que diferenciar grandes e pequenos propietarios, porque esa proposta da Xunta contempla expresamente que se poidan acoller a estes beneficios as entidades financeiras, as súas filiais inmobiliarias, ata a Sareb. ¿Alguén cre que os impostos dos galegos teñen que destinarse a pagarlles os seguros de impago e os seguros de reparación e mantemento a estas entidades financeiras? Despois de telas rescatado, de telas inflado con diñeiro público, o Partido Popular o que propón é máis transferencia de recursos públicos.

Entón, é un programa que nin vai de vivendas baleiras nin ten contraprestacións sociais, e, aínda por riba, transfire recursos públicos a entidades financeiras.

Esta é a verdade do programa. E aquí o curioso é que no Partido Popular hai dous relatos, dous relatos distintos sobre este programa. Á portavoz do Partido Popular hoxe tocoulle ler o discurso falso, falando das marabillas do programa de vivenda baleira con perspectiva social, pero o director do Instituto Galego da Vivenda e Solo, nunha charla coas empresas inmobiliarias, dedicouse a contar as verdades. Isto é o que dicía o director do IGVS na reunión: «É importante deixar claro que non é un programa que teña carácter social. Polo tanto, no caso deste programa hai que desterrar a connotación social. O que se pretende aquí é dar un plus de tranquilidade a propietarios. Este é un programa que pretende dar tranquilidade e seguridade no mercado.» E, ademais, para que tivesen máis tranquilidade, «garante unha selección de inquilinos.» É dicir, nada de pobres. Dicía o director: «Por iso pedimos que os inquilinos teñen que ter ingresos acreditados que garantan que van pagar as rendas.» É dicir, que isto é para os vossos clientes habituais que teñen a capacidade de pagamento seguro.



Esta é a voz transparente do director do IGVS, que este é un programa para que —dicía— poidades as inmobiliarias ofertar un servizo complementario aos vosos propietarios. É dicir, que isto non vai dun programa de vivenda baleira, que é un programa de beneficios a propietarios que lles ofertan a inmobiliarias a custa do peto de todos e todas as galegas. *(Aplausos.)* E por iso esas vivendas só teñen que estar dous meses sen arrendar, por iso os topes son tan altos e por iso se exige que a vivenda non supoñan máis do 30 por cento dos ingresos, para impedir que haxa inquilinos con baixas rendas que se acollan a este programa. Como di o director do IGVS, é un programa para dar tranquilidade a propietarios.

Pero claro, é que denomíno así, programa de gratuidade a propietarios, quedaba un pouco obsceno.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Entón, puxéronlle o título de Vivendas baleiras. Señora Freire, a vostede tocoulle o bochorno de intentar colarnos a mentira.

E por se todo isto fora pouco, a Xunta anunciou un investimento de 800.000 euros, e o ano pasado executaron 40.000. É dicir, que non executan nin o que lles prometen ás inmobiliarias.

E aquí o curioso é que o PSdeG di que se vaia abster, porque o Partido Popular faino moi ben. Eu creo que lles viría moi ben mirar un pouco máis alá da publicidade da Xunta e informarse das consecuencias reais deste programa. *(Aplausos.)*

Falar das súas iniciativas é constatar a nada. Por iso dende o BNG vimos a esta cámara —insisto— cun programa completo de actuacións, e é lamentable que o Partido Popular non entre a discutir as propostas concretas e que veña aquí, como digo, cun discurso falso, mentres que o que si que vemos é que noutros ámbitos son bastante máis transparentes.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Comezamos a última proposición non de lei da tarde, a 4.3.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Sanz Arias e seis deputados/as máis, sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno de España no que atinxe á planificación da rede de transporte eléctrica

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, á número 55026, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de adición.

Engadir un novo parágrafo co seguinte texto:

«Así mesmo, o Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a que a planificación enerxética do noso país non se basee unicamente nos intereses das grandes empresas e no aumento da capacidade de produción, garantindo a prevalencia da preservación da biodiversidade e desistindo de novas medidas que aumenten a inseguridade xurídica e a desprotección da sociedade e dos intereses galegos na expansión enerxética.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición, por dez minutos, ten a palabra don Moisés Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Hoxe o Grupo Parlamentario Popular trae de novo a este pleno unha iniciativa que cremos que é de máxima actualidade e relevancia, pois é clave para o desenvolvemento e supervivencia da nosa industria. É clave tamén para poder impulsar proxectos industriais, estratégicos e de futuro que precisan conexión á rede eléctrica, para poder garantir a súa viabilidade e que se convertan nunha realidade capaz de xerar riqueza e emprego en Galicia.

Non, non é o Día da Marmota, pero parece. Vémonos, señorías, na obriga de volver presentar esta iniciativa, porque, por desgraza, o caduco Goberno central non fixo os deberes, non cumpriu os mandatos dos acordos xa aprobados dende Galicia, tres iniciativas nesta cámara, si, señora Rodríguez Rumbo, a 33.035, a 44.083 e a 32.845, en relación coa subestación de Vigo. En todas elas demandabamos o mesmo, demandabamos ao Goberno de España incorporar determinadas actuacións na planificación da rede eléctrica, e, entón, en todos os casos ¿saben o que recibimos? O silencio.

Pouco peso, señorías, demostran vostedes, socialistas, e, ¡como non!, nacionalistas, para defender os intereses das empresas instaladas en Galicia e daquelas que necesitan claridade e confianza para poder investir na nosa Terra. A realidade, señorías da bancada da esquerda, é teimuda: vostedes e a súa xestión o que xeran é medo, incerteza e falta de garantía da industria galega, como para fiarse. Pero ben, nós niso si que somos teimudos.

Pero non podo pasar deixar esta ocasión para ter un recordo, unha lembranza, na que imaxino que estarán todos de acordo, para a nova e flamante alcaldesa de San Cibrao das Viñas, Marta Novoa Iglesias, gran portavoz de industria e enerxía do noso grupo parlamentario, porque unha e outra vez alzou a voz neste parlamento a favor da nosa industria, polo seu gran traballo a prol da industria de Galicia e dos seus traballadores e traballadoras. Grazas, Marta, grazas. (Aplausos.) Moita sorte e moitos éxitos nesta nova etapa á fronte do teu concello.

Señorías, hoxe o que tratamos de conseguir con esta iniciativa é abrir un debate, serio, urgente e improrrogable, sobre a planificación da rede eléctrica que afecta a Galicia no actual



contexto de transformación industrial no que estamos inmersos. É clave a importancia dunha rede eléctrica axeitada e suficiente, que permita, en primeiro lugar, avanzar cara a un sistema eléctrico baseado en enerxía renovable e, en segundo lugar, garantir a subministración de enerxía segura, continua e de alta calidade.

A planificación da rede de transporte de enerxía 2021-2026 foi aprobada polo Consello de Ministros o 22 de marzo do ano 2022, despois dun proceso de tramitación iniciado no ano 2019. Nesta planificación, por desgraza, hai un dato obxectivo e incuestionable: Galicia saíu penalizada respecto a plans anteriores ao asignárselle tan só 68 millóns de euros, é dicir, un 1,1 por cento do investimento total. O investimento para a comunidade galega noutros tempos supuxo un 6,7 por cento. ¡Menuda diferenza!

E, por desgraza, temos proxectos industriais estratéxicos, señorías, que teñen apostado pola nosa comunidade e que queren xerar emprego e riqueza en Galicia, e cuxa implantación en Galicia está condicionada a revisar a planificación eléctrica, a reforzar a rede de transporte e enerxía para dar viabilidade a proxectos como o de Stellantis, Altri, Forestal del Atlántico, Ignis, Resonac ou Fistera Energy, para que esas nosas industrias poidan converterse nunha realidade.

Galicia, señorías, fixo os seus deberes, identificou as necesidades e deu traslado das mesmas con todos os datos e rigor técnico necesario. A finais do pasado mes de marzo deste ano 2023 enviou ao ministerio un informe solicitando modificacións da planificación eléctrica da rede de transporte 2021-2026 para atender ás demandas de proxectos industriais en Galicia.

¿E que recibimos? Nada, a calada por resposta. E hai outros proxectos que presentan conexión no ano 2030. Ata tal punto é a discriminación evidente que este goberno de Sánchez está a ter con Galicia. Eu creo, señorías, que afortunadamente o Goberno de Sánchez está dando as últimas, este goberno caduco, a piques de extinguirse, que discriminou de xeito descarado a Galicia, coa complicidade da bancada da esquerda, socialistas e nacionalistas. A realidade é que vostedes, por acción ou por omisión, abandonaron á súa sorte proxectos industriais estratéxicos para Galicia, e, de non ser atendida esta petición, estaría en perigo un investimento próximo aos 5.500 millóns de euros e centos e centos de miles de empregos en Galicia.

E vostedes, señorías, sentados no banco dos caladiños. Galicia reclama o que lle corresponde, nin máis nin menos. O prezo da electricidade en España asfixia as familias, empresas e industrias.

Señorías, aínda estamos a tempo, pero non hai un minuto que perder. É necesario que atendan ás demandas de Galicia para modificar a planificación da rede eléctrica actual, incorporar aquelas necesidades que —repito— xa foron transmitidas polo presidente Rueda o pasado 29 de novembro.

As demandas eran ben claras. Galicia fixo unha proposta que permitiría unha maior infraestrutura para absorber a xeración de enerxías renovables, maior capacidade do sistema para facer fronte a demandas enerxéticas da industria. Tratamos de ter nós máis próximos aos



seus proxectos, sempre con menor impacto no territorio. Solicitamos —esperemos que nos apoién— ao Goberno de España que ofrezca certezas coa aprobación da modificación da planificación eléctrica da rede de transporte, para dar viabilidade aos proxectos que citei con anterioridade.

Vostedes, socialistas e nacionalistas, teñen na súa man neste momento evitar converterse en responsables e cómplices dos agravios aos que levan sometida a industria galega desde que Sánchez goberna en Madrid. Pedímoslles que sexan valentes e que atendan dunha vez por todas as demandas de Galicia naqueles aspectos como é o caso —repito— da planificación da rede eléctrica, na que o ministerio se arroga o 100 por cento das competencias.

Non pedimos máis, pero tampouco pedimos menos. En xogo está o futuro industrial do noso país. Facer unha fronte común a favor da industria e do emprego en Galicia empeza porque vostedes hoxe dean o voto favorable a esta iniciativa.

Nada máis, na primeira intervención, e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Moitas grazas, señora presidenta.

Ben, hoxe o Partido Popular trae unha iniciativa a debate nesta cámara que, en esencia, como o propio voceiro popular recoñeceu, pois tampouco é nova, e que basicamente pivota en dous eixos: dunha banda, a necesidade de que a planificación eléctrica de Red Eléctrica de España se adapte ás necesidades e ás demandas industriais de Galicia, que con iso en abstracto estamos plenamente de acordo; e, por outra banda, a necesidade de que se acople a proxectos determinados, con nomes e apelidos, co que xa estamos menos de acordo. Remítome un pouco ao debate que tiñamos hai exactamente unha semana, no que xa reiterabamos que a Xunta debera estar máis preocupada polo impulso industrial que polo impulso de determinados proxectos concretos que se decidiron non se sabe moi ben onde nin escoitando a quen.

Non compartimos ese modelo de discrecionalidade no que o Consello da Xunta —ou non se sabe moi ben quen—, no seo desa empresa de maioritario capital privado liderada por Abanca, decide máis que este Parlamento galego. En todo caso, sobre o fondo da cuestión, igual que en ocasións anteriores, cando vostedes trouxeron este debate, pois, por elevación, estamos de acordo.

E esta iniciativa amosa tres cuestións: a primeira, que o modelo de planificación enerxética obedece, como acontece por exemplo, con outros aspectos importantes para este país, como a rede ferroviaria, aos intereses do Estado e non de Galiza. E, en concreto, a capacidade de decisión de Galiza en materia de planificación enerxética é máis ben inexistente. Eu doulle



a benvida ao Grupo Parlamentario Popular a indignarse con esa cuestión, porque a lei eléctrica que fixo o Partido Popular, primeiro en 1997 e despois en 2013, está na base deste modelo centralista. E doulle a benvida tamén ao Partido Popular, porque cada unha e outra vez que temos traído desde o BNG a este parlamento propostas para que, por exemplo, se elimine ese requisito absurdo, acientífico e que non ten ningún fundamento técnico de que os proxectos de máis de cincuenta megavatios dependan do Estado e non de Galiza, vostedes danlle ao botón do roxo (*Aplausos.*); así que a ver se aproxima vez lle dan ao botón verde.

En todo caso, a segunda cuestión é tamén a lentitude do Estado, porque é certo que a planificación de Red Eléctrica é complexa, é certo que a aceleración da crise enerxética fai que moitas cuestións teñan que ser revisadas. Hai un certo recoñecemento por parte do Estado de que iso é así, e abriuse un procedemento, pero o certo é que o tempo está a ser lento, os problemas levan enriba da mesa tempo e aínda non teñen unha solución. Pero vostedes non son uns veciños calquera que pasaban por aquí, que poden estar indignados coa lentitude do Estado, porque isto fala da lentitude do Estado, pero a lentitude da Xunta de Galiza tamén merece algún apuntamento, porque vostede falou aquí como se xa non gobernasen a Xunta de Galiza.

Eu dígolle que de momento o BNG aínda non preside a Xunta de Galiza, todo se andará (*Aplausos.*), porque nos pediu aquí contas, como se a responsabilidade de que este país non sexa escoitado sexa do BNG e non sexa do Goberno do Partido Popular.

E vou recordar aquí que estivo facendo o Partido Popular para solucionar os problemas da planificación de Red Eléctrica de España. Fixo algo increíble, alucinante, inesperado, flamante —que diría vostede—, algo que ninguén podía agardar do Goberno galego, unha acción absolutamente sorpresiva: mandaron vostedes, efectivamente, outra carta; o Goberno epistolar mandou unha carta (*Aplausos.*), ou dúas; non se sabe ben; é unha pena que marchara o exvicepresidente económico do hemiciclo, porque igual podíanos dicir a ver se en lugar de dúas cartas eran tres ou catro; entón, tiñamos que indignarnos máis co agravio centralista.

En todo caso, isto o que reflicte, señores do Partido Popular, é que a base de mandar cartas e notas de prensa pois non se goberna un país. É unha pena que tampouco empregaran eses dez deputados que teñen do Partido Popular en Madrid para demandar estas cuestións. Eu confío en que teñamos máis forza a partir do 23 de xullo e poidamos condicionar a política estatal para corrixir estes e outros agravios. Desde logo, máis empeño que o señor Feijóo imos poñer, iso asegúrolo, un pouco máis de empeño e de capacidade de traballo imos poñer. (*Aplausos.*)

En todo caso, a terceira gran cuestión que delata esta iniciativa, que é unha versión moi sintética doutras que temos debatido nesta cámara e que tiveron, ademais, moitas delas apoio unánime pese ao discurso agravado que vostede entoou, eu creo que obedece máis ben a unha estratexia: a estratexia do disimulo. Entón, vostedes intentan disimular que a cuestión dos fondos europeos, se non se activan proxectos, é única e exclusivamente culpa do Goberno central, e agora intentan buscar tamén desculpas na vía da planificación enerxética.

Pero é que, claro, o problema de fondo é a falta de capacidade para o impulso industrial deste país que teñen vostedes, que levan gobernando —recórdollelo— catorce anos, basicamente,



que non é que chegaran onte á Xunta de Galiza. Xa pasaron por varios ciclos económicos, varias oportunidades de impulsar a industria, e o resultado é demoledor, absolutamente demoledor. E sempre acusan aquí o BNG de mentir nos datos industriais.

Entón, eu vou volver falar hoxe aquí do informe do Consello Económico e Social, que xa saíu ao longo desta tarde. Pero é que miren, vén de saír este informe, a memoria socioeconómica de 2022, e é que realmente non hai por onde coller a súa política industrial.

Eu voules dar datos, que imaxino que non se atreverán a negar a fiabilidade do Consello Económico e Social e do seu exconselleiro.

Dato número un: a evolución do sector industrial caracterízase por unha perda de emprego no período comprendido entre os anos 2008 e 2022 de 40.000 empregos. ¿Que dicía vostede que abandonou quen a quen neste país? Abandonaron vostedes, (*Aplausos.*) abandonaron vostedes o emprego e a industria deste país, porque se dedicaron a desregularizar absolutamente todo. E, joh, sorpresa!, iso non funcionou. «O sector industrial no seu conxunto e a industria manufacturera en particular» —leo literalmente— «presenta ao longo dos últimos anos unha perda do seu peso relativo. Segundo os datos da Comisión Europea, nos últimos anos Galiza perde posicións tanto no conxunto da Unión Europea como respecto do resto das comunidades autónomas, malia a menor incidencia da covid-19. Por iso» —resumo— «desde o CES manifestamos a nosa preocupación por esta tendencia negativa e instamos a tomar medidas que viren a mesma».

Claro, así péchase o círculo. Por iso vostedes non queren que o Consello Económico e Social deste país teña ningún papel, ningún papel na xestión dos fondos europeos e ningún papel en a que dedicar eses recursos económicos, porque lle levarían a contraria á política económica que estiveron aplicando vostedes na última década. Esa é a explicación.

Máis cuestións, máis datos. Índice sintético de competitividade rexional, elaborado pola Comisión Europea, etc. Galiza perde posicións: do 143 no ano 2016 ao 149 no 2022, ao contrario do que ocorre, por exemplo, no norte de Portugal.

Despois, outro dos meus *hits* favoritos, porque, claro, tantos anos debatendo orzamentos nesta cámara e tendo que escoitar o negacionismo de que vostedes non apostan pola I+D+i, pois menos mal que vén o CES e vén recoñecer que tanto no gasto total en I+D como no rexistro de patentes a situación de Galiza é moi precaria, o que a sitúa non só en mala posición relativa con respecto á Unión Europea, senón tamén con respecto á eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. Así unha cuestión tras outra.

O CES, por exemplo, di: quero chamar a atención sobre a oportunidade que supoñen os fondos europeos e a importancia de xestionalos con axilidade e eficacia. Esta é unha forma elegante de dicir, basicamente, se poñemos ao lado o informe do Consello de Contas, que tamén acabamos de coñecer hai un par de meses, que pois sumamos dous máis dous, son catro; é dicir, que non están xestionando de forma áxil nin de forma eficaz.

E tampouco dunha forma que afonde ou aposte pola igualdade social, porque nós sempre insistimos en que o debate dos fondos europeos e o debate do modelo económico e modelo



industrial tamén temos que trasladalo a que iso teña unhas repercusións nunha Galiza máis igualitaria, e o que nos di o CES é que van en dirección contraria. Din: o crecemento da economía debe traducirse nunha repartición de riqueza dun xeito máis equilibrado dentro da distribución de rendas. Malia medrar o 3,6 por cento a remuneración dos asalariados, a súa participación na renda cae no último ano máis de dous puntos. A distribución primaria da renda amosa unha medra das desigualdades en Galiza —repito: amosa unha medra das desigualdades en Galiza—, polo que desde o CES din: demandamos unha política económica máis inclusiva, que permita trasladar o crecemento económico a un maior equilibrio no crecemento da renda.

Así, unha cuestión tras outra, desde a fuga de talento á preocupación pola evolución do sector industrial no seu conxunto, industria manufactureira en particular, etc., etc.

Polo tanto, desde logo, non compramos o seu relato autocompracente nin a coartada que, novamente, volve sustentar esta iniciativa.

Non nos imos opoñer —xa o temos feito noutras ocasións— a pedir a demanda de que Red Eléctrica adapte a súa planificación acorde ás nosas necesidades, aínda que non concordamos con moitos dos obxectivos que ten a política enerxética nin do Partido Popular nin do Goberno central, nin como se están facendo as cousas.

E engadimos, polo tanto, pois unha emenda para reclamar máis capacidade de cesión para a planificación enerxética, pero tamén que se respecte a biodiversidade, que se garanta a seguridade xurídica e que se corrixan, en resumidas contas, todos os erros que seguen cometendo e que seguen empecinados en seguir cometendo, hipotecando este país con esa nova lei que xa están vostedes en ciernes de remitir ao Parlamento galego.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señores e señoras deputadas.

Señor Rodríguez Pérez, vostedes traen unha e outra vez iniciativas similares, a verdade é que con toda intención: simplemente a de confrontar co Goberno do Estado, encabezado polo presidente Pedro Sánchez, e os socialistas voltaremos votar, unha e outra vez, a favor de todas as iniciativas que poidan beneficiar os galegos e as galegas, recoñecendo a ineficacia deste Goberno galego.



Pero os socialistas non só votamos a favor neste Parlamento galego, senón que, cando é preciso apoiar medidas ou recursos para Galicia, o Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, sempre ten dado as respostas necesarias, ás veces é verdade que non coa rapidez que tamén a nós nos gustaría. Pero o que é innegable é que para Galicia o Goberno de Pedro Sánchez ten sido o mellor goberno. E, como volverá gañar Pedro Sánchez, Galicia seguirá tendo o nivel de recursos máis altos da nosa historia democrática. *(Aplausos.)*

Señor Rodríguez, durante estes tres anos, nos que as circunstancias nos puxeron no peor das situacións imaxinables, temendo polas nosas vidas e polo noso futuro, situacións nas que arrimar o ombro, colaborar para buscar as mellores solucións, deberan ser a actitude da política responsable. ¿Onde estivo o Partido Popular? ¿Onde estivo ese señor Feijóo que pretende chegar á presidencia do Goberno? Pois confrontando cada día, poñendo en dúbida a solvencia das nosas institucións, e co Partido Popular votando en contra de todas e cada unha das medidas aprobadas polo Goberno de Pedro Sánchez para axudar as familias e os sectores produtivos a afrontar, primeiro, a pandemia e, despois, as consecuencias da invasión de Ucraína por Rusia só dous anos máis tarde.

E mire, señor Rodríguez, conteste na súa segunda quenda: ¿que ten feito o senador Feijóo, que foi presidente desta comunidade durante trece anos, por Galicia nese ano que está en Madrid? Díganos. *(Aplausos.)* Parécenos moi interesante que vostede na súa quenda nos conteste.

E, aínda así, señores e señoras do Partido Popular, vostedes pretenden instilar á cidadanía dúbidas sobre as respostas dadas polo Goberno do Estado. Gustaríame que me conteste: ¿quen ten feito máis? E, se quere, nalgún momento facemos un balance, e seguro que o Goberno de Pedro Sánchez demostrará que ten feito moito máis polos galegos e polas galegas que o que ten feito este Goberno galego.

Pois mire, señor Rodríguez, coa invasión de Ucraína por parte de Rusia, a política enerxética pasou a ser un tema central dentro da Unión Europea, poñendo de manifesto a vulnerabilidade que supón a dependencia enerxética exterior e sabendo que a subministración enerxía é fundamental para o desenvolvemento da vida da cidadanía e do sector empresarial, obrigando os estados membros a adoptar unha serie de medidas que nos permitiran incrementar o máis axiña posible a subministración de enerxías limpas coa menor dependencia do exterior e tendo como principios reitores a sostibilidade ambiental, a seguridade de subministración e a eficiencia económica.

Pois, ante esta realidade, o Goberno de Pedro Sánchez adoptou unha serie de medidas dentro da política enerxética: baixar o prezo do gas, da electricidade e dos carburantes. E ¿onde estivo o Partido Popular? Votando en contra.

O tope ao prezo do gas, ese que nos permitiu rebaixar a factura eléctrica á cuarta parte, e que ademais despois foi adoptado por Europa. ¿E onde estivo o Partido Popular? Votando en contra.

O Goberno de Pedro Sánchez estivo apoiando os sectores e empresas máis afectadas e os colectivos máis vulnerables. E ¿onde estivo novamente o Partido Popular? Votando en contra.



O Goberno de Pedro Sánchez aprobou a Lei do cambio climático. E ¿onde estivo o Partido Popular ? Votando en contra.

Tamén estivo acelerando o despregamento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, en particular esa Axenda de transición enerxética, para acadar canto antes a autonomía enerxética. E ¿onde estivo novamente o Partido Popular? Votando en contra, mentres que o Goberno do Estado garantía a subministración, protexía a estabilidade financeira, impulsaba a eficiencia enerxética e reforzaba a ciberseguridade,

Pois ben, neste contexto, a planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica 2021-2026 maniféstase como unha ferramenta fundamental para poder materializar o Plan nacional integrado de enerxía e clima, de acordo cos compromisos de descarbonización, eficiencia e interconexión; unha rede de transporte que ten por obxecto permitir a integración do 68 por cento da nova xeración renovable, eliminar as limitacións estruturais da rede e cubrir as necesidades de interconexión internacional e conexión de territorios non peninsulares, ao tempo que se mantén e mellora a seguridade de subministración do sistema eléctrico español.

Pois para a elaboración do dito plan establecéronse dende o ministerio varias fases, posto que se trata dun proceso regulado e aberto e participativo por parte da sociedade. E no Consello de Ministros do pasado 27 de xuño aprobouse remitir a Bruxelas a actualización do borrador do Plan nacional integrado de enerxía e clima 2023-2030. E nas conclusións deste borrador estímase os beneficios da implementación deste plan en España, en termos macroeconómicos e de saúde pública, podendo concluír que se estima un investimento acumulado de 294.000 millóns de euros ata 2030, que se incrementará o PIB nun 2,5 por cento ata 2030 respecto do escenario tendencial, cun importante crecemento na creación de emprego, con impactos sociais beneficiosos para todos os fogares, pero relativamente máis para aqueles fogares con menor renda, e con impactos positivos sobre a saúde, coa redución de emisións de contaminantes atmosféricos e cunha redución de mortes prematuras nun 49 por cento en 2030.

Pois ben, señor Rodríguez, pode aproveitar a súa segunda quenda para explicarnos que ten feito a Xunta de Galicia para incluír nesta actualización do borrador, e tamén podería explicarnos cales foron os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia con cada unha das empresas ás que vostedes fan referencia nesta iniciativa, ás que facía referencia o señor Rueda, e que os galegos e as galegas aínda a día de hoxe non coñecemos. Queremos saber cales son eses compromisos. Seguramente que vostede na súa segunda quenda nos vai dicir cales son.

E mire, señor Rodríguez, vista a súa intervención, vou tirar tamén do informe que tamén fixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego e recordar eses datos que acaba de publicar o CES, ese órgano consultivo da Xunta de Galicia creado para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e dos representantes da sociedade civil no proceso de toma de decisións.

Tamén é verdade que vostedes o teñen pouco en conta, aínda que forma parte da Xunta de Galicia, posto que nos proxectos de lei que presenta este Goberno galego maioritariamente ignora e xustifica a non presentación do informe preceptivo deste CES.



Pois ben, este CES aprobou por unanimidade —hai uns días, hai tres días— esa memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2022, o que proba e corrobora o que dicimos aquí os socialistas unha e outra vez: esa inexistencia de política industrial da Xunta de Galicia durante os catorce anos que leva gobernando o Partido Popular, primeiro con Feijóo e agora con Rueda, que, en vez de traballar, decidiu confrontar e que lle dá, claro, menos traballo confrontar para esconder esa ineficacia como Goberno.

E esa memoria contén oitenta e seis consideracións, pero voume centrar en tres.

A primeira, o sector industrial galego perdeu 40.000 empregos dende 2008, é dicir, dende que goberna o Partido Popular en Galicia, situando o seu peso en relación co PIB da Comunidade no 15,6 por cento. Supoño que o Goberno galego nisto nada tivo que ver, supoño que será culpa de Pedro Sánchez. E tamén os insta o CES a adoptar medidas que favorezan o fortalecemento do sector industrial, que impulsen a competitividade e que favorezan a transición ecolóxica e dixital.

O CES tamén pon de manifesto que Galicia perde posicións no índice sintético de competitividade rexional que elabora a Comisión Europea, pasando do posto 143 en 2016 ao 149 en 2022, mentres que o norte de Portugal escala 29 postos. Supoño que tampouco as políticas do Goberno galego nada terán que ver.

E tamén pon de manifesto que o gasto en I+D e rexistro de patentes en Galicia se atopa —e dío literalmente— nunha situación moi precaria, e insta a incrementar os fondos para investigación e desenvolvemento e a incentivar proxectos de innovación; unha cuestión que temos traído socialistas unha e outra vez, e o Partido Popular vota en contra.

E, por último, vou facer tamén outro apuntamento ao que di o CES. Un ano máis continúa o retroceso no balance enerxético, cunha forte redución de enerxía xerada en Galicia, avanzando posicións...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO:nas enerxías non renovables —remato xa, señora presidenta—, cun aumento do 15 por cento, en contraposición co descenso do 31,8 por cento das enerxías renovables.

Polo tanto, señor Rodríguez e señores e señoras do Partido Popular, os socialistas, unha vez máis, votaremos a favor daquilo que poida ser beneficioso para os galegos e para as galegas, pero recórdelle ao Goberno galego que faga os seus deberes, que traballe no canto de confrontar e que busque acordos co Goberno do Estado antes de estar continuamente confrontando, que seguramente así nos irá mellor e os resultados dos índices...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...industriais na nosa comunidade mellorarán substancialmente.



Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Pecha o autor da proposición non de lei. Ten novamente a palabra don Moisés Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Señora Rodríguez Rumbo, o balance podémolo facer o día 24, cítoa a vostede e o 24 facemos balance, que o farán todos os españois e as españolas; xa veremos o que acontece. (Aplausos.)

Mire, pregúntelles aos de Alcoa que fixo o señor Pedro Sánchez por eles, pregúntelle. (A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.) Non, ¡buf! non, pregúntelle.

Non hai máis cego que o que non quere ver, o de votedes é para nota, é importante que vaian votar a favor da iniciativa, pero é de nota. Teño que recoñecerlle o mérito para vir a esta tribuna despois de todo o que levamos falado, despois de todo o que debatemos. Onte botaban en Tele5 *Titanic*, a min vostedes lémbbranme aos violinistas do *Titanic*, están tocando a pesar de que o país vai como vai. Pero, afortunadamente, isto vai cambiar. (Murmurios.)

Señorías, estivemos en Red Eléctrica Española membros da Comisión 6ª deste parlamento, daquela membros de En Marea incluídos, o BNG creo que non foi —era en Madrid—. Estivo aquí no Parlamento Red Eléctrica Española, eu creo que vostede estaba, señora Rodríguez Rumbo. Os representantes de Red Eléctrica Española dixéronnos ben claro cales eran as súas prioridades, e Galicia non estaba dentro das súas prioridades.

E vostedes, erre que erre, son incapaces de poñerlle deberes ao Goberno de España, teñen medo a defender os intereses de Galicia. Non pasa nada. Incluso cando se trata de pedir ao Goberno de España algo que vostede sabe, señora Rodríguez Rumbo, que é 100 por cen da súa competencia, vostede vén aquí falarnos da Xunta de Galicia. Na nosa iniciativa fala de competencia estatal, vostedes veñen aquí (Murmurios.) falar da Xunta. Señorías, a realidade é teimuda. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Se nos deixan, porque vostedes teñen a pel moi sensible cando están aí, pero ¡cuidadito!...

A realidade é que a Xunta fixo o seus deberes. Revisen as cifras. Os datos da enquisa dos consumos enerxéticos poñen de manifesto unha realidade: Galicia ocupa o quinto lugar e a electricidade representa o 70,6 por cento do seu consumo, 8,2 puntos máis que a media nacional, señora Rodríguez Rumbo.

Vostede isto si que o sabe, pero é máis importante defender o indefendible, defender o soldado Sánchez. Isto a pesar de que só quedan dezanove días para derrogar o sanchismo, que é un lastre para a economía dos galegos e galegas e para a nosa industria. Saian á rúa, preguntun, xa veremos o que pasa o 23 de xullo, día *fresquito* en toda España. A pesar de vostedes, en breve iniciárase un novo ciclo de avances e reformas ambiciosas, que sitúen de novo España no lugar que se merece.



É o momento de dicir a verdade... (*Murmurios.*) —por favor, escoiten, escoiten, como di Santalices, hai que escoitar, hai que encaixar—, de facilitar en lugar de impedir, de axudar en lugar de dificultar e de simplificar en lugar de complicar.

Señorías, o Goberno de Pedro Sánchez, o presidente, esquecese de novo de Galicia á hora de deseñar a rede de transporte desta tecnoloxía renovable, que está chamada a ser unha fonte enerxética básica no futuro, especialmente no eido da mobilidade.

Repito: a Xunta de Galicia cumpriu o compromiso adquirido polo presidente Rueda. É prioritario que o Goberno modifique a actual planificación eléctrica no período 2021-2026, proxectos como os que citei con anterioridade.

Señorías, esperemos que o teñan en conta á hora de votar. Se votan a favor, estarán ao lado das demandas da industria dos galegos e das galegas. Con slogans baleiros non se defende Galicia, senón con feitos, como está a facer a Xunta de Galicia.

Con respecto á emenda do BNG, non a podemos admitir, porque Galicia xa está a impulsar un desenvolvemento das enerxías renovables de acordo coa Axenda enerxética Galicia 2030, polo que ningún proxecto sae adiante se non cumpre con todos os preceptos que garantan a súa solvencia ambiental.

A maiores, sinalar que Galicia quere marcar o paso no aproveitamento dos recursos naturais, razón pola que seguimos traballando nunha norma de consenso, a futura Lei de recursos naturais, para impulsar unha transición...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: ...xusta, cara a unha economía de cero emisións netas e maximizar os beneficios para a cidadanía galega e na creación dunha sociedade mixta con outros axentes públicos e privados para promover eses futuros proxectos.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión e será reanudada mañá ás dez da mañá.


Suspéndese a sesión ás sete e trinta e dous minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Otero Lago, Noelia	(S)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pardo López, Adrián	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pérez López, Daniel	(BNG)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pérez López, Noelia	(P)
9. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	47. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
11. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	49. Porro Martínez, María Corina	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
13. Candia López, María Elena	(P)	51. Prado del Río, Paula	(P)
14. Carballo Páez, Ramón	(P)	52. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
15. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	53. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
16. Castro García, Daniel	(BNG)	54. Puy Fraga, Pedro	(P)
17. Castro Rey, Paloma	(S)	55. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
18. Conde López, Francisco José	(P)	56. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez Conde, Ángel	(P)
23. Fernández Davila, María Cristina	(BNG)	61. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
24. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	62. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
26. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	64. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
28. García Vidal, Ana Belén	(P)	66. Salido Maroño, María Belén	(P)
29. Gómez Salgado, Carlos	(P)	67. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Santos Costa, Manuel	(P)
31. López Abella, María Susana	(P)	69. Sanz Arias, Cristina	(P)
32. López Sánchez, Rosalía	(P)	70. Seco García, Martín	(S)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
34. Lourenzo Moura, Diego	(BNG)	72. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
35. Mouzo Mas, Paula	(P)	73. Torrado Quintela, Julio	(S)
36. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	74. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
37. Ojea Arias, Eduardo	(S)	75. Vereja Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

